

vilalba

Volve a Feira do Indiano o día 17 deste mes á parroquia de Santaballa. **Pax. 5**

as pontes

O Pleno aproba investimentos por máis de 4,6 millóns de euros. **Pax. 9**

guitiriz

Abre o prazo para matricularse nas Escolas Deportivas municipais. **Pax. 21**

rábade

Abrirán unha rúa peonil xunto ao cine Man co apoio da Deputación. **Pax. 22**

riotorto

Entrevista ao alcalde, Clemente Iglesias, que fala dos proxectos máis destacados. **Pax. 24**

O gando e o torneado, protagonistas do mes



friol. A Feira do gando vacún celebrarse o día 24 no mercado municipal.

xermade. O Encontro Internacional de Torneiros da Madeira será do 16 ao 18.

muras. O día 25 volve a popular Feira do Poldro e do Gando do Monte na Gañidoira.

O Concello de Vilalba redeseña a cidade

Presenta un proxecto de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais para o centro da vila. **Pax. 2**

Rematan as actividades da Deputación

Saborea a túa provincia e Actívate percorreron todas as comarcas con gran éxito. **Pax. 31**

I Festa do Motor



Un grupo de veciños de Abadín convoca esta actividade para o 8 de outubro. **Pax. 19**

San Martiño de Pino



A Asociación de San Martiño organiza un amplo abano de actividades. **Pax. 30**

Dobre sesión BTT



Castro de Rei e As Pontes acollen rutas BTT en setembro. **Pax. 34**

A paixón pola billarda e o xogo de equipo

Oito clubs da metade norte da península compiten nun deporte tradicional. **Pax. 36**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Combátea a tempo

A miopía é o inimigo dos seus soños

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba.
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333 • Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

Abre a inscrición nas escolas deportivas

Xa se abriu en Vilalba o procedemento de inscrición ás escolas deportivas municipais para este curso 2022-2023, que comezou o luns 5 de setembro. Os horarios das actividades xa foran previamente adiantados, co obxectivo de que as familias tivesen tempo de organizar o vindeiro curso.

O prazo pecharase o mércores 14 deste mesmo mes na primeira volta. A inscrición ás actividades pode tramitarse en liña, na sede electrónica ou en Sporttia. Tamén se poderá tramitar presencialmente no rexistro do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Recórdase que este ano se ofertará por primeira vez a actividade

de de rugby, ampliando así os deportes propostos. Ademais, a oferta para o próximo curso incluírá actividades rítmicas, ioga, baloncesto, fútbol, fútbol sala, judo, loita olímpica, tenis, tenis de mesa, triatlón ou ximnasia rítmica. Tamén haberá grupos de pilates, patinaxe, baile e iniciación deportiva.

Propóñense grupos para toda a rapazada, dende os 3 anos de idade, con diferentes quendas en función do ano de nacemento. Ademais, como novidade respecto dos horarios anunciados, este ano ofrecerase a actividade de ximnasia de mantemento para maiores, dirixida a persoas nadas en 1972 ou antes.

Remata o mural de Rosalía de Castro na contorna do Parador

O grafito e deseñador Pablo Lage Van Kraft rematou o mural homenaxe a Rosalía de Castro. Trátase dun proxecto artístico promovido polo Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación, que plasma a figura da poeta na fachada lateral dun edificio situado na encrucillada entre a rúa Conde Pallares e o acceso ao xardín do Parador.

O deseño, titulado A fiestra de Rosalía, responde a unha mestura de técnicas e representacións tradicionais e modernas de Rosalía de Castro.



O Concello presenta o seu plan de infraestruturas para o casco urbano

O Concello de Vilalba ten listo un innovador proxecto de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais coa inclusión de conxuntos arbóreos e zonas verdes en varias rúas do casco urbano, facilitando ademais a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.

O Concello solicitou para acometer a actuación unha subvención de 500.000 euros ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Esta achega permitiría afrontar o 100% do investimento necesario na actuación.

Para a realización do proxecto e a solicitude da subvención, foi fundamental que o Concello tivese un Plan de Mobilidade e forme parte do Paces (Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible).

En concreto, a actuación acometeríase na rúa de Galicia e a súa continuación na rúa Cidade de Lugo; avenida Terra Chá; rúa da Feira; rúa Campo da Ponte; rúa Muras e a súa continuación coa avenida de Cospeito; rúa Castelao e Camiño Campo Redondo, ata o cruzamento co camiño das Rodas.

Trátase dun proxecto innovador, dotando de arboredo, espazos permeables e zonas de descanso e calidade ambiental aos veciños de Vilalba. Paralelamente, a actuación melloraría a infiltración de pluviais; a resiliencia fronte ao cambio climático; as capacidades de captación de carbono; a xestión das augas pluviais, e o conxunto da calidade urbana de Vilalba.

No caso de realizarse a actuación, a xestión das novas plantacións



xerará postos de traballo e un know-how dixital e específico de gran potencial, en especial pola incorporación de Sistemas de Drenaxe Urbano Sostible (SUDs) e as técnicas GIS para o inventariado e xestión das novas zonas instaladas. Por outra parte, o cambio na xestión das augas pluviais reduciría a necesidade de xestión e tratamento, co consecuente aforro económico.

“O proxecto aumenta a comodidade dos peóns e dos usuarios dos aparcadoiros; as zonas verdes, ademais da colocación de arboredo que permite áreas de sombra e a redución da contaminación, incorporan unha zona de estar que mellora a accesibilidade das beirarrúas, permitindo o descanso das persoas con mobilidade reducida e a convivencia entre os habitantes”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba.

Establecéronse varios tipos de zonas segundo a situación actual das redes de instalación, xa sexa coa in-

corporación do arboredo enrasado coa beirarrúa actual; zonas nas que a existencia do paso de máis dunha rede restrinxe a incorporación de parterres enrasados, e zonas nas que haberá parterres elevados, que permiten árbores en altura.

O proxecto afecta a un ámbito dun total de 87.000 m2 de viario urbano, nos que se dispoñerán un total de 118 conxuntos arbóreos.

REHABILITACIÓN. Por outra banda, continúan a rehabilitación de dous edificios no casco histórico que se destinarán a vivendas de promoción pública. Os traballos na vivenda situada no número 14 da rúa Concepción Arenal están máis avanzados, e a previsión é rematalos a finais deste mesmo ano. No que respecta ao edificio do número 6 da rúa Ferrería, de maior tamaño, estará listo a principios do vindeiro ano.

As obras do edificio da rúa Ferrería inclúen a demolición conservando só a fábrica estrutural en bo estado e renovando os demais elementos.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN

ANOVA



**RYS
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

O Concello mellorará estradas en seis parroquias do rural

O Concello realizará traballos de mantemento e mellora en varias vías de titularidade municipal en seis parroquias do rural do municipio. As obras dan así resposta a unha demanda veciñal, que trasladaran os pedáneos das distintas parroquias. Dunha banda, melloraranse os accesos a parcelas agrícolas nas parroquias de Nete, Insua e A Torre. Concretamente, trátase da vía de acceso ao Caxigal dende a estrada a LU-541, en Nete, e do vial que dá acceso a Marcelle dende a estrada provincial LU-P-6506, atravesando Insua e A Torre.

Doutra banda, tamén se acometerán melloras nas vías das parroquias de Corvelle, Alba e Codesido. Neste caso os traballos realizaranse nos accesos ó Foxo dende o núcleo de Sar, en Corvelle; na vía de acceso á Louseira, en Alba; e no acceso a Re-

bordelo, en Codesido.

Para estas obras de mellora, proponse realizar nestas vías a limpeza de noiros, a rexeneración da capa de rodadura e colocar a sinalización que corresponda. Os proxectos están actualmente en fase de licitación, polo que as empresas interesadas teñen de prazo ata o 7 de setembro para presentar ofertas.

Estes viais soportan un importante fluxo de tráfico rodado, tanto por parte da cidadanía como dos traballos relacionados coas explotacións agrícolas. Ademais, estas vías supoñen nalgúns casos un elemento vertebrador da comunicación entre os distintos barrios que atravesan.

As obras implican un investimento de 158.737 euros que permitirán realizar o mantemento de 8 quilómetros de vía.

Alumeado novo en Sanxurxo



Comezaron as obras de renovación e mellora do alumeado na parroquia de Sanxurxo, no barrio de Campelas. Os traballos consisten na instalación dun novo alumeado con menor consumo enerxético e un importante aforro económico. As obras permitirán a renovación dun total de 66 luminarias, cun orzamento de 78.243 euros, dos que o Concello de Vilalba aporta 15.000 euros xa que o resto do importe o

subvenciona o IDAE.

As novas luminarias, con tecnoloxía LED, permitirán un aforro dun 68% do consumo, aproximadamente.

Os traballos permitirán renovar o cadro eléctrico, ademais de colocar luminarias de última xeración cuxa instalación é moi novidosa no medio rural. Por último, estas luminarias permitirán acadar a calificación enerxética A, a mellor distinción deste tipo.

Abre a mostra 'Tal como eramos'

O Instituto de Estudos Chairegos Pena do Encanto (lescha) abriu na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal, a mostra fotográfica baixo a denominación xenérica *Tal como eramos*. Fotos para o recordo, que chega á súa XI edición. Esta mostra está integrada pola reprodución de 208 fotografías procedentes da fototeca do lescha, e é posible grazas ás aportacións de moitos veciños e veciñas de Vilalba e comarca.

As fotos que compoñen a Exposición, repartidas en 26 paneis (cunha nova presentación tanto no deseño como no soporte), son de temática variada (deportes, celebracións, feiras e festas, música, nenas e nenos, grupos, oficios e actividades, paisaxes e recantos, paseos, etc.) e a maioría delas corresponden á primeira metade do pasado século XX. Poderá ser contemplada ata o 14 de outubro de 2022.

Abre a exposición sobre os 50 anos da Casa de Rosalía

A exposición *A Casa de Galicia. 50 anos da Casa de Rosalía* abriu na praza da Constitución ata o 18 de setembro, cando continuará a súa itinerancia por Chantada e Beceerreá.

Esta mostra repasa a historia da Casa-Museo de Rosalía e lembra o fito que supuxo conseguir mercar, restaurar e musealizar esta Casa en pleno franquismo grazas á colaboración de milleiros de persoas.

A mostra está comisariada por Pepe Barro, tamén autor da museoloxía da Casa-Museo.

Esta exposición fai un repaso pola historia desta Casa-Museo que se abriu ao público o 15 de xullo de 1971, en pleno franquismo.

Supervisan as obras na EDAR

Deron comezo os traballos de Mellora do Saneamento e EDAR de Vilalba, adxudicados pola CHMS á empresa Espiña e Delfin SL por importe de 1.471.934 euros.

O presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, e a alcaldesa da localidade, Elba Veleiro acudiron á zona para supervisar a boa marcha dos traballos cuxa finalización está prevista para finais do mes de xullo do próximo ano.

O obxectivo das obras é limitar tanto o número como o volume de verteduras sen tratamento adecuado ao río Madalena, para a consecución deste obxectivo proxectáronse basicamente dúas actuacións:

Por unha parte a ampliación do pretratamiento da EDAR mediante a instalación dúas novas unidades



de pretratamiento compactas con funcións de desbaste, desarenado e desengraxado que case duplican a capacidade actual.

A obra acción é a construción dun tanque de tormentas para a laminación e regulación de caudais en tempo de choiva, antes da súa en-

trada na depuradora. O novo tanque dispoñerá dunha capacidade 1000 m3 para reter as primeiras augas de choiva, máis contaminadas, e envialas posteriormente á EDAR para o seu tratamento; evitando as verteduras que se producen a día de hoxe.

O servizo de Madrugadores aínda ten prazas libres

Deu comezo o día 8 o servizo de madrugadores coincidindo co primeiro día do curso escolar. O servizo diríxese ao alumnado de educación Infantil e Primaria dos centros de ensino. Ademais, aínda quedan prazas dispoñibles, polo que a matrícula continuará aberta. O servizo de madrugadores realízase no CEIP Antonio Insua Bermúdez, no CEIP Manuel Mato Vizoso e na Escola de Educación Infantil de Vilalba. En total, ofértanse 60 prazas, repartidas en grupos de 20 nenos e nenas en cada centro educativo.

As familias interesadas poden inscribirse escollendo entre 1 día e 5 á semana. O custe do servizo de luns a venres é de 40 euros ao mes.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Vilalba Aberta levará a Pleno o arranxo de 9 pistas rurais

Logo de acadar un acordo co Goberno por valor de 900.000 euros para a mellora da rede viaria en 21 parroquias, a Vilalba Aberta anunciou que levará a Pleno unha nova proposta de incorporación de crédito en beneficio daquelas que quedaron fóra. Deste xeito, proporase a incorporación á anualidade 2022 dun fondo total estimado de 250.000€ co obxectivo de dotar de crédito á execución de diversos proxectos de obra en diferentes vías e accesos de titularidade municipal nas parroquias de Oleiros, Vilapedre, Noche, Belesar, Mourence e Boizán.

Tal e como explicou o seu voceiro municipal, Modesto Renda, a iniciativa parte do "firme compromiso" da formación cos veciños daquelas parroquias que quedaron fóra do acordo entre VA e o goberno, así como cos de outras que, como é o caso de Vilapedre, "non contaron co investimento que o estado da súa rede viaria esixía".

TRANSPORTE ESCOLAR. Por outra banda, Vilalba Aberta vén de rexis-

trar unha proposta coa que pretende facer súas as demandas das familias do rural vilalbés, en relación co necesario incremento da dotación de paradas do servizo de transporte escolar para as parroquias.

Unha moción, que tal e como explicou a súa vicevoceira municipal, M^{ra} Xosé Fernández, ten por obxectivo último o de "acadar o consenso da corporación", a fin de que o Concello inste á Xunta de Galicia a reforzar un servizo público que dende Vilalba Aberta cualifican de "dobremente fundamental para o rural." Para VA, é responsabilidade das administracións analizar e atender as peticións de novos puntos de instalación de marquesiñas, non en termos economicistas senón de servizo público. Modesto Renda tamén se reuniu coa xerencia da cárnica local Gourmet Otero co fin de trasladarlle o apoio e compromiso da súa formación "diante da situación de demora nos permisos de reconstrución", da que responsabilizou ao goberno de Vilalba.

Fomentan o emprendemento a través dun proxecto do Camiño

A secretaria xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Covadonga Toca, participou no percorrido da 8ª etapa do proxecto Galicia Camiño Emprendedor dirixido a impulsar o talento dos emprendedores galegos. O programa, que a Xunta de Galicia desenvolve en colaboración coa Fundación Ronsel, axuda ás persoas que queren iniciar un proxecto empresarial a través dun proceso de mentoring, todo elo tendo a realización de diferentes etapas do Camiño de Santiago como fio condutor.

Esta edición, bautizada co lema 12 etapas, 12 retos, conta coa participación dunhas 200 persoas entre emprendedores e mentores. A etapa do día de hoxe partía de Vilalba e chegou a Baamonde tras discurrir na xornada de onte entre as localidades de Abadín e Vilalba. En total, os asistentes recorreron 40 quiló-



metros do Camiño do Norte.

Todos os retos do programa deste ano están en consonancia con algún dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), co propósito de difundilos e convidar os participantes a integrar polo menos un deles nos seus obxectivos empresariais. Así, o percorrido desta 8ª etapa realizouse baixo o lema Ecodeseño como punto de partida na definición de modelos de negocio sos-

tible, escollendo dous retos ODS: cidades e comunidades sostibles e a produción e consumo responsables.

Toca sinalou a oportunidade para os participantes de mellorar as súas iniciativas empresariais e xerar novos contactos profesionais para avaliar o seu modelo de negocio e elaborar un novo plan de acción se fora preciso, sempre co apoio dun mentor ou mentora.

Representarase o 24 en Vilalba a ópera 'Las bodas de Fígaro'

A ópera *Las Bodas de Fígaro*, a cargo da Camerata Lírica de España, chega a Vilalba o próximo 24 de setembro no auditorio municipal. A peza, composta por W.A. Mozart, representarase ás 20.00 con Rodolfo Albergo a cargo da dirección artística e de escea. Esta representación supón unha oportunidade única de gozar desta ópera no propio Concello de Vilalba. Con esta proposta, o auditorio municipal varía a súa programación, cun espectáculo emblemático e de calidade.

As vodas de Fígaro é unha ópera bufa en catro actos, con música do

citado compositor austríaco e texto de Lorenzo dá Ponche. A historia ambientase en Sevilla no século XVIII, narrando de forma cómica os amores e desamores dos seus protagonistas, nun clima de enganados e enredos.

O xovial Fígaro enfrontarase ao seu amo, o Conde de Almaviva, quen quere posuír á súa amada Susana. A Condesa será a gran prexudicada da historia, consciente da actitude do seu marido.

As entradas, cun custe de 18 euros, están dispoñibles na web do auditorio.

O Camiño Escena Norte trae a Vilalba unha obra o día 8

Chega unha nova edición do Camiño Escena Norte, unha iniciativa de intercambio cultural entre as comunidades polas que discorre a ruta xacobea do Camiño do Norte, que este ano se expande a 38 sedes de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e, por primeira vez, Navarra, coa participación de 15 compañías de teatro, danza e novo circo.

O percorrido galego desta programación será desde o 10 de setembro ata o 9 de outubro e presentará oito espectáculos con parada en Vilalba, onde se representará *Mimesis*, de Zig Zag Danza (Asturias).



RECOLLIDA DE LIXO. O PP de Vilalba asegura que os veciños das parroquias están molestos, xa que se sinten abandonados polo Concello, en relación á recollida de basura. Critican "esta desconsideración polo rural" e invitan ao Concello "a realizar a recollida de basura no tempo necesario para evitar a acumulación da mesma".



IMPLANTOLOGÍA DENTAL

Posibilidade de la reposición de piezas dentales en el mismo día



CLÍNICA DENTAL
SAN PEDRO

ORTODONCIA | ODONTOPEDIATRÍA | ODONTOLÓGICA GENERAL

Dra. Carmen Castillo Elsitdié | Odontóloga (Colg. 608)

Rúa Círculo das Artes, 18 - Entlo. (Augas Férreas) Lugo

982 242 504 - 606 604 832

info@clinicadentalsanpedro.com

www.clinicadentalsanpedro.com



Terra Chá recibiu en cinco anos 126.682 euros para a loita contra a violencia de xénero

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, vén de anunciar que os concellos da Terra Chá recibiron este ano 28.275,54 euros dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, unha contía que nos últimos cinco anos ascende a un total de 126.682,42 euros. Os datos foron trasladados por Isabel Rodríguez nunha reunión celebrada en Vilalba coa alcaldesa deste municipio, Elba Valeiro, e coa xefa da unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno en Lugo, M^{re} Luisa Castro, que tivo a finalidade de presentar as axudas para o desenvolvemento do Pacto de Estado, así como os seus obxectivos. No encontro tamén avanzou que ao Concello de Vilalba lle foron trans-

feridos un total de 13.542,32 euros. Os 9 concellos da comarca que recibiron os fondos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero deberán dedicar estas partidas á realización de actuacións e execucións de programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero no marco das súas competencias. Así, poderán realizar campañas de sensibilización e prevención; reforzar os servizos municipais de atención e información ás vítimas de violencia contra a muller ou realizar actuacións encamiñadas á formación especializada continuada de profesionais do ámbito local en materia de igualdade entre mulleres e homes. Ademais, poderán reforzar os Corpos de Policía Local.

Volve a Feira do Indiano o día 17 deste mes á parroquia de Santaballa

A Liga Santaballese celebra un ano máis as Xornadas sobre Migracións Indianas, que acadan a súa duodécima edición na contorna da escola habaneira da parroquia xunto á tradicional Feira Indiano.

O seu tradicional programa festivo dará comezo ás 12.00 horas cun acto inaugural da exposición *O soño cubano da emigración galega*, cedida polo Consello da Cultura Galega, ao mesmo tempo que abren as xornadas. Seguirán cunha mesa redonda, moderada polo historiador Daniel Manuel Vázquez Vila co título *A migración de bote*. Ao finalizar será o tempo do concerto con pezas de música caribeña do Cuarteto Habana Café Son. Este ano recupérase o xantar, aberto a todo o público con reserva antes do día 15 de setembro no teléfono 652 790 220. O menú consistirá en empanada de bonito e bacallau, entremeses, xamón cocido, xarrete con guarnición, postre, bebidas, café e chupito, todo a un prezo de 20 euros, cos nenos de 7 a 12 anos á metade.



Ao longo de todo o día, como haberá xogos populares e diversas exposicións e postos de venda, con especial presenza de artesáns que tamén ofrecerán mostras in vivo do seu traballo.

Ás 16.00 horas retomarase as actuacións coa exhibición de bailes tradicionais cubanos a cargo de Edro Dance, actuacións e pasacalles con Javier Muro, Trío La Clave e David Villares.

Pecharán a programación unha queimada popular teatralizada con Manolo Rubiños Ferreiro, ás 20.30 horas e a foliada co Trío La Clave.

Ademais, os días 18 e 25 de setembro, ás 12.00 horas, haberá visitas guiadas á casa escola e á exposición, ademais de charlas e proxecións audiovisuais.

O lescha recupera as excursións cunha visita a Sargadelos

Despois do parón motivado pola pandemia, o lescha retoma a organización das rutas, programando para o domingo 18 de setembro de 2022 a VII Ruta Cultural á Fábrica de Sargadelos, para a que contarán coa presenza dunha guía.

A saída de Vilalba, dende a casa da Cultura, producirase ás 9:00 horas. Unha vez en Sargadelos, dará comezo a visita á fábrica durante toda a mañá. Rematada esta, realizarán unha pequena ruta a pé, polo camiño real, ata Cerro. Dende aí, xa en autobús, trasladaranse a Morás, para xantar.

Unha vez finalizado o xantar, haberá tempo para visitar aquela zona o cemiterio dos dolos e Os cantís de Papel, entre outras. Posteriormente, regresarán a Vilalba.

A cuota que haberá que pagar será de 20 euros por adulto (os menores acompañados, 5 €) que inclúe a comida, o autobús e a visita guiada. Os/as interesados/as poden apuntarse ata o mércores 14 de setembro ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do lescha, estudoschaires@gmail.com, ou ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva. (Algúns teléfonos: 686-451501/651-361628).

AC

Arias & Casabella S.L.
CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS

Tels.: 670 015 338 / 639 893 298
ariasycasabella@yahoo.es
www.ariasycasabella.com



**COMPRAMOS CHATARRA
GESTIÓN DE RESIDUOS
ALQUILER DE
CONTENEDORES**



Rematan as festas de San Ramón

As festas de Vilalba chegaron ao seu final tras dúas semanas de celebracións por todo o alto con actuacións para todas as idades. A música cobrou especial protagonismo este ano cos concertos de Tanxugueiras e Manu Chao como líderes do cartel, sen faltar tamén as sesións vermú e as verbenas coas orquestras máis destacadas do panorama musical.

Os vilabeses desfrutaron de cada momento, dende a xira ata o día das parroquias, que puxo o peche de ouro ás festividades e que este ano estivo dedicada a Nete.

Éxito tamén do Día da Bicicleta, das actividades deportivas e as actuacións e xogos para os máis pequenos. Na parte oficial, respetouse a tradición tamén coa entrega do premio do certame literario o mesmo día da lectura do pregón. Jesusa Camaño Giráldez coa súa obra *As feridas dun amor efémero como preámbulo desta morte soñada* foi a gañadora do XLVIII Certame Literario e recibiu o seu premio no acto de lectura do pregón. Jesusa Camaño é licenciada en filoloxía hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. A escritora traballou en distintos centros educativos como profesora de Lingua e Literatura Galegas.

Este ano o pregón correu a cargo de Benita Martínez García, matrona no centro de saúde do municipio.

Tamén, na intersección entre as rúas da Emigración e de Ribadeo, inaugurouse a escultura en memoria de Concepción Braña Rey, máis coñecida como Concha da Reina, primeira comadroua titulada da bisbarra e pilar esencial de vida para moitas familias de Vilalba.

O grupo Irmandades do Falo, cunha proposta cun toque humorístico, foi o gañador do I Concurso de Música Local celebrado na praza da Constitución vilalbesa trala actuación de nove agrupacións.



CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

Carne Ecolóxica con Certificación Craega

LA TOMEA
CARNICERÍA
Carne de ternera eco

CONSEJO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA CRAEGA

SUPERMERCADO Dia EN RÁBADE
Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355



MUEBLES
LA FÁBRICA SARRIA

**LIQUIDACIÓN
TOTAL**

TODO

20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%

Por traslado de instalaciones a Matías López 49. Sarria



“Gustaríanos resaltar o potencial da socioloxía para entender a realidade”

Entrevista aos membros de Atoupa, gañadores do Olympe Emprende

A vilabesa Ana M^o Pernas xunto ao seus compañeiros Carlota Vivero, Álex Rivas e Raúl Rey, membros da cooperativa social Atoupa, elaboraron o proxecto gañador na II edición do programa Olympe Emprende.

Quen forma o equipo da cooperativa Atoupa?

Atoupa conformámola catro sociólogas e sociólogos con formación en políticas sociais e intervención socio-comunitaria, somos Ana M^o Pernas, Carlota Vivero, Álex Rivas e Raúl Rey. Os catro contamos cunha formación similar polo que a nosa intención é que todos participemos nos proxectos que desenvolvamos dende a cooperativa, tendo presente, eso sí, as nosas áreas de especialización e os nosos lugares de residencia: Vilalba, Lánca, Lugo e A Coruña. Ana María, ademais de desempeñar as súas funcións como presidenta de Atoupa, ten experiencia como técnica de igualdade e está especializada en migracións internacionais, polo que será a encargada de coordinar proxectos relacionados con esta temática. Por outra banda, Carlota, Álex e Raúl están especializados en envellecemento e transformacións familiares, polo que traballarán máis esas áreas, aínda que tamén terán que desempeñar funcións internas; Carlota coordinará as accións comerciais e a planificación estratéxica xunto con Raúl, e Álex encargárase das tarefas de xestión.

A cooperativa Atoupa céntrase en proxectos liderados por mulleres. Por que decidiron escoller esta temática?

O programa Olympe Emprende aposta por proporcionar formación cara á incorporación da perspectiva de xénero na empresa. Dende o noso punto de vista o xénero é unha cuestión que debemos ter en conta de forma transversal na nosa actividade cooperativa, polo que é unha visión atractiva para nós. Tamén é moi interesante coñecer a outras mulleres que queren emprender e compartir con elas ideas e reflexións,

aínda que tamén medos e inseguridades.

Como e cando xurdiu a idea?

En realidade, a nosa idea de emprender xurdiu entre os corredores da facultade de Socioloxía da UDC mentres realizábamnos o grao. Máis foi ao rematar o mestrado, e ao afrontarnos á realidade laboral, cando baixamos á terra esa idea e decidimos encamiñarnos dentro do mundo do emprendemento, co desexo de labrarnos un futuro laboral en Galicia, pero tamén de colaborar -ca socioloxía como ferramenta- no afrontamento dos retos sociais que se lle presentan á nosa comunidade como o do envellecemento poboacional, o vaciamiento do rural ou a falta de oportunidades laborais para a mocidade.

Por que decidiron presentar o seu proxecto no Olympe Emprende?

A nosa andaina comezou o pasado verán da man da Rede Eusumo e da cooperativa Abeluria a través dun obradoiro de emprendemento e mentoring para desenvolver proxectos na economía social. Nese momento coñecemos a Ana Oliveira de Abeluria, a nosa mentora, quen nos falou deste programa que estaban a desenvolver e nos animou a participar nel pola posibilidade que nos daba de continuar traballando con acompañamento profesional no noso proxecto. Olympe Emprende permitiunos traballar competencias indispensables para poñer en marcha un proxecto de emprendemento, dende cuestións de comunicación ata a planificación económica.

En que se vai centrar a súa actividade a partir de agora?

A actividade de Atoupa terá por obxectivo principal xerar coñecemento sociolóxico que contribúa ao deseño e implementación de políticas transformadoras implicando ao conxunto da sociedade. Farémolo a través da elaboración de proxectos de investigación social, o deseño e avaliación de políticas sociais e o desenvolvemento de accións para a for-

mación e a divulgación do coñecemento. Máis en concreto, queremos centrarnos en seis liñas de acción de gran importancia para a realidade galega: o envellecemento poboacional e os dereitos sociais das persoas maiores, os fluxos migratorios e a promoción da interculturalidade, a busca da igualdade real e efectiva entre xéneros, o traballo de coidados e a súa posta en valor, a precariedade laboral e a dinamización do territorio.

Como teñen pensado entrar en contacto cos seus futuros clientes?

Agora mesmo estamos nese paso. Neste momento o que estamos a facer é poñernos en contacto con posibles clientes -concellos, universidades, asociacións, empresas...- vía correo electrónico ou de forma telefónica para poder concertar citas presenciais e dar a coñecer os nosos servizos. Tamén estamos a participar en diversos espazos de networking que está organizando a Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo.

Alguén do equipo xa conta con experiencia en proxectos similares?

Por unha banda, Álex traballou nunha consultora social da Coruña. Por outra, Ana participou en estudos sobre a migración feminina en España e traballou en investigacións participativas sobre o xénero e as migracións. Con todo, todos temos experiencia nalgún dos servizos que imos a desenvolver; por exemplo, Carlota e Raúl realizaron investigacións para a Deputación da Coruña e o Colexio de Enfermería de Lugo.

Cal é o aspecto máis innovador do proxecto? Por que deben elixirvos a vos fronte á competencia?

Cremos que Atoupa diferénciase doutras consultoras sociais debido a súa proximidade ao territorio lucense. Isto permítenos coñecer de primeira man a realidade social dos nosos clientes e usuarios. Outro aspecto salientable son as nosas áreas de acción, das cales destacan o envellecemento poboacional e as migracións. Dende o noso punto de vista,



ambos son retos de gran importancia que están a mudar as necesidades da sociedade galega e aos que temos que dar respostas. Tamén, resaltaríamos o paradigma teórico que nos guía, a teoría da interseccionalidade. Esta teoría está focalizada en indagar nas interseccións entre as diversas formas de discriminación social -por xénero, etnia, idade, etc.- que poden sufrir as persoas e que producen formas de discriminación específicas. Por exemplo, unha muller migrante que busca emprego non se atopa na mesma situación que unha non migrante ou que unha muller ou un home maiores de 50 anos, as formas de discriminación son distintas. Esta é unha perspectiva relativamente novidosa, especialmente no ámbito das políticas públicas, onde está a ser paulatinamente incorporado, se ben aínda de forma incipiente, pero que permite comprender con profundidade as problemáticas sociais.

Teño entendido que a cooperativa se constituirá en outono, fáltanos moitos detalles por ultimar?

A verdade é que non moitos. Agora estamos centrados en traballar na nosa páxina web e preparando toda a documentación para a súa constitución.

Cal sería o punto máis destacado?

Gustaríanos concluír resaltando o potencial da socioloxía como ferramenta valiosa para producir un coñecemento crítico co que entender mellor a realidade que nos rodea. As ciencias sociais non deben esquecer a integración da ética na súa práctica. Por iso, cremos que a socioloxía debe poñerse ao servizo do ben común, aportando enfoques e coñecementos que contribúan a tomar decisións políticas emancipadoras e a construír comunidades máis unidas. Co proxecto de Atoupa pretendemos, en definitiva, aportar o noso graño de area a esta tarefa.



Arranca unha campaña de compostaxe

A segunda quincena do mes de setembro porase en marcha un proxecto para a mellora do servizo de xestión dos residuos que se xeran nas vivendas do municipio.

Baixo o lema *As Pontes composta. A forma natural de reciclar*, o Concello das Pontes busca concienciar á poboación sobre importancia de xestionar os restos orgánicos para valorizar e obter un fertilizante natural de calidade.

Así o Concello ten previsto repartir 210 composteiros domésticos entre a veciñanza interesada, totalmente de balde, co obxectivo de xestionar os restos de comida xerados no noso fogar o convertelos en compost.

O goberno local recomenda que se depositen os restos orgánicos xerados nos fogares nos composteiros domésticos e que só depositen no colector verde a fracción resto. Deste xeito axudaremos a mellorar a xestión de residuos do Concello no seu conxunto.

Nunha primeira instancia vanse priorizar os núcleos de Chamoselo, Cal de Avelaíña e A Cuiña para o reparto dos composteiros, quedando aberto o reparto de composteiros ao público en xeral, tras or reparto nestas tres zonas.

A entrega do composteiro realizárase nas charlas informativas. A estas persoas faráselle tamén entrega dun manual de compostaxe e todas elas recibirán unha visita do persoal técnico encargado do proxecto co fin de analizar como evoluciona o proceso de compostaxe e resolver dúbidas.

As persoas interesadas no programa de compostaxe doméstica poden solicitalo no teléfono 667 129 340 ou enviando un correo electrónico a jose.alvarino@aspontes.org.

O Pleno aproba investimentos por máis de 4,6 millóns de euros

O pleno aprobou, por unanimidade investimentos por valor de 4.669,773.26 euros para poñer en marcha novos servizos e executar diferentes proxectos, actuacións que responden ás demandas realizadas desde o tecido asociativo da vila.

Entre os proxectos que se levarán a cabo atópanse, entre outros, a creación dun centro loxístico, cun investimento de 401.555 euros, a mellora da iluminación e o acondicionamento interior do Mercado Municipal, proxecto valorado en 48.279 euros así como o soterramento e canalización da liña eléctrica desta infraestructura municipal (30.250 euros).

Tamén se levará a cabo a reparación dos pavimentos na rúa Rosalía Castro, na Avenida de Ferrol así como na Avenida da Coruña, actuacións valoradas en 48.398.79 euros, executarase a mellora do viario e da accesibilidade na rúa Sergio Rivera Chao (42.350 euros), o aglomerado dos accesos ao cemiterio dos Alimpadoiros (48.400 euros), a reposición da capa de rodadura na rúa Rita Rivera Chao (30,250), e a reparación do viario na Rúa Vilaboy Pajón, desde a rotonda dos patos ata o ponte da Perfolia (48.387 euros).

Así mesmo está previsto acometer a reposición do pavimento na beirarrúa da rúa Ourense (43.560 euros), a reposición de beirarrúa na rúa Santiago Apóstol (18.150 euros) así como a mellora da evacuación de augas pluviais na zona do aparcadoiro da Avenida de Ferrol (42.350 euros).

O pleno do Concello tamén aprobou un investimento de 48.400 euros para a construción de beirarrúas no Rego do Campo, unha partida de



41.140 euros para levar a cabo os traballos de ampliación e mellora do parque infantil da Rúa 8 de marzo e preto de 50.000 euros para mellorar a capa de rodadura da Rúa Antonio Machado e 47.778 euros para a obra de mellora da accesibilidade e pavimentos no viario interior do cemiterio dos Alimpadoiros.

Entre os investimentos aprobados tamén se encontra o proxecto de reposición de canalización de abastecemento e a mellora viaria da Avenida das Veigas (96.800 euros) e actuacións nas instalacións deportivas tales como o acondicionamento do pavillón da IES A Magdalena (150.000 euros) ou a reposición da pista polideportiva do Chamoselo-Cal de Avelaíña (30.000 euros).

Tamén se levarán a cabo as obras de mellora do chan do ximnasio do pavillón municipal (40.000 euros), a construción dunha grada cuberta no campo de herba artificial con capacidade para 150 persoas (97.913 euros), a creación dunha zona cuberta e almacén para a práctica de tiro con arco (210.945 euros) e a rehabilitación da pista deportiva do Poboado

das Veigas (48.293 euros).

Ademais executáranse diferentes actuacións no lago entre as que se atopan a rehabilitación e mellora da Senda da Memoria (46.701 euros), o embelecemento dos contedores do lixo así como a creación dun parque de calistenia e a execución dun aparcadoiro para motos (18.274 euros) ademais adquiríranse boias, velas de sombra e unha torre de socorrismo, elementos valorados en 8.000 euros. Os investimentos aprobados durante a sesión plenaria permitirán a execución de obras para a mellora do saneamento no viario de Pontoibo (66.550 euros), a instalación dunha zona multideportiva na parcela anexa a AA.VV de Bermui (96.800 euros), a mellora da capa de rodadura no viario a Esfarrapa así como as obras de reposición do pavimento deteriorado nos viarios de Ribadeume e Bermui (46.733 euros), as obras de reposición e mellora dos pavimentos na senda da Ribeira, cara o encoro, a reparación da gabia no viario do Pontoibo e Marraxón (39.264 euros) así como desbroces de viarios rurais (65.000 euros).

A Escola de música abre a inscrición

A Banda-Escola das Pontes mantén aberto o prazo de matrícula para o novo alumnado para o curso que dará comezo no mes de setembro.

Este grupo imparte clase de Iniciación á Música, unha formación gratuíta dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 5 anos e que constitúe o paso previo a comezar a tocar un instrumento con 6 anos. A formación consta dunha clase de 45 minutos á semana.

As persoas interesadas poden inscribirse no teléfono 696 264 627 ou nas redes sociais da banda escola.

Ademais tamén se pode facer a matrícula para os maiores de 6 anos que desexen formación musical. O alumnado poderá escoller o instrumento que desexe. As clases serán individuais e colectivas e se reforzarán con linguaxe musical.

Xa se poden recoller as axudas á escolarización

Xa está publicada a resolución definitiva das axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos para o curso 2022-2023. Segundo as bases reguladoras específicas das axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos para o curso 2022/2023, trala resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable polo dito material escolar, as persoas solicitantes propostas como beneficiarias.

A persoa beneficiaria acudirá ás oficinas de Servizos Sociais para retirar o vale da axuda concedida, dende as 08:30 ás 14:00 horas.

ENCONTRO
INTERNACIONAL
DE TORNEIROS DA MADEIRA

16/17/18
SETEMBRO 2022

XERMADE · LUGO

PATRICK ARLOT · PAUL HANNABY
GEORGES BAUDOT · LOLO CASTRO

ORGANIZA

CONCELLO DE XERMADE

COLABORA

ORGANIZA

CONCELLO DE LUGO

COLABORA

Aberta a matrícula nas escolas culturais

Abriu xa o prazo de matrícula nas escolas municipais culturais. Ata o 14, o alumando matriculado no curso anterior poderá solicitar a renovación nas escolas se completou o curso, con asistencia habitual ás clases, se non ten recibos pendentes ou non foi baixa.

Como novidade, este ano a inscrición deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica.

Aquelas persoas que non dispoñan de medios ou coñecementos para realizar a inscrición online poderán descargarse os impresos na páxina web municipal ou acudir ao Departamento de Cultura, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas, onde se lles facilitarán os impresos de solicitude de matrícula. Unha vez cubertos e asinados poderán presentalos no mesmo departamento ou a través do correo electrónico (cultura@aspontes.org).

Recibida a solicitude de matrícula esta será revisada pola administración e notificarase electronicamente ou por correo electrónico ao alumando a confirmación da praza e horario, a taxa a pagar así como o prazo de pago.

Unha vez rematado o prazo de inscrición do alumando matriculado no curso 2020-2021, o listado de prazas vacantes exporase, o día 22 de setembro, no taboleiro de anuncios do Departamento de Cultura, e abrirase o prazo de inscrición, do 23 ao 29 de setembro, para o alumando de novo ingreso. A solicitude deberá realizarse, preferentemente, de forma telemática a través da sede electrónica.

O Departamento de Cultura notificará por correo electrónico ou teléfono a adxudicación de praza, e dará ao novo alumando as instrucións e prazos para a realización do pago da matrícula.

Cita coa Historia convoca o concurso de caracterización

Tras dous anos sen celebración pola pandemia de covid, durante a fin de semana, do 23 ao 25 de setembro, o municipio das Pontes retrocederá no tempo para celebrar a sétima edición da súa Cita coa Historia, organizada polo Concello en colaboración coa Asociación Lembranza da Vila, na que a vila viaxará ao pasado e vivirá a súa historia.

A asociación convocou xa o tradicional concurso de caracterización no que poderán participar aquelas persoas caracterizadas con vestimentas que xiren en torno ao mundo galaico-romano, podendo participar con indumentarias exclusivamente galaicas ou romanas.

Para poder participar no concurso será necesario fotografarse no photocall instalado para esa finalidade diante do Museo Etnográfico Monte Caxado os días 24 e 25 de setembro. Establécense 5 categorías con candeseu premio para os participantes gañadores, que serán individual in-



fantil xuvenil (menores de 18 anos), que recibirá un vale de compra no comercio e na hostalería local valorado en 50 euros. A parella da mesma categoría recibirá un vale

de 100 euros. En adulto hai tamén dúas categorías, individual (1 vale de 50 euros de premio) e parella (vale de compra valorado en 100 euros). Establécese unha quinta categoría, de grupo, no que poden participar persoas de todas as idades, que terán de premio un vale de compra no comercio e hostalería local valorado en 200 euros.

O xurado reunirse o domingo 25 de setembro para ditaminar en base aos materiais empregados na confección da vestimenta, a adaptación histórica da vestimenta á época galaico-romana e a confección e deseño de complementos.

Esta nova cita acollerá unha grande diversidade de actividades, pensadas para toda a veciñanza, que arrancarán o vernés e que se darán a coñecer ao longo deste mes pero que estarán vinculadas a espectáculos de todo tipo para reflectir o pasado con mercado, pirotecnia, música e caracterización, entre outras.

Arranca a oitava edición do programa As Pontes Emprende

O Concello de As Pontes destinará 80.000 euros ás achegas para a creación de empresas, a través dunha nova edición do programa "As Pontes Emprende" destinado a fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes.

A oitava edición deste programa, posta en marcha no ano 2015, ten como obxectivo prioritario fomentar a actividade económica, incentivar a creación de novos proxectos empresariais e dinamizar a pequena e media empresa e ás persoas autónomas, ofrecéndolles un apoio para que poidan afrontar o reto de establecerse como traballadores/as por conta propia ou o da posta en marcha dun proxecto empresarial.



Esta achega súmase aos 254.370,03 euros destinados nas edicións anteriores e que permitiron apoiar a 95 novos/as emprendedores/as e xerar máis dun centenar e medio de postos de traballo en sectores como o

da agricultura ecolóxica, o comercio, a hostalaría, a construción, a carpintería metálica ou servizos profesionais.

O programa As Pontes Emprende contempla dúas liñas de actuación, ambas cun importe máximo de 2.000 euros. A liña Impúlsate está destinada a sufragar os gastos de alugueiro mentres que a través da liña Instálate cubriranse os gastos de inmovilizado material e inversión na adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

Para acceder a estas achegas é necesario presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello, mediante certificado electrónico, xunto coa documentación esixida na convocatoria. As solicitudes poderán presentarse ata o 30 de setembro.

As Pontes acolleu a primeira sesión de Emoción-Arte

As Pontes acolleu a primeira sesión do proxecto Emoción-Arte, unha proposta do departamento de Benestar Social na que participan 15 mulleres e que ten como obxectivo prioritario permitir ás súas participantes un achegamento ao autocoñecemento, á conexión co seu corpo e coas súas emocións empregando a expresión artística como medio.

Así, durante tres sesións, cunha duración conxunta de 25 horas, ás mulleres participantes poderán achegarse as súas emocións e coñecer experiencias de mulleres que utilizan promoven a arte como forma de expresión e canalización emocional.

As participantes tamén realizarán prácticas de introspección para favorecer o seu autocoñece-

mento, prácticas de consciencia corporal e de atención focalizada como forma de autoescoita así de escoita activa e expresión emocional saudable. Así mesmo poderán coñecer e experimentar formas de expresión artística que sirven de canal para a expresión e equilibrio emocional, nun clima de grupo baseado no bo trato e o coidado emocional.

Todo isto a través de catro áreas artísticas: a expresión musical e o canto; a expresión oral e escrita; a expresión corporal e as artes plásticas para que as participantes poidan experimentar vivencias de autodescubrimiento e expresión emocional mediante técnicas que lles servirán despois de ferramentas para o seu día a día.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
[facebook.com/ataberna.vilalba](https://www.facebook.com/ataberna.vilalba)
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
REVUELTOS DE BARRIL
ENSALADAS
PASTAS CON SALSAS RAJADAS
RAXO PATATAS
SABOREAR TORTILLAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

As obras de reforma do pavillón municipal están na recta final

O alcalde das Pontes visitou as obras de rehabilitación integral do polideportivo municipal e que permitirán mellorar unha infraestrutura deportiva de referencia na vila.

Entre os traballos xa finalizados atópase a substitución da cuberta existente por unha nova de panel sándwich así como a renovación dos seus peches que, xunto coa renovación do pavimento da pista con tarima flotante, de maior illamento, e o revestimento da fachada con fachada ventilada, tarefas xa executadas, permitirán un aforro do 18% no consumo enerxético da instalación.

Co mesmo obxectivo, tamén foron executados diversos traballos encamiñados a mellorar o sistema de iluminación interior do polideportivo municipal coa renovación das lámpadas actuais por tecnoloxía LED. Reformáronse as instalacións de produción de enerxía aerotérmica para calefacción, auga quente sanitaria (ACS) e a refrixeración do edificio. Procedeuse ao cambio da caldeira eléctrica por unha bomba de calor, dúas unidades de tratamento de aire, un acumulador de inercia, para almacenar o calor procedente da bomba, doce sistemas de venti-



loconvectores e a obra civil asociada. Agora, o Concello traballa na mellora da rede de saneamento coa substitución de todos os sanitarios. A obra rematará co cambio do chan do ximnasio situado e co pintado do interior da instalación deportiva.

ESTRADA DA VEIGA. O alcalde visitou tamén as obras de ampliación e mellora da estrada provincial DP 1802 de Veiga de Cabana ás Pontes, que contan cun orzamento de 1.131.656,47 euros, o que supón un dos maiores investimentos programados este ano na rede provincial de estradas. As obras, avanza a bo ritmo e prevese que estean rematadas completamente no mes de outubro.

As obras consisten en anchar e mellorar a seguridade do vial ao seu paso polos núcleos de Goente e A Faeira, un tramo de preto de 9 quilómetros no que a plataforma será ampliada ata os 8 metros de ancho, con vía de circulación de 7 metros e arcéns de medio metro en ambas marxes do vial. Nos primeiros 281 metros xa se completou a execución dunha senda peonil elevada de dous metros de ancho que discorre pola marxe esquerda da calzada.

As obras inclúen tamén a construción dunha pequena variante para eliminar os puntos máis perigosos do trazado, un sistema de drenaxe e recollida de pluviais, a completa renovación do pavimento da estrada e a instalación de nova sinalización.

Presentados os proxectos de turismo activo para o lago



O Concello das Pontes presentou, os sete proxectos de fin de grado, elaborados polo alumnado de Arquitectura da Universidade Cesuga que propoñen dar solucións ao patrimonio vinculado ao lago, baseados no turismo activo e na creación de infraestruturas de aloxamento. Todos os proxectos, desde enfoques diferentes, ofrecen unha resposta á necesidade de mellorar a dotación da balsa mineira para explotala turisticamente, a escala comarcal, para o que foi necesario realizar unha diagnose da zona, determinar a localización das pezas e propoñer un programa de actuación híbrido que combinase unha parte residencial, que permite a pernoc-

tación, a través de unidades concentradas de baixa densidade, cunha parte náutica e deportiva para que a veciñanza das Pontes e as persoas visitantes poidan gozar de todas as oportunidades que ofrece o lago das Pontes para o turismo activo, mediante a creación de novas infraestruturas deportivas e espazos para actividades de hostalería.

De xeito complementario, os sete proxectos presentados inclúen propostas de intervención na rede viaria para facer máis permeable a Avenida Blanco Amor, principal punto de acceso ao areal pontés, así como intervencións de recuperación de diferentes zonas vexetais.



40º ANIVERSARIO



EXPOSICIÓN
O PODER DA PALABRA
40 ANOS DO PARLAMENTO DE GALICIA | 1981 - 2021

LUGO
8 DE SETEMBRO - 8 DE OUTUBRO

SEDE AFUNDACIÓN
Praza Maior, 16 Lugo

Horario
Luns a venres de 17.30 a 20.30 h
Domingos e festivos pechado

Colabora:

// Afundación
Obra Social ABANCA



Avanzan as obras de mellora de servizos da rúa Pardo Bazán

As obras de mellora da rúa Pardo Bazán, un proxecto cun investimento de 356.124 euros, procedentes da Deputación da Coruña, avanza a bo ritmo. Entre os traballos xa realizados pola empresa Construcciones Fego Atlántico SL, ocupou un lugar prioritario a ampliación do ancho das beirarrúas e a eliminación dos bordos, dos desniveis e as ramplas co obxectivo de deixara rúa á cota do viario, optando pola mesma solución

estrutural e estética desenvolvida noutras zonas do casco urbano. Así mesmo, creouse un espazo de lecer que inclúese un parque infantil, un parque biosaudable e un espazo de reunión. Tamén se executou un novo sistema de saneamento e de alumeadado, para rematar coa renovación dos firmes para o tráfico e a zona peonil. Así mesmo creárase unha zona de aparcadoiro en batería, manténdose o aparcadoiro.

Conde afirma que Ence continúa co seu proxecto para a vila

O vicepresidente económico Francisco Conde destaca que Ence “segue traballando sobre a mesma liña” no proxecto de fábrica de biomateriales e de papel tisú nas Pontes e que a seca que afecta á fábrica de Pontevedra non afecta aos planes para a vila. Informou que está na fase de “desenvolver todos os traballos de enxeñería que lle poidan permitir e iniciar a tramitación administrativa”. Conde remarcou que a compañía mantén o “compromiso con este futuro proxecto” co que se busca poida completar o ciclo de fabricación da súa planta de Lourizán cunha nova liña de produtos.

As Pontes presenta a súa Axenda Urbana nunha xornada única

O Concello das Pontes converteuse no epicentro da Axenda Urbana Española coa celebración da xornada Las Agendas Urbanas en los ayuntamientos gallegos de menos de 20.000 habitantes. O Plan de Acción das Pontes centrará os seus principais esforzos en combater o declive demográfico, afrontar un proceso de transición xusta, abordar a diversificación da actividade económica local e aproveitar o potencial dos recursos locais tanto forestais como agrogan-

deiros ou turísticos. Ademais, o Plan de Acción das Pontes recuperará o dinamismo comercial do concello, traballará para garantir a dotación de servizos públicos de carácter sociosanitario e dinamizará o mercado inmobiliario para evitar a vivenda baleira e os locais comerciais pechados. Mellorar a imaxe interna e externa do concello tamén está entre as accións contempladas nesta Axenda Urbana. A través do programa As Pontes Emplea o concello posicionarse

Formoso apoia a instalación de novas empresas nas Pontes

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado pola concelleira de Industria e Emprego, Ana Pena, visitou as instalacións, no polígono dos Airíos das empresa Ingeniería PSI, anteriormente asentada no concello de Vilalba. O rexedor local amosou a súa satisfacción polo asentamento desta empresa, fundada por un enxeñeiro pontés fai máis de 20 anos, no municipio xa que “contribúe a reforzar a posición das Pontes como un dos principais asentamentos industriais da comarca e ao mesmo tempo permite recuperar un talento local, altamente cualificado, como fai case unha década o fixo ImasD Consult, empresa de enxeñería civil dedicada ao sector da construción de estruturas metálicas”. Así, González Formoso fixo fincapé



en que una porcentaxe moi elevada do persoal que conforma a plantilla de Ingeniería PSI “é orixinaria das Pontes. Tiveron que saír da vila para estudar e agora teñan unha oportunidade de regresar ao seu lugar de nacemento e contribuír á posta en marcha dun proxecto empresarial que dinamizará a economía local e

da comarca”. O alcalde tamén subliñou que “este novo asentamento evidencia, novamente, os recursos dos que dispón o municipio e a arraigada cultura industrial e que o converte nun lugar idóneo para o desenvolvemento de múltiples e variadas actividades industriais.



como referente en produción e almacenamento de enerxía verde e impulsará o turismo natural. As Pontes tamén promoverá a mobilidade de proximidade, avanzará cara un modelo residencial denso e porá en valor o territorio produtivo.

CONVENIO. O alcalde das Pontes asinou en Madrid o protocolo do

plan de Acción da Axenda Urbana coa ministra de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana Raquel Sánchez. Unha sinatura que formaliza a consideración da Axenda Urbana das Pontes como proxecto piloto e como unha boa práctica e experiencia transferible a outros municipios para a elaboración dos seus respectivos plans de acción.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
 CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
 REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
 CAPITULACIONES PATRIMONIALES
 PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

Constitúese a Asociación de Concellos para a xestión da comarca do Eume

O Concello das Pontes aprobou, no pleno extraordinario celebrado o 18 de agosto, a constitución da asociación de concellos, de carácter non lucrativo, para a xestión da comarca do Eume.

Elena López, concelleira de Turismo, durante a presentación desta iniciativa, explicou que “o Concello das Pontes leva tempo incorporándose, de maneira sólida e decidida, á dinámica da planificación estratéxica municipal a través de proxectos como o Plan de Mobilidade Sostible, o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible das Pontes ou o Plan de Sustentabilidade Turística para Destinos da Comarca do Eume. Ademais o Concello das Pontes tamén está participando en estratexias de carácter supramunicipal e está a desenvolver estratexias no ámbito socioeconómico, da mobilidade, da acción climática, do turismo pero é preciso dar un paso máis aló. É preciso abordar



a elaboración dunha folla de ruta que de maneira integral considere todos os retos e todas as accións necesarias para facer das Pontes e da comarca do Eume un territorio competitivo, atractivo, amable, acoñedor, saudable e concienciado co

desenvolvemento equitativo, xusto e sostible nos seus diferentes ámbitos de actuación. A Asociación de concellos da comarca do Eume nace con esa vocación”.

Así, a Asociación xurde coa intención de participar na elaboración dos

plans de desenvolvemento e inversión que se están a crear ou que se poidan crear nun futuro desde os diferentes organismos públicos e para promover e realizar accións en defensa dos intereses e os dereitos da cidadanía da comarca do Eume.

Dita entidade ten, entre as súas finalidades, a promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma a comarca do Eume, con especial apoio dos seus valores, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercute no beneficio das persoas que viven no devandito territorio. Así mesmo velará pola protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no Parque Natural das Fragas do Eume e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.



A Asociación de concellos da comarca do Eume tamén traballará na posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural; o fomento do turismo, especialmente o vinculado aos recursos naturais e culturais, sempre dentro dun marco de sustentabilidade. Para levar a cabo ditas tarefas a asociación facilitará o intercambio de información sobre temas relacionados co proxecto de xestión da comarca do Eume nos concellos membros, porá en marcha servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros e asemade organizará e participará en reunións, seminarios e congresos e promoverá publicacións e documentos vencellados a súa finalidade e obxectivos.

ELENA LÓPEZ, CONCELEIRA DE TURISMO

“Temos que usar as sinerxias en común para ser máis competitivos”

A nova Asociación de Concellos para a xestión da comarca do Eume está integrada polos concellos da Capela, Cabanas, Monfero, Pontedeume e As Pontes, aliñados baixo o denominador común de pertencer ao parque natural das Fragas do Eume, que está agora mesmo no proceso de aprobación por parte da Xunta do plan de usos, pendente dende o ano 88.

Que lle aporta esta asociación ás Pontes?

A posibilidade dunha planificación estratéxica do territorio. Nos últimos tempos, no Concello das Pontes estanse tomando decisións de ir máis alá do propio Concello, de buscar asociacións supramunicipais que nos permitan colaborar con outros concellos e administracións que nos garantan financiamento e proxectos de maior alcance que a nivel municipal.

Como xurdiu a idea?

No 2019 valoramos a posibilidade de presentarnos ao Plan de Sustentabilidade Turística para destinos que sacou a Secretaría de Estado para o Turismo con fondos europeos e no 2020 decidimos xuntarnos todos nunha mesa, empezar a traballar para presentarnos a este plan e na segunda convocatoria de setembro do 2021 levamos o plan á Deputación da Coruña e fomos beneficiarios

dun millón e medio de euros. Entón consideramos que o paso principal e primeiro era constituírnos xuridicamente porque aínda que somos a comarca do Eume non tiñamos marxe de manobra para optar a moitas subvencións por iso tomamos a decisión de dar o paso que é o que estamos a facer agora.

En que punto están agora?

Estamos no primeiro paso no que cada Concello ten que levar a Pleno e aprobar a adhesión á asociación, comezamos nós, que o fixemos en agosto, e agora están os distintos concellos co mesmo proceso para aprobalo en pleno. Unha vez que este paso estea listo nos cinco concellos, tramitarémolo na Xunta de Galicia. Esperamos logo tela rexistrada a final de ano. Neste último mandato foi cando decidimos dar un paso máis, tiñamos en mente seguir traballando nesas alianzas territoriais e como comarca do Eume era unha débeda que tiñamos administrativa e xuridicamente porque nos vai permitir crear estabilidade na comarca. Creemos que unha estrutura xurídica como é esta Asociación de Concellos nos permitirá darlle continuidade aos proxectos e garantir unha coherencia. Por exemplo, turisticamente, ter sempre unha programación e visibilizar todas as actuacións que

se toman en cada concello a nivel comarcal. E tamén vincular empresas de cada concello, é fundamental a relación público-privada e para iso cantas máis garantías se dean máis particulares e empresas se sumarán. Máis poboación abarcas e máis intereses podemos ter en común.

Esta asociación é a nivel turístico ou ten unha finalidade maior?

Xurdiu a través das concellerías de Turismo pero realmente vai máis alá xa que nos permite unha planificación estratéxica do territorio, fixar poboación, abrir outras liñas de negocio, fomentar o emprego, a posta en valor do patrimonio natural e cultural así como o inmaterial como pode ser a lingua, o fomento da educación ambiental, costumes, oficios; o parque natural e o río Eume así o requiren. Tamén buscamos a dinamización das actividades económicas que sexan compatibles cos recursos naturais.

Cal é o seguinte paso trala constitución?

Somos beneficiarios do Plan de Sustentabilidade Turística para Destinos, cun millón de euros e tócanos comezar coa execución das accións recollidas no plan. Empezaremos por constituír unha xerencia para facer un seguimento deste plan e que a Deputación nos vaia delegando es-



tas actuacións que se fagan, tanto infraestruturas, como a propia xerencia da asociación, como un proxecto de comunicación que é vital para dar a coñecer todo o territorio do Eume. Comezaríamos por aí pero despois hai que organizar xuntanzas co manual do inversor para promover o noso territorio en todos os ámbitos e dar a coñecer as potencialidades que temos para que invirtan aquí empresas.

O futuro que lle vedes a asociación é claro.

As alianzas son fundamentais, os cambios de ciclo demandan estes novos xeitos de facer política, que non eran o máis extendido pero que agora son necesario. Por responsabilidade temos que dar un paso máis e constituírnos como asociación e traballar todos en común.

Que é o máis urxente a tratar?

Fixar poboación é o máis urxente con empregos de calidade, todo isto facémolo polos veciños e veciñas dos cinco concellos, pola xente que quere emprender no rural. Pódense abrir moitas posibilidades para fixar poboación e diversificar a nosa economía. Empezamos polo turismo porque é o que temos agora sobre a mesa pero hai máis camiños. De feito, o día 8 reunímonos en Ferrol co Secretario de Estado para poñer en marcha todo iso, pero o importante é contar coa xente, porque é curioso pero sendo comarca non temos esa relación comercial entre os concellos, temos que lograr que entre nós mesmos nos sintamos pertencentes a unha mesma comarca e que podemos facer cousas en común usando as sinerxias, que é o xeito que temos de ser máis competitivos.

Rematan as melloras no CPI de Friol por valor de 45.000 euros

O alcalde de Friol, José Angel Santos, acompañado da Concelleira de educación, Pilar López e do director do CPI López Suárez, Felipe Barata Villapol, estiveron nas instalacións do centro educativo para verificar o acabado das obras realizadas nos meses de xullo e agosto.

Estas obras consistiron na renovación das beirarrúas circundantes os edificios de educación primaria e do comedor escolar e tamén na construción dun parque infantil dentro do propio recinto escolar. Ambas obras tiveron un coste de 45.000 euros e foron sufragadas a cargo do Concello de Friol e da Xunta.

A renovación das beirarrúas era unha das demandas máis importantes que se solicitaban do centro educativo, debido ao mal estado que presentaban e suporá unha mellora na vida diaria do centro educativo, ademais de mellorar o embelecemento do colexio. Conxuntamente con esta obra se realizou tamén unha renovación das escaleiras de acceso ao comedor escolar, que tamén presentaban un deteriorado aspecto polo uso e polo paso do tempo.

Pola súa parte, o parque infantil pretende dar unha maior oportunidade de ocio no tempo de lecer ós máis pequenos do centro educativo, tendo en conta que o xogo e o movemento representan unha das dimensións máis importantes e transcendentales no proceso de ensino e na formación do alumnado. Unha obra que suporá un aliciente para os nenos e nenas do centro educativo e un estímulo para lograr que a súa estada no colexio sexa o máis beneficiosa para o seu rendemento escolar. O alcalde destacou a importancia deste proxecto "os accesos que rodean os edificios tiñan deficiencias que precisaban ser remediadas e sobre todo melloradas facendo que sexan máis funcionais para docentes e alumnado, en beneficio, sobre todo, dos máis novos do noso municipio, que son os que máis se van a favore-



cer de todas estas melloras".

Tamén destaca o rexedor que "a Consellería de Educación continua apoiando a Friol, neste caso, con un 50% dunha inversión moi necesaria e demandada, tanto pola dirección

do propio CPI como polo equipo de goberno do Concello, polo tanto, neste caso toca agradecer ao propio Conselleiro de Educación e Cultura Román Rodríguez a sensibilidade que tivo coas demandas desde Friol".

O conselleiro abriu o curso escolar no colexio



O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, elixiu o CPI Doctor López Suárez de Friol para o acto de comenzo do curso escolar 2022/2023.

O conselleiro acompañado polo delegado da Xunta Javier Arias, o director do colexio Felipe Barata, así como por diferentes cargos da Xunta e polo alcalde e membros do equipo de goberno de Friol, puido comprobar de primeira man o estado actual das instalacións do co-

lexio, que veñen de ser melloradas. O conselleiro anunciou na súa visita que a Xunta de Galicia reforza o servizo de comedores escolares cun investimento extra de 1,4 M€ este ano. Na súa visita, o responsable autonómico de Educación explicou que o esforzo orzamentario por parte da Administración autonómica permitirá blindar este servizo sen que se incremente o gasto das familias, elevando o investimento ata os 50M€.

Friol puxo en marcha o campo de voluntariado



Un grupo de rapaces e rapazas chegaron a Friol para participar no campo de voluntariado Friulio. Esta actividade está subvencionada pola Consellería de Política Social, e en concreto a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, e xestionada e organizada polo Concello, a asociación local A Castronela e a empresa Avada.

Durante estas xornadas os rapaces puxeron en valor e axudaron a desenvolver unha actividade, como é o Friulio, que nos achegará ao noso pasado mediante visitas teatralizadas, accións puntuais de restauración, sinalización e consolidación das estruturas do Castro Friulio, a plantación dun bosque de árbores autóctonas polo paseo fluvial ata o poboado, así como a creación dun spot/curtametraxe de divulgación

sobre o proxecto.

Fixeron tamén talleres de elaboración de queixo e pan, no propio Castro Friulio, onde conceron o pan no forno que alí construíron os integrantes da asociación A Castronela.

TRABALLOS. Ademais realizaron distintas excursións e visitas a puntos interesantes do Concello de Friol e da súa contorna.

Con esta iniciativa o que se pretende é que esas persoas que vaian participar poidan coñecer a Galicia interior, especialmente o concello de Friol e a súa contorna, coñecer unha das súas maiores festas de recreación histórica, que é o Friulio, implicarse no mantemento e posta en valor do patrimonio cultural, etnográfico, arqueolóxico e artístico, e tamén fomentar valores de traballo en equipo e solidariedade.

Os maiores van de viaxe

O Concello organiza, unha vez máis, despois de dous anos sen poder realizala, unha excursión para o disfrute dos seus veciños e veciñas de maior idade, que son unha parte esencial de calquera sociedade e por suposto de este municipio. A viaxe será o 14 de setembro e dará comezo diante da casa do Concello ás 8:30 da mañá e farán unha parada en Guitiriz para almorzar. Dende alí viaxarán a Muxía

para pasar a mañá, ata a hora de comer o xantar en Laxe, sobre as 2 da tarde. Despois de xantar e descansar, xogando unhas partidas ás cartas ou bailando unhas pezas, visitarán o pobo de Laxe, onde poderán disfrutar de este pobo mariñeiro mentres toman un café, dan un paseo, ou disfrutan das vistas sentados nunha sombra, por exemplo, para seguidamente regresar a Friol.



O Concello de Friol retomará a Feira do gando vacún de carne

O Concello de Friol presentou a edición número dez da súa feira de gando vacún de raza rubia galega, que este ano se celebrará o sábado día 24 de setembro. Na presentación estiveron presentes o alcalde de Friol, José A. Santos, xunto con outros representantes do equipo de goberno, que a vez tamén estiveron acompañados por gandeiros das explotacións que achegan mostras de gando á feira.

O transcurso da feira, como en anos anteriores, terá lugar pola mañá no mercado municipal, finalizando coa entrega dos premios correspondentes e coa celebración das poxas, que en esta décima edición é unha novidade e un reclamo mais para os gandeiros que achegan cabezas á feira, e tamén vai servir de efecto chamada para que mais xente visite Friol e a feira, e para todos os interesados en participar en este tipo de compra-venta de gando.

En esta feira, como nas celebradas en anos anteriores, o gando participante opta a premios en metálico e trofeos, que se dividen en diferentes categorías. Estas categorías son machos menores de 8 meses, femias menores de 8 meses, ma-



chos maiores de 8 meses, xatas e vacas. Os premios económicos divídense en 150 euros para o primeiro clasificado, 100 euros para o segundo e 50 para o terceiro posto. Hai un premio especial de 200 que levará a gandaría que asista co mellor lote.

Ademais de estes case 2.000 euros que se reparten nas diferentes categorías, as gandarías asistentes recibirán unha prima pola asistencia dos seus exemplares, os cales permitirán que se poida observar unha gran diversidade de reses, mostras e calidades de gando vacún de carne de raza rubia.

O alcalde de Friol, José A. Santos, resalta que “a gandería é un dos sectores mais importantes do noso Concello e unha parte fundamental, polo que unha feira dedicada ao gando vacún de carne parécese que pode servir para seguir apoiando e impulsando o medio rural en xeral, e o sector gandeiro en particular” ademais dinos que “convidamos a todas as persoas que queiran desfrutar de esta feira, que está sendo un referente do sector, a que nos visiten ese día, e que aproveiten para desfrutar e vivir o noso maravilloso pobo”.

Entra en funcionamento o grupo de emerxencias



O Concello de Friol conta xa co pleno funcionamento do seu GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipais) que ten a súa sede no polígono industrial, nunha das naves do edificio multiusos de propiedade municipal. Este grupo formado por 12 profesionais, dará cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei (que antes pertencía á área de Monterroso) e Outeiro de Rei.

O traballo de coordinación do Grupo do día a día lévao a cabo o concelleiro delegado Enrique Barreiro, que é o encargado de organizar e supervisar o GES. Xa realizaron varias intervencións para as que foron solicitados polo servizo 112, por exemplo, dende que se puxo en funcionamento o día 8 de agosto.

Os traballos que realizará este grupo de emerxencias será, entre outros, intervir en incendios forestais e urbanos; definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais; realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños; intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca; colaborar coas autoridades en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas; calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente.

Escolas Deportivas Municipais

Curso 2022 / 2023

Apúntate! "Deporte igual a Saúde"

ABERTO O PRAZO DE INSCRIPCIÓN:

DENDE O VENRES 9 DE SETEMBRO, A PARTIR DAS 8.30 HORAS, ATA O VENRES 23 DE SETEMBRO

ACTIVIDADES:

- Ximnasia Rehabilitación
- Actividades Aeróbicas: aerobic, step, zumba
- "Zumba" Infantil
- Pilates
- Ioga
- Ximnasia Rítmica
- Campo a Través / Atletismo
- Tenis de Mesa
- Patinaxe
- Fútbol Sala
- Pádel



COLABORAN:

ORGANIZA:



concello de GUITIRIZ



Licitan de novo a xestión da escola infantil e os proxectos do Plan Único

O Concello de Castro de Rei volveu iniciar por terceira vez o proceso de licitación para adjudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro.

O proceso incíuse tras rematar o contrato anterior polo que volveu saír a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse licitar, malia que nesta segunda ocasión subíuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas para a súa xestión.

Así, o Concello chairego volveu iniciar este mes de agosto a licitación, por terceira vez, subindo outro 10% o orzamento, é dicir, 195.845,35 euros, e informando de que o contrato ten unha duración de dous anos prorrogables a un máis.

PLAN ÚNICO. O Concello inicia

unha nova licitación das obras do Plan Único do ano 2022 logo de quedar deserta a anterior licitación debido á suba do prezo dos materiais. As obras licitadas inicialmente por 262.399 euros quedaron desertas na primeira licitación, polo que é necesario iniciar un segundo proceso no que os prezos se adaptan aos custes actuais, por importe de 302.379 euros.

As obras consisten na rexeneración e pavimentación de accesos aos núcleos de Ramil, Balmonite, Viladonga, Goberno, Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Orizón, Mondriz, Dumpín, Duarría, A Ribeira, Bendia, Mos e Triabá.

“Actuarase nas pistas das distintas parroquias do Concello coas que se pretende deixar totalmente rematada a rexeneración da rede viaria municipal logo de varios anos de investimentos en vías municipais”, explicou o alcalde, Francisco Balado.

A parroquia de Goberno contará con clases de pilates

A partir da segunda quincena de setembro a Asociación Veciñal San Martiño de Goberno comezará con clases de pilates na escola de Goberno, que terán lugar os mércores en horario de 15:30 a 16:30.

Os asistentes poderán gozar de distintas sesións por tan só 15 euros ao mes. O grupo está aberto a todas as persoas interesadas pero as prazas serán limitadas.

Para asistir haberá que inscribirse cos membros da asociación.

Rematan os traballos de mellora nos dous centros escolares

Remataron en Castro de Rei as obras de mellora dos dous centros educativos, o CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei, e o Veleiro Docampo, de Castro Ribeiras de Lea. O importe dos traballos foi de 50.000 euros.

No centro de Castro Ribeiras de Lea, fíxose a substitución das portas interiores do edificio principal por importe de 21.126 euros, así como o pintado do interior do mesmo edificio por importe de 8.228 euros, con cargo á Xunta de Galicia. Neste mesmo centro, o Concello levou a cabo a remodelación de dúas aulas por importe de 11.345 euros con cargo ao Plan Único da Deputación, que aporta 7.581 euros, ante os 3.764 que pon o propio Concello.

No CEIP Ramón Falcón o obradoiro de emprego encargouse de levar a cabo o pintado exterior do edificio, traballos valorados en 10.000 euros.



Estes traballos completan os realizados para a rehabilitación enerxética acometidos por parte da Xunta de Galicia en anos pasados nos dous centros educativos, que no ano 2018 realizaron no Veleiro Docampo por valor de 375.000 euros, máis os 100.000 euros correspondentes ao cerramento exterior de portas e ventás do edificio principal.

No Ramón Falcón o investimento acometeuse no 2020 e ascendeu a 270.000 euros

“Con estas actuacións damos por rematadas as obras de rehabilitación dos dous centros educativos, o que permitirá mellorar a estancia do alumnado nos centros facéndoos máis acolledores”, dixo o alcalde, Francisco Balado.

O Concello acomete obras viais nas parroquias por 150.000 euros

O Concello de Castro de Rei está a executar obras de rexeneración asfáltica por importe de 150.000 euros financiadas integramente pola Xunta de Galicia en varias vías do Concello.

A primeira das actuacións, con cargo do Plan de Infraestruturas Rurais de Medio Rural, consiste no rexenerado da vía que discorre entre o barrio do Monte de San Xiao de Mos, ata o barrio da Cabana en Matodoso, que comunica as estradas provinciais LU-P 1107 coa

LU-P 16 11. Trátase dunha vía que discorre por unha zona gandeira correspondente tanto á zona de concentración parcelaria de Mos com á zona de colonización de Matodoso, cunha extensión de 3,1 quilómetros e por un importe de 48.308 euros.

A segunda, con cargo ao Plan Marco de Camiños de Agader consiste no rexenerado de dúas vías por importe de 101.300 euros. Unha é a que vai da LU-P 1107 en Ribeiras de Lea, pasando por Castrillón ata

a parroquia de Castelo do Concello de Outeiro de Rei, cunha lonxitude de 1,8 quilómetros.

A outra é a que vai dende a N-640 en Mondriz, no lugar de Veigas do Couso, ata o lugar de Sumedo, na parroquia de Ludrio, cunha lonxitude dun quilómetro.

“Ambas as dúas actuacións vertebran zonas moi transitadas dentro do Concello de Castro de Rei, tanto en usos agrícolas e gandeiros como ordinarios”, explica o alcalde, Francisco Balado.

XXXIV FEIRA DO POLDRO

e do gando do monte
(Festa de interese turístico galego)

25.09.2022

A GAÑIDOIRA
MURAS

ORGANIZA

MURAS
CONCELLO

COLABORAN

DEPUTACIÓN
PROVINCIAL
DE GALICIA

Medio Rural

Xacobeo 21-22

XUNTA
DE GALICIA



Presentan as axudas do Estado para a adquisición de vivenda



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, anunciou que 720 mozos e mozas maiores de 18 anos e menores de 35, poderán beneficiarse das axudas de 10.800 euros que o Goberno concederá para a adquisición de vivenda habitual nos municipios de Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto. A subvención terá unha axuda equivalente naqueles casos nos que se opte polo aluguer dunha vivenda no canto da compra. Estas liñas de axuda contempladas no Plan Estatal de Acceso á Vivenda 2022-2025 do Goberno teñen o obxectivo de favorecer o asentamento de poboación nos municipios de menos

de 10.000 habitantes. O programa foi detallado pola subdelegada do Goberno nun encontro celebrado na casa do concello de Meira. Isabel Rodríguez trasladoulles aos presentes que o Ministerio creou este programa de subvencións á adquisición ou arrendamento dunha casa co dobre obxectivo de facilitar o acceso á vivenda da xente nova ao tempo que trata de axudar a atraer poboación aos concellos con menos habitantes. Así, destacou que este programa “facilitará que a mocidade opte polas vilas e os pequenos municipios á hora de iniciar o seu proxecto de vida”.

A Coral busca voces novas

A Coral Polifónica de Meira, Airiños do Miño, abre un novo período de captación de cantantes para formar parte do colectivo musical.

Así, invita a todos os que o desexen a achegarse ás súas instalacións para coñecerlos e unirse á coral.

Os que queiran poderán acudir aos ensaios, que terán lugar os sábados pola tarde, concretamente ás 18.30 horas nos Cabanóns de Meira.

As persoas interesada que desexen



información poden poñerse en contacto co colectivo Coral Polifónica de Meira chamando ao teléfono 633 391 968 ou a través das redes sociais.

O Concello rehabilitará o exterior do centro Federico González

O Concello de Meira acometerá este ano a rehabilitación exterior da casa da cultura local, que leva o nome de centro sociocultural Federico González, situado na rúa do mesmo nome. Segundo explicou o concelleiro de Cultura, Agustín Méndez, os traballos consistirán fundamentalmente na eliminación das humidades e de mellorar o aspecto da casa, que empeza a desprenderse. A intención é a colocación dunha fachada ventilada que lle de un aspecto máis moderno “como se fixo no centro de maiores con panel Larson”. Para iso non descartan a utlizacións de paneis de cores.

Ademais intervendrase tamén na cúpula, que se tapará e no tellado.



O edil de Cultura explicou que a casa leva moitos anos funcionando e esa reparación completará a realizada hai uns anos co cambio da cuberta por unha tipo sandwich e o tapado

das terrazas, todo cun investimento de 25.000 euros.

A intención do Goberno local é ter as obras en marcha ante de que remate o ano.

O Pleno aproba un novo regulamento para a xestión da pista de pádel

O Pleno aprobou a ordenanza reguladora da nova pista de pádel, que fixa os horarios, as tarifas e o sistema de reserva de pista dentro dun regulamento de uso. Este documento contou cos votos a favor do PSOE, malia que votaron en contra o BNG e Galicia Sempre e o PP abstívose.

Outras das cuestións regulamentarias que se levaron a pleno foi a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polas actividades extractivas de madeira nos montes e canteiras meirenses, que foi aprobado cos votos a favor do PSOE e o BNG e en contra do PP e Galicia Sempre. Aínda que a norma foi aprobada



no ano 2020, houbo que cambiar un punto tras unha sentenza do TSXG deste ano, na que se aceptaba un recurso por ter un erro no cálculo dos ingresos para determinar a taxa.

Esto fixo que o Concello tivera que facer un novo informe técnico para deixar claro o tipo de gravamen.

Tamén no pleno aprobouse o protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo.

DES RATIZACIÓN. O Concello acometou tamén estes días un proceso de desratización no Concello, xa que recibiron notificación por parte dos veciños de avistamentos destes animais na zona do parque e do muiño e nalgún punto máis do termo municipal. Esta operación realízase cando se producen notificacións de avistamentos de ratas e é unha empresa privada a que se encarga de facer este traballo de limpeza.

chupete SHOP

NUEVA TEMPORADA OTOÑO-INVIerno

Rúa Poeta Curros Enríquez, 28 - Lugo - Tel: 982 216 032
www.chupeteshop.com

constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTOS
PABLO RABADE PAREDES

Un grupo de veciños organiza a I Festa do Motor o 8 de outubro

Abadín acollerá no mes de outubro a I Festa do Motor, organizada por un grupo de rapaces a vila, que tivo que desconvocar con todo organizado para o mes de maio do 2020, debido ao confinamento.

Pero para nada se desanimaron e apostaron polo 8 de outubro para esta cita cos amantes do motor que nace coa ilusión de converter a Abadín nun referente nesta práctica deportiva pola vinculación que teñen co mundo do motor.

Xa naquel momento, decidiuse por aprazalo porque non querían “que quede en saco roto tanto esforzo”. Finalmente a covid durou máis do esperado e houbo que comezar a traballar de novo pero baixo a mesma base.

Esta festa do motor está organizada por dous irmáns afeccionados aos rallys nos cales compiten, José Miguel Rodríguez e Joel Rodríguez, xunto cun gran amigo, Roberto Paz Ares. A idea naceu en 2019 xa que Roberto dirixía un restaurante no Concello e organizaron unha cea a título persoal do equipo para presentar os colores do coche e foi un éxito, foi entón cando decidiron tentar de facer algo máis grande e pola pandemia víronse obrigados a pospoñer ás portas da data.

“Esta primeira edición intentaremos que salga todo o mellor posible porque non sabemos a magnitude que pode coller o evento, pero esperamos que sexa a primeira de moitas e porque non, facer máis grande o equipo da organización para que non falte un detalle e poder incrementar diversas actividades máis”, erxplican os irmáns Rodríguez.

Polo de pronto o evento, que ocupa-



rará todo o espazo que se reserva cada ano á feira de Santos, conta co apoio municipal co obxectivo de converterse nun referente na provincia.

PROGRAMACIÓN. A programación estará centrada na exposición que se abrirá ás 10.30 horas cos vehículos, que farán un percorrido desde a céntrica plaza de Abadín facendo unha pequena caravana hasta Gontán. A mañá estará animada pola sesión vermú, que estará a cargo do grupo Amazonas, previo ao xantar aberto a todos os participantes que o dese-

xen. O menu, composto de entrante, paella, churrasco, postre, café e chupito, terá un custe de 25 euros para os adultos e 12,50 para os nenos de 6 a 12 anos. Para participar nel será preciso adquirir os tickets coa organización.

Á 18.00 horas está prevista unha exhibición de Motor Show e rematarán a xornada tamén cunha verbena na que repite o grupo Amazonas, ademais do sorteo especial dun coche para circuíto, un Bmw 320 Ci E46 Drift Car.

Pero o mellor da sesión será que durante todo o día haberá animación con toro mecánico tanto para adultos como para nenos, exposición de vehículos por todo o recinto, simuladores a cargo de CockpitsRacing Cc e stand con merchandising multi-marca. Tamén destaca a preseza do Équipe de Course Fran 22.

Ao día seguinte, os participantes que o desexen poderán participar no circuíto da Pastoriza de tandas privadas entre as 10.00 e as 14.00 horas.

O último día para apuntarse ao xantar é o 30 de setembro e para as tandas o 25 deste mes.

Curso de seguridade no fogar

O día 14 celebrábase no Colexio de Moncelos un Obradoiro de Seguridade no fogar das persoas maiores, organizado a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns. O horario será de 16.00 a 20:00 horas.

Os obxectivos deste obradoiro consisten principalmente en proporcionar a coidadoras e coidadores,

familiares e pacientes as habilidades e coñecementos necesarios para mellorar a calidade de vida no ámbito familiar así como fomentar a autonomía a todos os membros da familia.

O curso finalizarán con información sobre as novas tecnoloxías como facilitadoras da seguridade dentro e fóra do fogar.

Rematan as obras no CEIP Aquilino Iglesia



A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades vén de rematar as obras de mellora da eficiencia enerxética do CEIP Aquilino Iglesia Alvariño de Abadín, nas que investiu preto de 252.300 euros.

Ademais, o espazo exterior asfaltouse cun orzamento que ronda os 31.000 euros. Os traballos que se realizaron ao longo dos últimos meses incluíron a substitución de portas e ventás por outras de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos,

acústicos e de seguridade, con cámara de aire intermedia e apertura oscilobatente.

Tamén se mudaron os canlóns e baixantes; colocouse illamento no baixocuberta e instaláronse novas luminarias tipo LED con regulación de intensidade e detectores de presenza.

Así mesmo, entre as actuacións realizadas tamén destaca a reparación da cuberta do voadizo situado á entrada do centro -na fachada sureste- para evitar as filtracións de auga.

O Concello comezou os trámites para legalizar unha traída de auga

O Concello de Abadín comezou os trámites ante a Confederación Hidrográfica do Miño Sil para legalizar a traída de auga de Cabanela.

Esta traída, situada na parroquia de Vilarente, data dos anos 90 cando foi creada polos veciños que facían uso das augas de tres manantiais situados preto da capela de Santa Margarida, e ata que pasaron a

abastecerse do depósito municipal no monte Argán. Malia as diferenzas alturas das vivendas da Cabanela, este depósito non era suficiente para abastecerlas, polo que continuaban facendo uso do antiga traída. Agora vaise redactar un proxecto para legalizar esta traída que inclúe as captacións de auga, o depósito e a rede de distribución.

Fixemos os deberes!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

13 € /mes
44€/mes

AFORRA
279€!

Durante 9 meses!



adamo
La mega fibra

Chama gratis ao 900 651 679 ou visítanos en adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 24/08/2022 e o 14/11/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 13€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

Presentado o III Plan de Igualdade

O Concello de Guitiriz presenta o seu III Plan de Igualdade Entre Mulleres e Homes, que estará vixente desde o ano 2022 ata o ano 2025 e no que a transversalidade, implicando a todos os órganos e departamentos da institución, será o concepto central.

“En 2012 o Concello de Guitiriz comezou a súa andaina e decidiu poñer en marcha o seu I Plan de Igualdade e agora, 10 anos despois e tras unha pandemia mundial e un mundo totalmente diferente, toca a posta en marcha do III Plan de Igualdade”, explica a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira.

O documento debe ser capaz de mellorar a situación social actual entorno ás desigualdades de xénero, de promover o benestar da poboación en xeral e das mulleres en particular. Así mesmo, pretende reducir as desigualdades entre mulleres e homes.

Así, o III PIOM do Concello de Guitiriz mostra unha serie de medidas concretas e obxectivos específicos que teñen que mellorar a situación das mulleres no municipio, servindo como unha ferramenta de traballo, non só para o persoal técnico da administración local, senón tamén para os axentes sociais pertencentes a dito territorio.

Os principios orientadores do III PIOM son os seguintes: de transversalidade, de diversidade, pluralidade e multiculturalidade, de participación e de coordinación. Por tanto, a metodoloxía que se vai a levar a cabo será a participativa. “Se somos capaces de promover a participación, fortaleceremos as posibilidades de transformación social”, afirma a rexedora.

Esta folla de ruta artículase en torno a seis áreas de actuación: benestar integral e participación cidadá: infor-

mación e sensibilización en torno á igualdade entre mulleres e homes; corresponsabilidade, conciliación e xestión dos tempos; coeducación e accións para o ocio e tempo libre; emprego, formación e emprendemento; e violencia de xénero.

Marisol Morandeira salienta que “a pesar dos importantes avances logrados, a desigualdade de xénero segue a ser unha realidade presente en moitos ámbitos da sociedade e, con este plan, desde o Concello queremos poñer o noso gran de area para avanzar todo o posible”.

“Gustaríame contar con toda a xente do municipio para camiñar cara adiante e lograr a igualdade real: empresas, particulares, entidades, mozos e mozas, asociacións... en resumo, con tódolos homes e mulleres facendo equipo para facer que o feminismo sexa un camiño común”, subliña.

Imparten na Aula CEMIT nova formación tecnolóxica

A aula CeMIT do Concello de Guitiriz proporciona formación no ámbito das Tecnoloxías da información e comunicación (Tics) dirixida a Pemes e os seus traballadores e traballadoras do Concello. Un curso sobre a Administración electrónica que ven da man do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) impartido de maneira combinada.

Trátase de sesións formativas dinámicas e participativas co formador en directo, que irán acompañadas de fichas con actividades prácticas. De maneira complementaria, haberá contidos formativos complementarios para poder acceder á formación en calquera momento.

Consistirán en oito sesións de 2 horas cada unha, todas retransmitidas en liña. O alumnado pode realizar o curso completo, ou ben calquera das súas partes.

Varios colectivos limpan a piscina natural do río Parga



Parga recupera a súa piscina natural para o baño no tramo do río que pasa pola zona. Varias asociacións e a sociedade de pesca Amigos do Parga lograron o permiso da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o acondicionamento deste lugar que presentaba moi mal estado debido á cantidade de maleza. Catro asociacións participaron nestes labores de limpeza que se prolongaron durante catro días e

que implicaron a retirada de herba, maleza e lixo acumulado polo que a zona quedou lista para poder volver practicar o baño.

As participantes foron o Club de Amigos do Río Parga, os propietarios da Feira, os comeneiros de Santo Estevo e o Club Fluvial.

O que non recibiron foi o permiso para a limpeza do tramo entre a ponte e o muíño, unha zona que está impracticable para o baño




JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Basanta Silva, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 130m² 115.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciónes, sala ampla, dos baños, cocina e garaxe. Dispone de calefacción individual e ascensor. La vivienda tiene orientación sur.

Camino Praia Fluvial 15, Vilalba
Terreno / No urbanizable | 3.481m² 7.500€
En Vilalba (Lugo), zona de la playa fluvial, se vende parcela rústica de 3.400 m.

Calle Foz s/n, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 297m² 23.000€
Se trata de un solar en el que se puede edificar: Bajo, 3 plantas y ático.

Plaza Coronel Pena, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m² 250.000€
Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construídos, con fachada a la C/ Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con valla), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recentemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciónes, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.

Camino Praia Fluvial, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.900m² 36.000€
Solar para edificar vivienda unifamiliar.

N-634 40, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 3 Dorm | 2 Baños | 182m² 30.000€
Se vende casa en construcción en Martínán, municipio de Vilalba (Lugo), tiene 182 metros que pueden distribuirse a gusto del comprador.

Avenida Terra Chá 112, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m² 110.000€
En Vilalba (Lugo), Avda. Terra Cha, en el edificio situado delante de cuartel de la Guardia Civil, se ofrece en venta una vivienda de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. El piso se vende amueblado. Dispone de calefacción individual, ascensor, trastero y garaje en el mismo edificio.

Conde Pallares 20, Vilalba
Edificio residencial | 489m² 95.000€
En la calle Conde Pallares de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un edificio repartido en un bajo de 140 metros y tres viviendas de unos 100 metros cuadrados cada una. El edificio tiene orientación Sur.

Parroquia de Arbol, Vilalba
Casa rural | 3 Dorm | 0 Baños | 134m² 75.000€
En la parroquia de Arbol, a unos seis kilómetros del casco urbano de Vilalba (Lugo), se vende una vivienda rústica a reformar, fachada en piedra. Además de la casa, se venden otras construcciones que existen en la finca. La cual tiene una superficie de 46.000 metros cuadrados en una sola pieza. En el precio se incluyen también, una finca de 25.000 metros cuadrados y otra de algo más de 4.000 metros cuadrados.

Avenida da Terra Chá 120, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 2 Baños | 80m² 85.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción individual de gas ciudad y se vende todo amueblado.

Pravia, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m² 75.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitaciónes y sala, cocina e dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierto.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

**Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720**

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

Avda. Villalba, 6 - bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamín Paz, 25 bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

Ponse en marcha o servizo de recollida de plásticos agrícolas

O Concello de Guitiriz habilita un novo servizo de recollidas puntuais de plásticos agrícolas para as explotacións do municipio.

Para facer uso desta nova iniciativa, que xa está en marcha, as persoas interesadas teñen que deixar aviso no Concello, chamando ao teléfono 982 370 109 e desde a administración local poñeranse en contacto para concretar o día de recollida.

Os plásticos, que os gandeiros e agricultores teñen que dobrar e empacar da mellor maneira posible, deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso e cumprir unha serie de requisitos: ter a menor suciedade

posible, procedente de terra, herba ou materia orgánica; e evitar conter outras materias impropias (tubaxes de PVC, garrafas, sacos big-bag, rodas...) xa que poden dificultar os traballos de reciclaxe. Nestes casos, será rexeita a recollida.

No mes de xuño o Concello de Guitiriz decidiu desmantelar os cinco puntos de acopio e recollida de plásticos agrícolas dos que dispoñía en Santa Cruz, Pígara, Mariz, Os Vilares e San Breixo. Tomou esta decisión tras constatar o mal uso que se estaba a facer destas zonas, depositando de xeito reiterado todo tipo de residuos impropios.

Comeza a inscrición para un novo obradoiro de cantería

O Concello, en colaboración coa Comunidade de Montes San Estevo de Parga e a Asociación Cultural Medioambiental Pardiñas abriu ata o 28 do mesmo mes o prazo de inscrición para a quinta edición do taller de cantería. Esta actividade, que se impartirá todos os sábados de 11 a 13 horas desde outubro ata maio na Casa da Escola de Pardiñas, está di-

rixida a rapaces e rapazas preferiblemente a partir dos 11 anos de idade e tamén a adultos.

O prezo é de 10 euros ao mes para empadroados e 20 euros ao mes para non empadroados. A inscrición pódese formalizar a través da sede electrónica municipal ou de xeito presencial no Rexistro pedindo cita previa no 982 370 109.

Abre o prazo para matricularse nas Escolas Deportivas Municipais

O Concello abriu xa o prazo de inscrición para participar nalgunha das propostas que incorporan as Escolas Deportivas Municipais para o curso 2022/2023.

A matrícula poderá formalizarse ata o 23 de setembro de xeito presencial na casa consistorial, en horario de 8:30 a 14:30 horas e sempre con cita previa, ou a través da sede electrónica municipal.

As prazas cubriranse por estrita orde de inscrición e non se poderá inscribir unha mesma persoa na mesma actividade en dous grupos diferentes. O prezo das actividades será de 12 euros ao mes por alumno/a e actividade e o prezo da matrícula de 10 euros, que se aboará unha vez que a persoa estea admitida na actividade solicitada.

A oferta deportiva inclúe: ximnasia de rehabilitación, actividades aeróbicas (aerobic, step, zumba), zumba infantil, pilates, ioga, ximnasia rítmica, campo a través / atletismo, tenis de mesa, patinaxe, fútbol sala e pádel.

Este curso 2022/2023 as activida-



des comezarán o luns 3 de outubro de 2022 e rematarán o 31 de maio de 2023, a excepción do fútbol sala, que rematará o 15 de xuño por mor das competicións.

DESCONTOS. O Concello de Guitiriz aplicará descontos na matrícula nos seguintes supostos: 20% aos membros de familias numerosas, 20% na segunda actividade por estar matriculado en dúas ou máis e, por último, para familias con poucos recursos..

EN BREVE

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará os días 22 e 27 no Concello de Guitiriz, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás o día 27, que será só de mañá. A unidade estará situada no polígono industrial de Guitiriz. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

UNED. Abriu o prazo de inscrición da UNED Sénior. Esta actividade vai dirixida a persoas de máis de 50 anos que queren seguir formándose. Nesta ocasión, a UNED contará coas asignaturas de música e inglés. As persoas interesadas poderán anotarse no Concello de Guitiriz ata o 26 de setembro na sede do Concello, chamando ao teléfono 982 370 109 ou no mail info@concellodeguitiriz.com.

CERÁMICA. O Concello tamén ten aberto ata o 30 deste mes o prazo de matrícula do obradoiro de cerámica que se impartirá desde outubro ata maio no soto da Casa Habanera. Este curso levarase a cabo en dúas quendas, unha de mañá, de 11:30 a 13:30 horas e outra de tarde, de 18:30 a 20:30 horas. O prezo é de 20 euros ao mes e a inscrición pódese formalizar a través da sede electrónica.

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL
DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Os maiores formaranse sobre novas tecnoloxías

A Fundación Amigos de Galicia estará en Rábade en setembro para levar a cabo o seu programa formativo e de acompañamento aos maiores. Esta programa está dirixido ás persoas maiores que viven en situación de soidade, proporcionando apoio psicolóxico e fomentando o seu envellecemento activo, así como a súa sociabilización e dixitalización.

Xa está aberto o prazo de inscrición para participar nesta formación que se levará a cabo por parte de persoal de Fundación Amigos de Galicia (traballadoras sociais, educadora social, psicóloga e abogado) en colaboración cos servizos sociais dos concellos e con grupos de voluntarios, supervisados polo persoal da entidade.

Segundo as estimacións, en Galicia, máis de 130.000 persoas maiores de 65 anos viven soas, moitas delas por carecer de familiares ou persoas de referencia, polo que se atopan en situación de soidade, abandono e

illamento social.

As persoas beneficiarias do programa son derivadas polos servizos sociais municipais. Comézase cun primeiro grupo de 20 usuarios. Realízanse talleres prácticos e sinxelos para ensinar ás persoas maiores que sexan autosuficientes e teñan interese en manexar as novas tecnoloxías a través do móbil e o ordenador.

A formación dirixida á independencia dixital das persoas maiores para levar a cabo as súas tarefas diarias de maneira autónoma. Os obradoiros contan cun simulador de caixeiro automático bancario e teléfono móbil para que, de forma práctica, os alumnos poidan experimentar unha aprendizaxe significativo e interiorizar as actividades propostas; tales como solicitar unha cita médica, gardar quenda no seu Concello ou centro de saúde, sacar diñeiro no caixeiro, actualizar a súa cartilla ou manexar un teléfono móbil.

Abrirán unha rúa peonil xunto ao cine Man co apoio da Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ao Concello os máis de 33.000€ que son necesarios para a adquisición dun solar situado na parte traseira do antigo Cine Man, o que permitirá crear unha nova vía pública para peóns entre as rúas Lope de Vega e Alcalde Ángel Penas, que contará cunha zona de xogos.

O solar que o Concello adquirirá grazas á aportación da institución provincial dá na parte frontal á rúa Lope de Vega e linda na parte posterior co edificio que albergou o antigo Cine Man, adquirido tamén pola entidade local no ano 2019. “A firma deste convenio é importante por si mesma, porque vai supoñer a ampliación do equipamento público de Rábade, pero



tamén é importante porque demostra claramente, por un lado, que na Deputación cumprimos cos compromisos, e, por outro, que a cooperación desta institución cos concellos da nosa provincia é constante e continua”, afirmou o presidente.

O mandatario provincial avanzou o inicio de novas obras en Rábade. Trátase da rehabilitación do firme con aglomerado en quente da gorieta que dá acceso ao polígono e

da rexeneración do firme da totalidade da estrada de Rábade a Vilar de Seo, en dirección Cospeito, tamén con aglomerado en quente. O orzamento para estas actuacións, que xa están adjudicadas á empresa Ovisa, é de practicamente 45.500€.

Todo isto, explicou José Tomé, “reforza o apoio que xa vimos dando dende a Deputación ó Concello de Rábade para que poida ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños”.

Unhas 20 familias beneficiaranse da gratuidade do PAI local, di o PP

Segundo explica a voceiro popular o 2022-2023 será o primeiro curso no que todas as escolas infantís sexán gratuítas para os nenos de 0 a 3 anos. Galicia convírtese así na primeira comunidade en aplicar esta medida que, según a Xunta, beneficiará a unhas 30.000 familias cun orzamento de 30 millóns de euros. Destaca o PP os beneficios destas axudas no municipio. “Son 20 familias as que se beneficiarán da gratuidade das escolas infantís, concretamente no PAI”.

O PAI do municipio é un centro que nace da necesidade do coidado e o aprendizaxe que necesitan os máis pequenos e non só cando ambos pais traballan, senon que tamén os axuda a desenvolver as necesidades de atención, socialización e estímulo que necesitan os nenos no seu primeiros anos de vida.

O CIN de Bretoña celebrará este mes varias actividades

O CIN de Bretoña comeza o mes de setembro cunha serie de actividades dirixidas a dar a coñecer o centro de interpretación e a contorna. A primeira será o día 17 de setembro, sábado e leva por título Camiñamos xuntos: a ruta de Maoloc. Consiste na realización deste roteiro, que permite coñecer paraxes tan increíbles como Campo do Oso ou Pena Gallada. A duración é de unhas 3 horas e media e recoméndan levar auga e un bo calzado. A saída está prevista do CIN de Bretoña as 10.00 horas.

Ao día seguinte terá lugar a visita guiada ao Castro de Saa e a Bretoña para poder coñecer a historia da rexión dende a época castrexa ata a actualidade, percorrendo tanto os restos do Castro de Saa, no sur de A Pastoriza, como o centro de Bretoña. O punto de encontro será o Castro de Saa as 11.00 horas. É



necesario dispoñer de transporte propio de Saa a Bretoña e calzado cómodo.

O 24 de setembro está previsto un taller infantil de cerámica. Os máis pequenos da casa poderán coñecer un dos materiais que forman parte da historia da humanidade o tempo que crean a súa propia peza. Todos os materiais están incluídos na actividade. Dará comezo as 11 da mañá no CIN de Bretoña.

A Deputación inviste 350.000 euros na mellora da avenida Principal

A Deputación de Lugo aprobou un novo investimento por preto de 1,3M€ para a mellora da rede de estradas provincial. Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión da Xunta de Goberno, na que se acordou adjudicar obras en seis vías que discorren polas comarcas de Lugo, a Terra Chá, A Montaña, A Mariña, A Ulloa e a Ribeira Sacra. García Porto lembrou que a rede viaria provincial da Deputación de Lugo “é a de maior extensión de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos”, recordando que “nos Orzamentos deste ano 2022 están consignados máis de 17M€ para estas vías, o que representa pre-

to do 20% do presuposto total da institución”.

Na Pastoriza, a Xunta de Goberno aprobou a adjudicación da mellora da LU-P-4401 no seu tramo inicial ao seu paso polo centro urbano do municipio, coñecido como Avenida Principal. A Deputación destina 350.000€ para dotar de novas beirarrúas ás marxes da vía, rehabilitar o firme, instalar nova sinalización mediante marcas reflexivas brancas e mellorar a iluminación.

García Porto explicou que “con este proxecto completaremos as obras de mellora que xa se están acometendo cun investimento de máis de 300.000€ para rexenerar -por tramos- o firme de preto de 11 quilómetros desta vía e a pintura da totalidade da estrada”.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516150

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN



CURSO MULLERES. Comezou Galegas Dixitais, un programa de formación gratuito para a dixitalización de mulleres desempregadas, no que están a participar 15 persoas no centro cultural de Robra. O programa ten como obxectivo mellorar as capacidades dixitais das mulleres das zonas rurais e preferentemente desempregadas ou coa mellora de emprego solicitada.

begonte

Organizan en Begonte un taller de primeiros auxilios

Begonte acolle un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral que terá lugar na casa da cultura desta localidade o 19 de setembro de 16.30 a 19.30 horas. Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios.

Explicarase como chamar ao 061, a asistencia inicial ante un traumatismo, feridas, hemorraxias, convulsións, crises epilépticas, dificultade respiratoria (ansiedade, crisis asmática), dor torácica, queimaduras e escaldaduras, perdas de coñecemento, hipoglucemias, reaccións alérxicas, intoxicacións, reanimación cardiopulmonar básica en adul-



tos e infancia, atragantamento e recoñecemento dunha PCR.

A docencia estará ao cargo de Marta Fernández López, enfermeira asistencial da Base de Lugo do 061 Galicia.

As inscricións poden realizarse ata o 14 de setembro no correo deportes@concellodebegonte.es, no whatsapp no 619 455 026, no teléfono 982 396 143 ou presencialmente no Concello.

Licitado o proxecto para facer as piscinas e o centro BTT

Licitado o proxecto para a construción de dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña, cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros, do cal o 70% será achegado polo departamento galego e o 30% restante polo Goberno municipal. O obxectivo da intervención é dotar ao municipio lucense dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados.

O ámbito de intervención correspón-

dese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización do entorno.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos comple-

mentarios así como para aseos e vestuarios de uso público e área de enfermería.

A tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións necesarias para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños propios; e un centro BTT cunha zona taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios.



Escolares da provincia poderán visitar gratuitamente Avifauna

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o da asociación centro de interpretación Avifauna, Antonio Ibáñez Burgo, asinaron un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 40.000 euros para impulsar actividades e contribuír ao funcionamento do Parque Zoolóxico Ornitolóxico que xestiona o colectivo en Outeiro de Rei. O obxectivo desta axuda é a execución dun programa de educación

ambiental dirixido a anpas, centros escolares da provincia e entidades sen ánimo de lucro que estean vencelladas á cultura, natureza, educación, discapacidade e integración. A través de distintas actividades promóvese a sensibilización da poboación coa conservación do medio ambiente por medio da divulgación e coñecemento das aves e a súa contorna, as súas principais ameazas e as medidas de conservación.

Outeiro de Rei acollerá o 1 de outubro unha xornada sobre o castiñeiro

O Concello de Outeiro de Rei colabora con Campo Lab na celebración da I Xornada do castiñeiro produtor de castaña, que terá lugar na Casa da Cultura de Outeiro de Rei o sábado 1 de outubro a partir das 9:30 horas e ata as 20:30.

Nesta xornada abordaranse, entre outros temas, o tratamento e manexo de soutos, a tolerancia das plantas de castaña a enfermidades como o chancro e a avispiña, experiencias de I+D+i na conservación e xestión do castaña no Bierzo ou a adaptación dos soutos ao cambio climático.

As inscricións para participar nesta xornada formativa, que é gratuíta, poden realizarse a través do whatsapp 654 142 938 ou no enderezo electrónico campolabs@gmail.com

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

MOBELRIAS

OS MOBLES QUE A TÚA CASA NECESITA

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

“O abastecemento de auga e o saneamento son prioritarios”

Clemente Iglesias é rexedor de Riotorto dende o 2015

Clemente Iglesias naceu en 1976 en Riotorto, onde reside e traballa na administración local.

Pode facernos un balance do que vai de lexislatura?

O balance é moi positivo, levamos cumprido o noso programa electoral nun 80% quedando aínda 8 meses para que remate a lexislatura, conseguimos novos servizos para os nosos cidadáns como son dúas casas do maior, a casa niño, melloramos os accesos a varios núcleos e fixemos obras de saneamento e abastecemento en varios pobos.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos pendentes varios proxectos de mellora de camiños municipais que dan acceso a diversas parroquias, como é o acondicionamento da estrada desde Chacín a Fonfría, os accesos ao campo de fútbol, mellora de accesos en Valverde e Vilaseca, a carretera desde Santalla a LU-124, acondicionamento da estrada que vai ao barrio de Pereiro (Aldurfe), acondicionamento de varias vías en Espasande de Abaixo (desde

Cruz a Hermida e desde Navallo a Hermida), Praducelo, Orrea e aglomerado do campo da festa e carreteras anexas en Galegos. Realizaremos tamén este ano obras de saneamento en todo o pobo de Galegos.

Cal é o maior proxecto que se levou a cabo no Concello dende que se atopa á fronte?

Foron varios os proxectos que se fixeron ao longo destes anos, pero pódese destacar a creación de novos servizos (casa niño, casas do maior, pista de pádel, pista multi-deporte) e a mellora das estradas municipais que facilitan o acceso viario os pobos. Tamén a recente aprobación do Plan Básico Municipal é moi importante para o noso municipio xa que se ordena urbanisticamente todo o termo municipal.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos varios proxectos pendentes de executar neste último trimestre deste ano, no eido das infraestruturas viarias, saneamento e no eido industrial coa instalación da planta de transferencia de

residuos.

Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Estamos tamén en colaboración con Adamo desplegando a fibra óptica no medio rural, actualmente temos fibra no casco urbano. Temos solicitada unha axuda á Xunta de Galicia para construír unha residencia da terceira idade de 37 prazas.

E a nivel industrial, cales son os plans municipais? No tocante ao polígono?

A nivel industrial, estamos moi enfadados coa Deputación provincial de Lugo, xa que despois de 6 anos que nos custou dispoñer de tódalas autorizacións sectoriais e permisos, e unha vez aprobado o proxecto de industrialización para facer 12 parcelas industriais, o ente provincial non quere gastar os 402.000 euros que estaban comprometidos para este polígono. A Deputación provincial discrimina unha vez máis aos veciños de Riotorto e paraliza o crecemento industrial das empresas locais.

A pandemia golpeou a todos os sectores culturais e tradicionais deixando sen actos á artesanía galega. Que pasou coa Feira do Ferro deste ano?

A Feira do Ferro é un referente na artesanía a nivel autonómico, desde o ano 2019 non se fixo este evento pola pandemia. A Feira do Ferro empézase a organizar no mes de xaneiro, e este ano estamos cun brote importante nesa data, polo que decidimos entre a asociación de ferreiros e o Concello non facela este ano. Esperamos que para o ano 2023 se poida celebrar e poñer de novo en valor os produtos do ferro que fan os artesás desde pobo.

Riotorto conta con moita actividade veciñal. Que nos pode dicir dos locais sociais? Hai algún plan de mellora ou acondicionamento?

A verdade é que si, neste municipio temos máis de 15 asociacións de veciños que dinamizan as actividades culturais das parroquias. O Concello reparte cada ano 12.000 euros entre estas asociacións para financiar actividades culturais e deportivas. O longo destes anos fóronse acondicionando diversos locais sociais que



existen nos pobos coas axudas que concede a Xunta a través da Dirección Xeral de Administración Local, na actualidade 4 asociacións disfrutan desta axuda para acondicionar estes locais onde se realizan actividades de ximnasia de mantemento, manualidades, cursos de informática... que son organizadas polo Concello e as asociacións.

A Feira do Ferro é un referente na artesanía a nivel autonómico, desde o ano 2019 non se fixo este evento pola pandemia

O Mazo de Ferreiravella é un lugar emblemático do municipio. En que punto está a oferta de explotación?

Na actualidade estamos analizando dúas ofertas de explotación e esperamos que para o ano 2023 estea en funcionamento a explotación da área recreativa. As visitas ao Mazo estanse realizando na actualidade, previo aviso ao Concello.

Un dos temas máis polémicos do ano foi a planta de residuos de Aldurfe. Como se atopa este tema?

A planta de transferencia de residuos vaise facer nas inmediacións da estrada LU-122 nunha parcela que adquiriu o Concello e que ceceu a Sogama e que se atopa preto da Cruz da Cancela no termo municipal de Riotorto. A ubicación

inicial que se plantexou en Aldurfe quedou descartada.

O ano pasado créanse dúas casas do maior e unha residencia. É importante para Riotorto e para o rural este tipo de servizos?

Si, para nós eses novos servizos son prioritarios e están sendo demandados polos veciños. As casas do maior están hoxe ocupadas nun 80% e a residencia da terceira idade esperamos que sexa unha realidade nos vindeiros anos. Estamos priorizando moitos recursos no coidado da xente da terceira idade, non só nestes servizos senón tamén no servizo de axuda a domicilio. Na actualidade temos 20 auxiliares de axuda no fogar que van polos domicilios prestando este servizo, que conta con máis de 90 usuarios.

Traballouse no abastecemento de auga ás parroquias. Cales foron estes traballos?

O abastecemento de auga e o saneamento é prioritario para este Goberno. Fixemos diversas melloras nos depósitos municipais de auga de Teixeira, Moxueira e Aldurfe. Melloramos as traídas de auga de O Rego (Órrea), Santalla e Espasande de Abaixo. No tema do Saneamento, aínda existen moitos pobos que non dispoñen deste servizo, que é gratuito para os veciños. Recentemente realizamos obras de saneamento en Mundín-Hortobello, Santa Marta de Meilán, Chacín, Lamas-Vilaseca e Vale. Neste ano quedará rematado o saneamento no pobo de Galegos.



riotorto

A Xunta aproba o Plan Básico Municipal

A Xunta acaba de aprobar de forma definitiva o Plan básico municipal (PBM) de Riotorto, que se converte así no segundo municipio galego —despois de Trabada— en dotarse deste instrumento de ordenación pensado para que os concellos de menos de 5.000 habitantes e sen planeamento poidan desenvolver actividade urbanística sen establecer criterios de crecemento urbano. Acompañada do alcalde, Clemente Iglesias, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinou en Riotorto a orde de aprobación definitiva do PBM, un fito que enmarcou no esforzo da Xunta nos últimos anos para acadar o obxectivo de que Galicia avance cara a un urbanismo responsable e na protección da súa paisaxe. Tras lembrar que o contrato para redactar o plan básico deste municipio se formalizou a finais de 2019 e o documento foi aprobado inicialmente en xuño do ano pasado, a conselleira incidiu en que unha das vantaxes deste instrumento é que a súa tramitación é “moito máis áxil”

que a dun planeamento xeral, que normalmente precisa ata tres veces máis de tempo para acadar a aprobación definitiva. Neste sentido, felicitou ao Goberno local por ser un dos primeiros en apostar por esta figura novidosa, creada ao abeiro da Lei do solo e concibida para avanzar no obxectivo da Xunta de que non haxa ningún concello sen PXOM. En concreto, o plan clasifica un único ámbito de solo urbano consolidado no concello de Riotorto, sumando todos os terreos que integran a malla urbana existente e de xeito que os sete antigos asentamentos rurais quedan a partir de agora unidos ao lugar das Rodrigas. Así mesmo, o PBM delimita un total de 67 núcleos rurais: 58 deles de tipo tradicional, 8 que combinan partes tradicionais e comúns e 1 común. En canto aos elementos máis significativos do patrimonio cultural e natural merecedores dunha protección especial, o documento identifica e cataloga un total de 121 dos cales 10 son de tipo arqueolóxico, 44 arquitectónicos e 67 etnográficos.

pol

O Concello leva a auga a Lúa ante a falta de subvención da Xunta

O Concello de Pol está levando a cabo as obras de colocación da traída de auga ao barrio de Lúa na parroquia que leva o mesmo nome. O Goberno local tomou a decisión de realizar estas obras con fondos propios cando lle foron negados unha parte dos 39.700 euros que solicitou á Xunta de Galicia, máis concretamente a Augas de Galicia, para levar a auga a esta parte do termo municipal.

A solicitude cursada ao ente autonómico estimaba que Augas de Galicia se fixera cargo de 31.700 euros mentres que o Concello de Pol se encargaría de cubrir os 8.000 euros restantes con fondos propios. Segundo explica o alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, “é indignante que tras recibir do Concello de Pol uns 80.000 euros do canon da auga nos deneguen a axuda para un servizo tan imprescindible para os veciños como é a auga”. “Debido a esta inxusta situación e para que os nosos veciños tivesen este servizo de primeira necesidade non nos quedou outra que facernos



cargo da obra cos nosos fondos, porque non podemos continuar máis tempo nesta situación”, engade. Ónega asegura que a negativa da Xunta foi por falta de puntuación, “pero a puntuación non se pode ter en conta ante un proxecto como este que se trata dun servizo tan vital como auga”. Indica que nese barrio hai tres casas que están sen auga e outras máis que teñen pero que é insuficiente. Indica que é un problema que se repite no tempo xa que todos os meses de setembro, tralo verán, teñen que levar auga cun camión a este lugar debido

á situación de seca, algo que se agravou este ano e “queremos regularizar esta situación dunha vez”. O alcalde avanzou que contan con ter auga no barrio da Lúa a mediados de mes. Engadiu tamén que “non é a primeira vez que temos que facernos cargo dunha obra pola falta de aportación da Xunta”. Rodríguez Ónega referiuse tamén ao Partido Popular municipal, ao que acusou de “estar falando sempre de irregularidades, que son falsas, e son eles os que non aportan para obras deste tipo tendo que ser o Concello o que se faga cargo de todo”.

X FEIRA DO GANDO VACÚN DE CARNE



CATEGORÍAS:

Machos menores de 8 meses
Femias menores de 8 meses
Machos maiores de 8 meses
Xatas
Vacas

PREMIOS POR CATEGORÍA:

1º premio: 150 €
2º premio: 100 €
3º premio: 50 €
Premio especial mellor lote: 200 €

Sábado 24 de setembro

FEIRA, MOSTRA, CONCURSO E
POXAS DE MACHOS E FEMIAS
Mercado Municipal Friol

O Pleno aproba a adquisición dun punto limpo móbil

O Pleno aprobou unha modificación de crédito para facer fronte á achega municipal da agrupación Guitiriz-Xermade para a adquisición dun punto limpo móbil, por importe de 6.808,83 euros.

Así mesmo, fíxose a aprobación inicial da ordenanza reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos do Concello de Xermade, polo que se prevé ingresar arredor de 10.000 euros no exercicio 2023.

Outro dos temas que se trataron foi a inclusión dunha subvención nominativa a favor da Universidade de Santiago para o proxecto O papel dos microminerais no doente oncológico na provincia de Lugo, dirixido pola investigadora e profesora Marta López Alonso.

Quedou modificada a dedicación parcial da concelleira delegada de Medio rural, Emprego, Infraestruc-

turas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal (aprobada por acordo plenario de data 15 de xullo de 2019), que pasa a ser de 26 horas/semana, cun soldo bruto anual de 16.373,76 euros en 12 pagas.

Informouse da aprobación de tres proxectos. O primeiro é o de obras da depuradora do Campo da Feira, en Momán, que vai executar a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, cun orzamento de licitación de 257.902,09 euros, correspondendo ao Concello de Xermade a obtención dos terreos.

Tamén o proxecto de obras de rehabilitación da Reitoral de Xermade para convertela nun Centro Internacional da Torneiría e o proxecto de rehabilitación e ampliación da Reitoral de San Pedro Fiz de Roupar para convertela en Casa da Veciñanza, unha dotación dixirida á terceira idade.

Xermade volverá ser capital dos Torneiros do 16 ao 18 deste mes

Xa está todo listo para o XXII Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que terá lugar do 16 e 18 de setembro no concello chairego.

A Deputación de Lugo achega 6.000€, a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, para a celebración desta cita. Fernández Rico destacou que se trata “dun encontro co que colaboramos dende a institución provincial pola proxección nacional e internacional que supón para este concello e, desta forma, para toda a provincia de Lugo. Pero tamén porque pon en valor unha materia prima como a madeira”.

“Despois de máis de dúas décadas, este Encontro de Torneiros converteu ao concello de Xermade nun referente internacional desta modalidade de traballo da madeira e a fusión de traballos tradicionais e obras de deseño vangardista é o seu gran acerto”, explicou. Así mesmo, o Deputado agradeceu ao Concello de Xermade “o bo traballo que está facendo para conservar un oficio tradicional, que deixaba a súa pegada no mobiliario cotián das casas, nos



ornamentos dos retablos ou en pezas de instrumentos musicais”.

Este ano, tal e como se anunciou na presentación, o Encontro de Torneiros contará con demostracións en vivo destes artesáns, así como puntos de venda de distintos produtos artesanais de madeira. Nesta ocasión, contará coa presenza de expertos e profesionais da artesanía, como Patrick Arlot, Paul Hannaby, Georges Baudot e o galego Lolo Castro.

O alcalde de Xermade destacou que esta cita “enorgullece ao municipio que se converte no centro

internacional deste oficio contando con grandes mestres, e que ademais supón un gran reclamo turístico que redonda na economía da comarca”. Ademais, García Pernas avanzou que o Concello solicitou á administración autonómica a declaración de Festa de Interese Turístico Galego e que agarda obter esta distinción para as vindeiras edicións. Así mesmo, García Pernas explicou que para enxalzar “aínda máis o traballo dos nosos torneiros estamos traballando na creación dun Museo da Torneiría no municipio”.

O PP pide un estudo antes do proxecto da casa reitoral

O Grupo Municipal Popular instou ao goberno local a facer un estudo “real e realizable” para deseñar un proxecto para a casa reitoral de Santa María. Os populares propoñen que o Concello conserve os locais de valor cultural na planta baixa do edificio -unha bodega do forno, unha cociña con lareira e unha corte con estrume de maraña- polo seu valor cultural, didáctico e antropológico e completar a posta en valor da construción con elementos etnográficos do medio rural galego dos séculos pasados. Así mesmo, consideran que “na pri-

meira planta hai cabida para outras mostras da nosa riqueza etnográfica e histórica. De feito, a propia construción é amosa a forma de tabicarnas antigas vivendas”. Tampouco se debe descartar habilitar un espazo para o torno e a madeira servindo como enlace físico coa Aldea Artesán da Fraga, de Cazás. Igualmente, dende o PP local apostan por “crear un espazo para a mostra da bibliografía dos nosos veciños ilustres -Villares, Mouriño, Guerreiro...- sen pretender substituír á biblioteca pública municipal”.

Prohiben encher piscinas e a rega polo escaso caudal

O Concello de Xermade informou aos veciños que queda prohibido encher piscinas, a rega e o lavado de coches, polo escaso caudal que presentan os mananciais. O alcalde, Roberto García Pernas, constatou estas restricións que xustifica porque “os mananciais baixaron moito e escasea a auga”.

“Non é que esteamos en risco extremo, de momento pero os ma-

nanciais van moi baixos. Estamos con pozos bombeando para os depósitos. Hai que ser prudente e ter coidado de que non haxa escaseza total”, dixo.

Roberto García lembrou que de seguir coa seca, a situación pode empeorar moito para a maior parte dos concellos. Polo momento avanzou que hai veciños que se lles secan os pozos.

O Concello contrata varias obras de reparación de viais

O Concello de Xermade vén de formalizar dous contratos de obras para a reparación de vías municipais. Un deles é para a reparación de camiños en A Criba, Cabreiros, Candamil e O Aruxo, adxudicado á empresa Francisco Gómez por importe de 128.292,56 euros máis 26.941,44 euros de IVE, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

O segundo contrato é para a mellora de camiños en Sanche, Piñeiro e Framil, financiado con cargo ao Plan de Mellora de Camiños de Agader 2022-2023, adxudicado á empresa José No Mantiñán por importe de 70.000 euros máis 14.700 euros de IVE.

Ambas obras foron adxudicadas o 11 de agosto de 2022 pola Xunta de Goberno Local, e o goberno municipal prevé que o seu inicio sexa inminente.

Así mesmo, a mesa de contratación reuniuse para aceptar a xustificación das baixas temerarias presentadas na licitación das obras Reparación de estradas en A Ermida, O Chao, Lousada e Badoi (financiada tamén con remanente líquido de tesouraría) e Reparación de estradas en Xemaré, Portovelo, Cerra-

cín, etc. (Plan Único 2022).

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación da obra Reparación de estradas en A Pena, Roupar, Azoreira, etc., financiada con cargo ao Plan Único 2022, por importe de 74.056,48 euros (IVE incluído).

O goberno municipal está agardando polas autorizacións sectoriais precisas para aprobar os proxectos de reparación de pistas forestais no norte e sur do municipio e licitar ambas obras, financiadas tamén con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

ESCOLAS DEPORTIVAS. O Concello abriu o proceso de licitación do servizo de escolas deportivas culturais para o novo curso 2022/23 e por dúas tempadas, que englobarían as de teatro, costura, manualidades e xogos interxeracionais, así como patinaxe, multideporte, fútbol, psicomotricidade, zumba, loita e hockey sobre patíns para nenos e pilates para adultos.

As actividades socioculturais que se realizarán no Concello de Xermade terán lugar polas distintas parroquias e sempre que exista un número mínimo de participantes.

EN BREVE

DANO CEREBRAL. A Casa Escola de Cabreiros acollerá o xoves 22 de setembro, unha charla sobre dano cerebral adquirido, organizada por Adace Lugo, a partir das 18.00 horas. A intervención estará ao cargo de Pablo Freire Portela, traballador social de Adace Lugo. A charla está dirixida a toda a poboación.



CINE NA RUA. O venres 16 de agosto, Xermade convertirase nunha sala de cine grazas ao programa Cinenarua para que as nenas e nenos gocen da proxección da película de animación *Valentina*. Será ás 21.00 horas na praza do Concello e en caso de choiva no local da asociación de mulleres Amuraxe, organizadora da sesión. A entrada é gratuita ata completar aforo.

“Recuperado o oficio, queremos darlle un futuro económico”

Alfonso Franco Criado é presidente da Asociación Amigos da Madeira

O Encontro de Torneiros está organizado pola Asociación Amigos da Madeira das Pontes, á fronte da que está Alfonso Franco Criado.

Como xurden os encontros?

Os encontros nacen no 2001 por unha colaboración de dous rapaces que tiñan moito interese no mundo do torno, Fernando Veres e Vicente Ledo. Vicente ten unha casa de turismo rural en Cazás, e tiña un local donde facía restauración de mobles polo que deciden facer unha reunión de torneiros alí. Fernando coñecera a Lolo Castro e gustoulle moito o mundo do torneado, así que propuxeron unha reunión porque era un oficio que estaba a piques de desaparecer, de feito a única persoa da zona que se coñecía que facía torno era Lolo. Como era un oficio a extinguir decidiron tratar de recuperalo, de encontrar os coñecementos, ferramentas e utilidades, é dicir de saber como era o mundo do torno.

Cando foi o primeiro encontro?

Eles fan o primeiro encontro no 2001 e tiveron unha resposta bastante ampla, máis se cabe fóra de Galicia. Comezou a vir xente de Asturias, Cataluña e País Vasco. Era xente afeccionada, non eran profesionais, salvo Arturo que era cuidador do Museo e facía demostración de torno de ballesa. A raíz diso decidiron continuar todos os anos facendo a reunión que foi crescendo dende o primeiro ano pero empezou a medrar esa afección. Debido a este aumento de afluencia, o local que é o taller de restauración de Aldeas Artesanais da Fraga, no que estaban a realizar a reunión, queda pequeno. A partir de aí, fálase co Concello que cede o polideportivo para celebrar os encontros, que continúan medrando.

E a asociación como xurde?

No 2007 contéplase a posibilidade de facer unha asociación para entre encontro e encontro manter o contacto e seguir evolucionando na recuperación do torneado artesanal. Así nace a Asociación de Amigos da Madeira das Pontes que a función primordial era a recuperación do oficio do torno. Xunto a ese oficio do troneo establécese conxuntamente a asociación de torno e talla xa que nas pontes había moitos tallistas e están moi interrelacionados e vinculados xa que moitos que realizan torno tamén realizan talla e ao revés.

A asociación está nas pontes porque naqueles momento moita xente que a integraba estaba nas Pontes ou tiña algunha vinculación cas Pontes.

Cantos integrantes ten?

Contamos con 65 socios. A Asociación comezou cunha vintena de socios, botou uns anos que non había moita actividade ata que se consolidou. Despois, a morte de Fernando Veres supuxo un impás con case a parálise da asociación. Recuperouse e comezaron a desenvolverse obradoiros e tivo un empuxe grande de novos socios. Neste últimos anos ademais alégranos moito a incorporación de rapaces novos como socios, de feito este último ano nunha das quendas dos obradoiros eran fundamentalmente rapaces. A xente dá un relevo na asociación e ademais trae ideas novas, novos coñecementos e con internet ven cousas que queren probar e ver como é e esto supón unha continua innovación.

Que tipo de actividades facedes?

Durante todo o ano temos uns obradoiros de torno. Nos damos un curso de torno que dura todo o ano e é bastante completo e a final de curso, en xuño, facemos un día de portas abertas onde se realiza un día de torneado aberto para todo o que queira vir a vernos e onde veñen asociacións similares á nosa, un intercambio con outras asociacións como Virutas de Ferrol ou Amigos da Madeira de Ribadeo coas que facemos un pequeno intercambio. Os alumnos que estiveron facendo o obradoiro fan unha pequena demostración dos seus coñecementos e unha pequena exposición. Tamén colaboramos, a parte de co Concello das Pontes, con outros concellos como Moeche, Guitiriz, Ribadeo en determinadas cousas que fan relacionadas por exemplo con feiras de artesanía onde realizamos demostracións in vivo e máis exposicións de pezas. Casi todo o ano temos cousas nas que participar.

Por qué Xermade?

O de estar en Xermade é porque naceu ali o encontro, na casa de Cazás que pertence ao concello de Xermade, e alí tamén foi onde medrou e síguese celebrando alí. Nas Pontes si había moita tradición de torneiros. No ano 1752 no catastro aparecen 21 torneos de Escobillas de Palo, nunha vila que tería 200 habitan-

tes onde 21 se dedicaban ao torno e hoxe hai máis de 21 persoas que dunha maneira ou outra tornean de xeito afeccionado porque digamos que o último torneiro profesional foi Lolo Castro. Digamos que As Pontes é o punto de referencia da asociación porque é o punto onde hai hoxe en día máis afluencia de xente que está interesada por este tema. As Pontes ten bastantes habitantes e é máis fácil de desenvolver a actividade aquí que nun concello pequeno coma Xermade cunha poboación máis envellecida. Que siga alí o encontro de torneiros e porque alí naceu, ali se fixo a maioría de idade e queremos que siga alí.

Que novidades temos este ano?

Este ano por unha parte imos ter demostradores que veñen de fóra. Dúas persoas de Francia, unha de Inglaterra e outra de Galicia que vai ser Lolo Castro, que fará os tradicionais traballos coa legra. De Inglaterra ven Paul Hannaby que vai realizar traballos con pinturas e onde xa se incorpora a madeira con algúns metais para facer complementos. Por parte de Francia ven Patrick Arlot, que nos vai facer unha serie de pezas coas que vai facer texturados cunha fresadora; e Georges Baudot que vai a facer torneados en distintos eixes que imos ver sobretodo o finalizado de cousas descentradas que é moi interesante. Todo o mundo da artesanía está evolucionando e vaise a actualizar a lei de artesanía de Galicia e imos ter unha pequena exposición por parte da xerencia Fundación Pública de Artesanía de Galicia dos rasgos que se van contemplar nesa nova lei e dos cambios que vai haber. E dicir un esbozo en liñas xerais da nova lei que será o venres pola mañá dos aspectos a actualizar dentro da norma.

Contades con apoios?

Si os encontros dende un principio tiveron sempre o apoio e a colaboración da Fundación Artesanía de Galicia e da Dirección Xeral de Comercio e da Consellería de Industria. O Concello de Xermade tamén apoia sempre e nestes últimos anos tamén tivemos un forte respaldo da Deputación. O impulso económico é fundamental para seguir adiante, nós aportamos a colaboración co Concello de Xermade no referente a organización e o económico porque



traer a unha persoa doutro país ten un custe económico grande e precisamos un apoio económico neste caso da Xunta, a Deputación e o Concello de Xermade.

De cara ao futuro, hai algunha liña esbozada de onde queredes ir?

De cara ao futuro pensamos que o oficio está un pouco recuperado e actualizado entón agora quieramos tratar de recuperar a actividade económica. É dicir, que o oficio sexa rendible para aquelas persoas que queiran dedicarse a isto como medio de vida, non digo total pero si de xeito parcial. Isto pasa primeiro por unha posta en valor das pezas. Aquí non se venden pezas pero queremos que a xente as valora e xa hai un interese por comprarlas, entón creemos que chega o momento de pensar de cara ao futuro a maneira de poder comercializalas. Agora en Galicia xa hai obradoiros que participan nas mostras e que teñen durante todo o ano actividades, como escolas de torno e fan pezas para empresas ou comercios, entón o que queríamos era buscarlles unha saída económica, que se poda comercializar as pezas desta xente ben a través de internet ou ben nos obradoiros propios pero xa buscarlle un futuro económico o oficio. Agora que creemos que o oficio está tecnolóxico e tecnicamente algo recuperado agora teriamos que darlle ese valor eco-

nómico para que o oficio poda seguir funcionando. Hoxe co nivel que hai xa non é de afeccionas senón de autenticos profesionais.

Que necesidades se plantexan?

Estamos moi contentos coa colaboración tanto das institucións coma da xente e afeccionados que nos visitan e que participan. Todos os anos fomos medrando en participación, por exemplo o ano pasado había uns sesenta expositores, desde os primeiros anos que eran catro ou cinco. Estamos moi contentos coa evolución. Queremos que se siga consolidando, que siga a xente vindo a ver o que hai en Xermade do 16 ao 18 de setembro, que nos visite, que se vaian contentos, que se queden na zona de Xermade porque é importante para a hostalaría. Necesitabamos de cara ao futuro que o pavillón, que xa ten os seus anos, tivera un pouco de actualización debido o volumen que se esta acadando agora mesmo de visitas. Gustaríame tamén convidar á xente que nos visite, que vai ir contenta co que vé alí, tanto coas actividades como coas pezas que van a estar expostas. Son cousas que vale a pena ver porque ademais van estar os profesionais e afeccionados que as fan e poden preguntar dúbidas, como se realizan as pezas. E vai poder ver como se fan cousas que as veces parece imposible facelas nun torno.



DESDE 1960
QUESERIAS DEL EVME

A Faelra, s/n 15325 - As Pontes (A Coruña) - www.queseriasdeleume.com

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

A Gañidoira acollerá o 25 de setembro a Feira do Poldro

Muras vivirá o día 25 de setembro unha nova edición dunha das celebracións máis populares do Concello, a Feira do Poldro e do Gando do Monte na Gañidoira, que este ano chega á XXXIV edición como Festa de Interese Turístico Galego, título obtido no ano 2019.

A festa manterá a estrutura de anos anteriores. Así, o domingo será o día grande da feira. A actividade dará comezo pola mañá cedo coa chegada do resto dos animais aos curros e co comezo do concurso de gando que organiza o Concello.

Na programación, aínda sen determinar haberá carreiras, tanto para afeccionados como federados o mesmo que a entrada dos cabaleiros á feira desfilando, organizado pola asociación Atila. Non faltará a música e os xogos máis dirixidos aos pequenos.

Outro dos éxitos da xornada será a degustación de hamburguesas e chourizos de poldro a cargo de Puraga, que non podía faltar un ano máis e que nas ocasións anteriores esgotaron existencias. Contarán tamén con outras activi-

dades paralelas, como os paseos a cabalo, así como exhibicións, que se darán a coñecer nos próximos días.

A organización do evento, a cargo do Concello de Muras, conta co respaldo de dúas asociacións locais, Puraga e Atila, así como da área de Medio Rural da Deputación provincial e da Xunta de Galicia.

A Feira foi suspendida só un ano, xa que no 2021 celebrouse aínda que con moitas restricións debido a existencia aínda de gromos de covid.



“As feiras son unha oportunidade de sensibilizar a toda a sociedade”

Mónica Freire, responsable da área de Medio Rural da Deputación provincial

Muras prepárase para a Feira do Poldro, unha das citas máis destacadas do seu programa cultural, que recupera a programación prepandemia e que reúne a colaboración das distintas institucións. Unha delas é a área de Medio Rural da Deputación, á fronte da que está Mónica Freire, que explica o apoio da súa institución a proxectos deste tipo.

Que evolución lle ve nos últimos anos a esta feira?

Tanto dende o Concello de Muras como dende a propia asociación de gandeiros Puraga veñen realizando un extraordinario traballo nas sucesivas edicións da Feira do Poldro e do Gando de Monte, que ano a ano xenera un importante movemento de animais e de ganderías, con exemplares, criadores e criadoras que proceden de diferentes puntos de Galiza, para participar tanto na compra e na venda, como nos certames e actividades incluídas na programación da feira. Muras, e os concellos do Xistral, constitúen un espazo de referencia no gando cabalar do país, e a feira xoga un papel fundamental na proxección desta riqueza natural, cultural e patrimonial.

Que é o que máis destacaría?

Observamos con moito interese as actividades que se desenvolven ao redor do propio mercado gandeiro para promocionar a carne de poldro, que conta con cualidades nutricionais e organolépticas moi destacadas e aínda descoñecidas por unha parte da sociedade. Afondar nesta vía de comercialización da carne ten que contribuir ao propio sostemento das ganderías. E tamén resulta interesante achegarse aos

certames e ás probas deportivas, porque son actividades que, atraen a gandeiros e gandeiras novas, que son os que deben garantir a continuidade da gandería e tamén da actividade deportiva, lúdica e cultural arredor do mundo do cabalo, así como a afeccionados que atopan na feira un punto de xuntanza para compartir a súa paixón.

Como se valoran esta clase de eventos?

Nós entendemos que as feiras gandeiras teñen un impacto moi positivo, en diferentes eidos. A actividade económica local derivada da compra e venda de exemplares e dos produtos alimentarios xera un dinamismo no propio sector. Tamén contribúen á promoción das localidades ou dos concellos nos que se celebran e ao mantemento das tradicións. Pero máis aló da repercusión económica por estas vías, entendemos que as feiras son unha oportunidade para sensibilizar a toda a sociedade, non só ás persoas que viven e traballan no sector, sobre o valor ambiental, social e cultural da gandería e dos sistemas tradicionais de cría no monte. É importante que percibamos a importancia desta actividade para o equilibrio territorial e de coexistencia coa diversidade animal nos nosos montes e para unha produción alimentaria de calidade e proximidade.

Que supoñen para a provincia?

Temos un importante número de citas gandeiras por toda a xeografía. Xeralmente, son eventos que van incorporando xunto ao propio mercado outras actividades lúdicas e culturais, para xerar interese de

todos os públicos. Como dicía, consideramos que a súa continuidade ten unha repercusión moi positiva tanto no propio sector, como na sensibilización respecto do papel da gandería extensiva e do vital papel que os pastores e gandeiros xogan no mantemento do territorio, da súa paisaxe e da biodiversidade animal e vexetal endóxena de cada rexión.

Estase a fomentar a conservación do medio rural dende a Deputación?

O futuro do medio rural pasa necesariamente por manter a poboación e a actividade económica, e para iso son precisas políticas públicas que superan as competencias e os recursos dunha institución provincial e que teñen que ver cos servizos públicos, coas infraestruturas, coa creación dun marco que asegure a rendibilidade das actividades agrogandeiras. Dende a área de Medio Rural, centrámonos nestes anos en desenvolver accións encamiñadas a mellorar a ordenación do territorio e a prevención de incendios, a través do programa “O que non arde”, e, por outra, co reforzo do tecido produtivo, con iniciativas como a plataforma de comercio electrónico para a venda en liña “Son de Lugo” ou o programa “Da Escola á Granxa”, e o apoio económico e técnico ás asociacións de produtores.

Como se poden seguir impulsando este tipo de feiras?

Seguirá sendo fundamental o apoio das institucións, e desde a área de Medio Rural mantemos a nosa disposición a colaborar coas asociacións gandeiras e coas iniciativas



que aposten polas razas autóctonas e os modelos produtivos extensivos adaptados ao territorio, como vimos facendo ate agora. Pero calquera

proxección vai ligada ao futuro do medio rural. Estas feiras terán sentido na medida en que sexamos capaces de manter un rural vivo.

Aproban axudas a comunidades de montes da serra do Xistral

O Goberno provincial aprobou na súa reunión semanal a resolución provisional das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común beneficiadas polas axudas económicas convocadas pola Deputación dentro do proxecto europeo Life in Common Land que ten en marcha para promover a conservación e o desenvolvemento sostible do territorio da Serra do Xistral.

O total da liña de axudas alcanza os 300.000€, que recibirán 10 comunidades de montes veciñais dos concellos do Valadouro, Xove, Muras, Orol e Viveiro. “Con estas subvencións, que sacamos en réxime de concorrencia competitiva, o que facemos é recoñecer e retribuír o traballo e as boas prácticas que fixeron os comuneiros e comu-

neiras a través da súa actividade gandeira para manter e mellorar os hábitats de turbeiras e queirogais húmidos do Xistral, un conxunto de hábitats que é único na Europa continental”, explicou a voceira socialista.

Trátase de pagos compensatorios polos resultados de conservación realizados ao longo dos anos 2019, 2020 e 2021. García Porto sinalou que se trata “dunha medida pioneira no noso país, e que, a raíz desta experiencia, poderase replicar noutros territorios de España e de Europa. É dicir, queremos que esta experiencia piloto, de pagar por conservar o medio ambiente, non se quede aquí, senón que continúe e que se implante noutras zonas”.

“Necesitaríamos que nos facilitaran a adquisición de terras abandonadas”

Antón Vázquez Corral é o director técnico de Puraga

Unha das asociacións vinculadas á organización da Feira do Poldro é Puraga, Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega, que realiza varias actividades na mesma. Antón Vázquez é o seu director técnico.

Cando naceu a asociación?

Puraga nace en outubro de 2005. Polo tanto son xa 17 anos nos que vimos todo o proceso, dende medir os cabalos, mirar fotos, buscar reseñas históricas, poñerlles michochiops, etc. De feito, isto nós o fixemos antes de que fora obrigatorio. Tiñamos xa unha base de datos de case mil cabalos cando a administración empezou a obrigalo, tamén cando se empezaron a cobrar as subvencións por ter eses animais, porque as razas autóctonas veñen por unha liña de traballos da Unión Europea para conservar a diversidade xenética. Unha historia de 17 anos na que pasamos de ter un exemplar rexistrado a ter 1.700 que son os que temos agora.

En que situación están agora?

Vivimos momentos para o gando equipo malos. Tivemos estas crises hai 8 e 10 anos onde eran animais nada apreciados pero no momento actual si hai unha demanda por parte do mercado. Eso coincidiu coa entrada do microchip, coa profesionalización do gandeiro, do criador, e iso repercute nunha trazabilidade, nunha sanidade e nun benestar importantes de cara a vender nun prezo.

Cal é o obxectivo da asociación?

O obxectivo principal de Puraga é a conservación do cabalo e pura raza galega e dos seus sistemas de cría tradicional porque entre outras cousas teñen un gran impacto ambiental positivo. Falamos aquí

de semiliberdade e con todo o que implica o cabalo no monte, ese manexo peculiar, as rapas, as feiras, o vocabulario, as tradicións... E tamén buscamos dignificar a tarefa do gandeiro na conservación deste recurso xenético.

Canta xente pertence á Puraga?

Actualmente forman parte de Puraga máis de cen socios, repartidos polas catro provincias galegas pero onde máis hai é en Lugo.

Que actividades realizan durante todo o ano?

A liña principal de traballo de Puraga é o fomento da carne. Porque producimos unha carne de gran calidade, porque estamos a fixar poboación no rural, porque estamos a crear emprego no rural, porque a nosa mabeira de criar cabalos é benéfica para o medio ambiente, non é que sexa sostible ou ecolóxica, non, é que é benéfica. De feito nos lugares onde se crían cabalos e están ben xestionados, xenéranse paisaxes de maior diversidade, ademais do control da biomasa e o control de incendios. Pero tamén traballamos noutras liñas, como as deportivas. Estamos moi orgullosos dun proxecto que estamos sacando que é o cabalo marchador galego, que é empezar cunha nova raza de cabalos que existía en Galicia, son como o galego, pero un pouco máis grandes, que se criaban nas casas e que teñen ese paso tan característico e recoñecido en Galicia como é a andadura. Tamén facemos demostracións morfolóxicas, degustacións de carne, showcookings, sorteos por internet, ademais da levanza do libro xenealóxico da raza, xa que somos a única asociación recoñecida oficialmente para isto, e a certificación de todo o número de cabezas

para que os gandeiros podan cobrar a súa axuda.

Notaron un crecemento na afiliación da asociación?

O número de cabezas de gando galego aumenta de dúas formas, porque un gandeiro teña máis cabalos, que é raro, ou aumenta porque hai gandeiros novos que se van mendo. Cada ano vén habendo un aumento de ganderías para que aumente o número de cabalos, máis ou menos 100 exemplares ao ano. Hai que ter en conta que estamos a falar dunha raza en perigo de extinción que si conseguíramos mantela xa estaríamos a un bo nivel, pero aumentamos.

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Temos a idea de seguir promovendo o noso selo de calidade, cen por cento raza autóctona, seguir traballando co cabalo galego nalgunha liña de deporte e seguir co cabalo marchador galego. No futuro breve queríamos facer unha campaña na Coruña para promover o consumo de carne de poldro como produto de temporada, porque o poldro nace en primavera e debe ser consumido en outono.

Que supuxo e supón a covid para a asociación?

O covid no rural non foi tan agobiante como nas cidades, notouse un certo baixón nas vendas, sobre todo na hostalaría pero non somos nós os máis prexudicados.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Contamos cunha axuda da Consellería de Medio Rural para manter o libro xenealóxico e cun convenio coa mesma con fondos Feader para a promoción da raza. Con estas axudas temos contratados unha



veterinaria fixa todo o ano e en momentos de máxima cantidade de traballo contratamos outra persoa máis.

Que necesidades se lles plantexan?

Necesitamos que a xente entre a consumir a carne de cabalo, que entenda que é un produto de tempada, que entenda que comendo ese cuarto de quilo de cabalo ao ano chegaríanos para vender toda a produción. Para criar un poldro fai falta unha hectárea de monte, cun cuarto de quilo limpas un ferrado ou dous. Ademais, necesitaríamos que se facilitara a adquisición de terras abandonadas para os gandeiros, se instigara aos propietarios para que as teñan a un prezo razoable e dende a Xunta se redefinise o concepto de pasto bustivo.

Que vinculación lles une á Feira do Poldro?

Sempre estivemos vinculados a esta feira, sempre imos ás feiras de cabalos, pero en Muras era como xogar na casa, porque aquí casi todo o mundo ten cabalos e é onde máis socios temos é iso que Muras non é un concello moi poboado. Os gandeiros que máis animais teñen sempre son socios de Puraga. Pouco a pouco, desde estes últimos anos dende o Concello contouse con nós, botóusenos unha man para ir facer concursos morfolóxicos, degusta-

cións de carne, temos feito excursións para que a xente vira como se crían os cabalos en Muras.

Que relación ten o cabalo con Muras?

Puraga nace en Muras, é onde temos máis socios. Sempre hai alguén de Muras na directiva da asociación, de feito, temos sido ata catro persoas á vez na xunta directiva. Entre os oito fundadores da xunta directiva, catro son de Muras. De feito, a sede social está en Muras.

Como lles vai afectar o cambio climático?

Por un lado debería recoñecer o importante papel que teñen os cabalos na conservación dos montes e como prevención de incendios, como a maneira máis barata de desbrozar un monte. Así que por un lado temos o cabalo como ferramenta de control de incendios. Ademais, os cabalos sempre foron de tamaño pequeno, que se podían manter con forrage de baixa calidade nutricional, basicamente con toxo, se o cambio climático segue nesta liña e a guerra continúa, pois imos ter que botar man deses xenes que se están extinguindo. É posible que o cabalo galego sexa unha ferramenta que fomos capaces de conservar para agora volvernos adaptar ás novas condicións climáticas.

Comeza a obra da praza da Galeguidade

A Deputación comezou as obras de humanización da praza da Galeguidade cun investimento de preto de 220.000€. As obras teñen un prazo de execución de 3 meses.

O proxecto contempla un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo humanizar o centro de Muras, creando un novo espazo de convivencia que lle dará un maior protagonismo aos peóns e reducirá a velocidade dos vehículos.

Vaise crear unha única plataforma de pedra e formigón que unirá as fachadas dos edificios coa Alameda da Praza da Galeguidade, coa intención de unificar estas dúas zonas, e pola que transitarán tanto os vehículos como os peóns. Eliminaranse



os banzos actuais para mellorar en accesibilidade tanto para as persoas con mobilidade reducida como para os carros dos bebés.

Ademais, esta obra servirá para renovar as subministracións públicas,

como a rede de abastecemento de auga, de pluviais, de enerxía eléctrica e de telecomunicacións. Así mesmo, esta zona dotarase de novas luminarias e de mobiliario urbano que ofrezca unha maior comodidade.

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo. Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

A Deputación negocia a propiedade pública da totalidade de Caldaloba

A Deputación remitiu ao Concello un escrito solicitando información sobre o proxecto de expropiación da Torre de Caldaloba, cuxo anuncio se publicou o pasado 16 de agosto no Boletín Oficial da Provincia e que afectaría á parcela adquirida pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

No documento, conséntase que, malia ser parte interesada, a institución provincial non recibiu ningún documento que acredite a aprobación polo Pleno do Concello do proxecto no que se apoia e xustifica o expediente de expropiación nin a exposición pública do proxecto, dous trámites que require a normativa sobre expropiacións forzosas.

A vicepresidenta da Deputación Maitte Ferreiro explicou que “seguimos traballando tanto na vía administrativa como na vía política para acadar a propiedade pública da totalidade da Torre e da súa contorna de protección e desenvolver un proxecto de recuperación, consolidación e posta en valor que reflecta a súa importancia patrimonial, histórica e simbólica para Galiza”. Lembrou que



“o pasado 17 de agosto solicitamos unha reunión co conselleiro de Cultura Román Rodríguez para coñecer cal é o posicionamento da Xunta de Galiza sobre a adquisición da Torre da Caldaloba, despois de que no seu día renunciara ao dereito de tanteo e retracto diante do Concello, e abordar vías de colaboración para desenvolver un proxecto que, ademais do interese patrimonial, contribuirá á dinamización económica, turística e social da comarca”

Neste sentido, anticipou que “unha vez resoltos os atrancos administrativos creados polo expediente de expropiación do Concello, desde

a Vicepresidencia da Deputación de Lugo estamos en disposición de contratar de xeito inmediato a consolidación da estrutura da Torre para evitar que continúe o seu deterioro e prever derrumbes ou danos que poidan afectar á seguridade do edificio e das persoas que o visitan”.

A Xunta de Goberno aprobou o pasado 29 de xullo a adquisición dunha das parcelas nas que se ubica a Torre: unhas dúas hectáreas de terreo que inclúen a metade da edificación -53 metros cadrados de planta e as fachadas noroeste e suroeste- e o sistema de fosos e contrafosos defensivos do perímetro da edificación.

Actividades da Asociación de Pino

CONCURSOS. A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño unha nova edición do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do I Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre.

O Certame de Caligramas ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística. O obxectivo será crear debuxos con textos.

Neste concurso poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. Para os menores de 12 anos está previsto o I Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba con formato e temática libres.

O prazo de presentación para ambos os dous rematará o 24 de setembro e esta farase no correo



electrónico asociacionpino@gmail.com.

O premio consistirá en senllos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo no caso dos caligramas e diploma e lote de material de debuxo para os pequenos. Os premios repartiránse no Magosto pero o fallo darase a coñecer con anterioridade, o 8 de outubro.

TALLER DE PERCUSIÓN. A Asociación organiza un ano máis un taller

de percusión aberto a toda a poboación. Desenvolverase a partir de setembro. Os que desexen apuntarse ou obter máis información poden poñerse en contacto con calquera membro da asociación. Os prezos do curso serán de 15 euros para os socios e de 17 para os non socios.

VIAXE. En colaboración coa Asociación San Pedro de Seixas, en Cospeito, organizan unha viaxe a Covadonga e Cudillero, que se desenvolverá o 18 de setembro, domingo. A saída da viaxe será ás 6.00 horas da mañá con parada para almorzar e destino Covadonga, onde visitarán o Santuario antes de xantar e, pola tarde os lagos. Ao regreso farán parada en Cudillero. Para participar será preciso anotarse antes do día 11 de setembro con calquera membro da directiva e a viaxe só se fará se hai un mínimo de 20 persoas.

Para os socios a viaxe será de 55 euros e para os non socios de 60.

Convocada a V edición do premio de poesía

O Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ convocaron o V Certame de Poesía Torre de Caldaloba. Esta iniciativa está deseñada co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e fomentar a creatividade e estimular a creación poética.

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A organización deste certame estableceu unha soa categoría, para maiores de 16 anos e gañador recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra, e o segundo premio levará un accésit e a publicación da obra.

As bases sinalan un límite de entre 300 e 600 versos en letra arial 12. Para todos os interesados en presentar propostas, o prazo estará aberto ata o 11 de outubro e poden participar a través da web.

Os requisitos para valorar as obras



serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario, no Concello de Cospeito sito en avenida Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo; ou por sede electrónica.

O fallo será dado a coñecer con data 11 de novembro de 2022 a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 19 de novembro de 2022.

Cospeito recibe unha axuda para a creación dun viveiro industrial

Cospeito, Bóveda e Baleira recibirán, xunto a outros catro concellos unha axuda da Xunta para a creación de viveiros industriais, o que suma un investimento total de 2,3 millóns.

O obxectivo destas infraestruturas é favorecer a implantación inicial e consolidación de empresas nos concellos beneficiarios. Uría, que subliñou que conseguiron a axuda todos os concellos emprendedores que a solicitaron -cinco en total-, explicou que suporán un “apoio importante para novos empresarios durante

as primeiras etapas de actividade e para a implantación de empresas”.

En concreto, contruíranse novos viveiros en Cospeito -que tamén recibiu axudas para a mellora do parque empresarial-, Bóveda e Baleira.

Cospeito contará cun viveiro de empresas cunha superficie de 877,44 m2 que englobará tanto o uso administrativo -cun bloque de oficinas e zona de reunión-, como o industrial -con tres naves de aluguer aos emprendedores interesados-. Recibe 240.000 euros de axudas.



MOEXMU 2023. A Asociación de Empresarios de Muimenta ten xa data para a que vai ser a XXXIX edición da Moexmu. Así, esta terá lugar a fin de semana do 31 de marzo e 1 e 2 de abril do ano 2023. A XXII edición da Festa da Filloa será o 1 de maio. Este colectivo firmou no verán coa Deputación o convenio para o primeiro concurso autonómico de gando frisón da provincia.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



DEPUTACIÓN

Impulsará a proxección das empresas lucenses no exterior

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Eduardo Valín, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta 60.000€ para potenciar a proxección exterior das empresas poñendo en marcha o proxecto CEL Expansión 2022.

“Reforzamos moito o servizo de asesoramento en axudas e outros incentivos para mellorar a competitividade e posición das empresas fóra do país”, destacou o Presidente sobre a iniciativa, que enmarcou no diálogo e colaboración permanente que mantén a Deputación cos sectores produtivos para impulsar o seu desenvolvemento.

José Tomé apuntou que este proxecto responde á necesidade de mellorar as exportacións da provincia, que caen de xeito continuado desde o 2015, segundo reflicte o informe de Lugo en Cifras 2021, que elabora a propia CEL co apoio da Deputación. Esta publicación apunta que a provincia de Lugo exportou o ano pasado ao redor de 585 millóns de euros e importou case 725 millóns, o que



deixa unha balanza comercial negativa co exterior por valor de preto de 140 millóns de euros. Segundo este informe, máis do 80% das transaccións no exterior segue a producirse cara países da Unión Europea, cando hai oportunidades en mercados como Xapón ou os Estados Unidos.

Entre as actividades previstas no proxecto CEL Expansión 2022 subvencionadas pola Deputación está habilitar un servizo específico, baixo o nome de Gabinete Impulso Ext, para apoiar ás empresas da provincia durante este ano fronte aos efectos do conflito en Ucraína. Este servizo facilitará información útil

e actualizada sobre o impacto da guerra, asesoramento sobre axudas específicas ou datos sobre os mercados alternativos para as empresas exportadoras.

Ofreceranse tamén dúas formacións específicas sobre o mercado de Estados Unidos e Xapón. O primeiro é interesante para as empresas exportadoras da provincia porque presenta oportunidades en sectores como o vitivinícola ou o do produto gourmet; o segundo porque representa unha ocasión para as industrias de produtos feitos a man, enerxías renovables, servizos asistenciais, biotecnoloxía ou distribución e loxística.

A Deputación financia as visitas do programa Da Escola á Granxa

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión de axudas para a organización de actividades no marco do programa “Da Escola á Granxa” de área de Medio Rural.

As achegas, dirixidas a asociacións de nais e pais, teñen como obxectivo poñer en valor os produtos de proximidade e o sector primario para as xeracións máis novas, financiando visitas a gandeirías, producións agrícolas e pequenas empresas agroalimentarias asentadas no rural, así como outras actividades de divulgación e sensibilización vinculadas ao medio rural.

En total, atendendo ás solicitudes presentadas, a área dirixida por Mónica Freire colaborará no financiamento de 72 actividades, organizadas por máis dunha trintena de anpas distribuídas por toda a provincia.

A deputada de Medio Rural, Mónica Freire, explicou que “a través destas visitas e actividades, que empezarán a desenvolverse a partir do inicio do curso, nenos e nenas de infantil e primaria, poderán achegarse a gandeirías e producións agrarias e coñecer de primeira man o traballo cos animais e cos cultivos, participar en obradoiros de elaboración de alimentos ou noutras propostas didácticas ligadas ao coñecemento da contorna e á educación ambiental”

A área de Medio Rural da Deputación investiu un total de 40.000 euros neste programa co que pretende tamén contribuir a consolidar unha oferta de recursos e servizos educativos arredor do sector primario e visibilizar referentes no rural. A resolución, coa listaxe de entidades beneficiarias, publicarase a vindeira semana no Boletín Oficial da Provincia.

Actividades para os concellos durante o verán

Os programas **Actívate** ou **Saborea a túa provincia** viaxaron este verán por toda a provincia cun gran éxito de público

A segunda edición do programa provincial Saborea a túa provincia, que percorreu nove concellos da provincia durante as fins de semana ata o 2 de setembro volveu ser un éxito de público e de participación nestas xornadas gastronómicas e de lecer que promove a institución.

Nesta ocasión a cita estivo presente en Patón, Chantada, Taboada, Trabada, O Valadouro, Vilalba, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pol, que pechou o programa o venres 2 de setembro.

José Tomé lembrou que co Saborea a túa provincia, a Deputación busca “incentivar o consumo dos produtos de proximidade e dinamizar a economía dos concellos fomentando a actividade do turismo, da hostalería, do comercio e dos pequenos produtores”.

Segundo explicou o presidente este programa “forma parte da ampla estratexia que estamos desenvolvendo dende a Deputación de Lugo para consolidar un modelo de turismo



de calidade e sostible, un turismo de experiencias, con capacidade para atraer visitantes todo o ano, que pon en valor o noso patrimonio, tanto natural, como monumental, cultural ou gastronómico, e que contribúe a crear riqueza e a crear emprego, sobre todo no noso rural.”

“O éxito da primeira temporada do Saborea a túa Provincia levounos a reeditalo este ano, pero con novidades para tratar de melloralo e, desta

forma, aumentar o retorno económico para os negocios da zona. Para isto introducimos melloras na estrutura e no funcionamento das xornadas e tamén melloramos as localizacións, xa que este ano celebrouse en lugares que contan cunha importante actividade social, hostaleira e comercial”, sinalou Tomé Roca.

A actividade consistiu nun autobús-cociña onde profesionais da asociación provincial de cociñeiros e coci-

ñeiras de Lugo elaboraron receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizaron alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzán, a Patata Galega, o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregaron nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Tamén se contemplaron degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade e un taller de cociña para nenos e nenas nas que elaboraron un prato con produtos da provincia.

ACTÍVATE. A Deputación de Lugo celebrou a boa acollida do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofreceu en 26 concellos da provincia actividades gratuítas para todos os públicos. Os participantes realizaron, as

fins de semana de abril a xullo, actividades vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kaiak, vela, trekking, escalada ou equitación.

A institución provincial buscaba con esta proposta turística seguir apoiando, en colaboración cos concellos, a actividade do sector turístico, a hostalería e o comercio, e a aposta por un modelo de turismo sostible, de calidade e con capacidade para atraer xente durante todo o ano. Trátase dun impulso a un sector que xera experiencias, pon en valor o rico e diverso patrimonio natural e cultural da provincia e que aporta valor ao territorio, e axuda a manter e a xerar emprego, sobre todo no medio rural.

Actívate sumouse a outras iniciativas que ten en marcha a Deputación de Lugo cos mesmos obxectivos de apoiar ao tecido produtivo vinculado ao turismo, á hostalería e ao comercio, e, ao mesmo tempo, favorecer un turismo de calidade e sostible.

TERRA CHÁ

“É difícil atopar roupa actual de calidade a un prezo asequible”

Susana Témez é a propietaria da tenda de roupa de nenos Charanga de Lugo

Que é Charanga?

Charanga é unha tenda de roupa de nenos que vai dende recén nacido ata os 12 anos. A roupa da que dispoñemos é actual, divertida e moi colorida. Ademais, temos novidades todas as semanas. Facemos grandes promocións durante o ano, que varían dende todo ao 50% ata a segunda prenda a 1 euro. Neste senso, Charanga dispón dunha Rede Charanda, que consiste nunha tarxeta de fidelización que é totalmente gratuíta e que, grazas a ela, durante todo o ano a nosa roupa ten descontos directos dende o 20% ata o 50%.

Como xorde Charanga?

Charanga é unha franquía española que vende en todo o estado. En Lugo, naceu xusto antes da pandemia aínda que a causa dela a apertura retrasouse ata o 26 de xuño de 2020, polo que este mes, celebramos o 2º aniversario.

Antes de Charanga viña do mundo da moda infantil ou abriu a tenda

por unha necesidade propia?

Abrimos a tenda Charanga Lugo entre dúas socias, malia que na actualidade é só dunha. As dúas viñamos da rama da sanidade, porque como mamás que somos ás veces é difícil atopar roupa actual, divertida e a un prezo asequible aquí, en Lugo. Xa que, moitas veces, ou imos a grandes cadeas, nas que, ao final, van todos os nenos iguais na fila, ou, desgraciadamente, caemos na tentación de internet. Isto está acabando co pequeno comercio de proximidade e estase acabando o bo trato cara os clientes. Aquí íntetamos cuidar e tratar aos clientes como nos gustaría ser tratadas.

Nos últimos tempos, especialmente dende a pandemia, vimos en Lugo como moitos negocios de puericultura pecharon, é un sector complicado?

Non é un sector complicado. O complicado, nestes momentos, é ser autónomo, pagar os alugueiros ou os recibos mensuais, que cada vez

son máis altos. Realmente, o sector da roupa infantil, baixo o meu punto de vista, é un sector moi agradecido para as persoas que, coma min, adoran aos nenos. Son persoas que dan alegría só con miralos. Para min, persoalmente, que entre un neno pola porta, poder chamalo polo seu nome, darlle un caramelo ou un globo e que che devolva o sorriso ten moito valor.

Que pode atopar o cliente?

Aquí, en Charanga, o cliente pode atopar dende pixamas de bebé recén nacido, roupa deportiva para todos os días, ata roupa máis de vestir para ir de invitados a comuñóns ou bautizos. E, como xa expliquei, a prezos moi competitivos durante todo o ano.

Os nenos son un público difícil á hora de probar a roupa ou convencelos de que unha cousa vailles quedar mellor que outra. Como é traballar con eles?

A min, persoalmente, que non viña



do sector, sorprendeume o fácil que é probarlles roupa. Aínda que, tamén é verdade, que hai uns poucos aos que non lles gusta. En Charanga, para estes últimos, ofrecemos o servizo de que poidan mercar a roupa, levala á súa casa e, se non lles queda ben ou non lles gusta, poden regresar e se lles devolven os cartos sen ningún tipo de problema; dentro do prazo dun mes.

Cales son os produtos máis solicitados?

Son moi variados e dependendo da estación. As chaquetas vaqueiras teñen moito público xa que sentan moi ben. Pero tamén ten moita aceptación a roupa de praia, tanto de neno coma de nena. A verdade tivemos e temos gran aceptación grazas á cali-

dade que ten a nosa roupa.

Ás portas do verán, que roupa se levará entre os nenos nesta tempada?

Este verán veñen pisando moi forte as cores laranxa e pistacho. A colección de verán está chegando agora mesmo e, a verdade, é que é moi bonita e ten moita cor, tanto en neno e nena coma en bebé.

Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Obxectivos realmente, nos días de hoxe, temos que ir pouco a pouco. Pero, dende logo aquí e cos clientes dos que dispoñemos a día de hoxe é un luxo poder estar. Gustaríame poder seguir facendo isto que me gusta e desfruto, durante moitos anos.

Abre a exposición sobre os 40 anos do Parlamento de Galicia



O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, presidiu en Lugo o acto de inauguración da mostra *O poder da palabra. 40 anos do Parlamento de Galicia / 1981-2021*, que permanecerá aberta ao público na sede luguesa de Afundación ata o próximo 8 de outubro.

A mostra fai un percorrido polas catro décadas de vida do Lexislativo galego, ao tempo que inclúe materiais relacionados coa configuración da autonomía galega.

Para o titular do Lexislativo galego, incluír a Lugo no percorrido desta exposición “é unha obriga”, dado

que “cada unha das provincias e das cidades de Galicia son parte fundamental da Comunidade Autónoma e, por tanto, partícipes de pleno dereito do proceso autonómico que comezou paseniñamente e, catro décadas despois, está consolidado como un modelo viable e eficaz para xestionar os diferentes retos aos que nos enfrontamos cada día”.

En opinión de Santalices, “nin a economía, nin a cultura nin a historia de Galicia se entenden sen as achegas desta cidade e desta provincia, achegas que nos remontan ao pasado, nomeadamente a Lucus Augusti, na Gallaecia romana”.

Tomé Roca presenta un partido “con capacidade e proxecto”

Os socialistas encaran o inicio do curso político co compromiso “de seguir traballando día a día para mellorar a vida dos lucenses. Política de feitos e non de anuncios, diálogo coa xente, cos axentes sociais e coas familias. Unha aposta clara polos servizos públicos, polas políticas sociais, polo rural, polo tecido produtivo, o sector primario, a industria, o comercio e o turismo”. Así o indicou o Secretario Xeral do PSdeG na provincia, José Tomé Roca, durante un encontro no que adiantou as liñas de traballo e os obxectivos para un curso político que desembocará nas eleccións municipais de maio do 2023 e a conseguinte renovación das corporacións locais e provincial.

“Conseguir representación municipal nos 67 concellos da provincia, manter e reforzar as actuais alcaldías, sumar outras novas, manter e mellorar resultados nos concellos onde non gobernamos e asegurar a continuidade dun goberno progresista presidido por socialistas na Deputación de Lugo” son os obx-



tivos marcados polo líder do PSdeG na provincia.

O partido, recalcou José Tomé, encara o ano político cun partido “forte, unido, con homes e mulleres con capacidade, ideas e recursos” para mellorar os resultados das municipais. Actualmente, os socialistas gobernan ou cogobernan en 31 dos 67 concellos da provincia, que aglutinan a maioría social da provincia porque suman un 65% da poboación lucense. “No ano 2019 tivemos uns resultados moi bós, pero non nos conformamos. Lugo

merece máis. Lugo merece máis socialismo porque así iralle mellor á xente”, dixo Tomé.

“Pisamos o acelerador da actividade do partido a pé do territorio, cun traballo coordinado coas agrupacións, cos alcaldes e alcaldesas, cos voceiros, cos deputados e deputadas e coa militancia e os simpatizantes para mobilizar á cidadanía en torno ós ideais, os feitos e o proxecto do PSOE”, avanzou o Secretario Xeral. José Tomé criticou as “vacacións permanentes da Xunta” durante os últimos 13 anos.

DEPORTES

O fútbol está listo para empezar

Os equipos da provincia están xa listos para dar comezo á liga da tempada 2022/23 de fútbol, que recupera a normalidade tras dous condicionados pola situación pandémica mundial.

As categorías sénior arrancan na súa totalidade este mes, aínda que os que están nas categorías superiores xa iniciaron este ano o seu camiño. O Lugo, o mellor situado, está en Segunda División e polo tanto foi o único en adiantarse ao resto, xa que xogou o seu primeiro partido na ponte da agosto.

O Lugo B ou Polvorín debutou a primeira fin de semana de mes na nova categoría á que ascendeu a tempada pasada, a Segunda B, onde se enfrontará a equipos do noroeste peninsular, que compernden Asturias, Galicia e Castela León. Outro dos equipos que comezou a mesma data nunha nova andaina pola competición futbolística nacional, é o Lugo A xuvenil, que participa na División de Honra dende hai varias tempadas, a categoría máis alta para a mocidade, e que conserva a categoría ano tras ano cunha gran actuación.

Seguindo cos sénior a fin de semana do 11 de setembro púxose en marcha a maior parte das competicións. En Terceira, o Vilalbés e o Viveiro serán os encargados de defender as cores da provincia, que compartían anteriormente co Polvorín.

Pola súa banda, en Preferente xogarán este ano Sarriana, Ribadeo, Lemos, As Pontes e Residencia, aos que se suma Portomarín mentres que Foz e Escairón caen á Primeira Galicia.

Tamén tivo data de inicio de tempada a Primeira Galicia nesta mesma fin de semana. A competición recu-

pera o sistema anterior á pandemia e volve haber un único grupo, o 3, no que 18 equipos disputarán 34 xornadas para e maio dar a coñecer aos novos ascensos. Este ano recibe a categoría ao San Ciprián e o Antas pero Alfoz e San Roque xogarán en Segunda.

A Segunda Galicia tamén recupera formato, polo que haberá dous grupos de 16 equipos cada un con caras novas. Nesta ocasión comezarán unha fin de semana máis tarde, a do 17 e 18 de setembro. Este ano volven ou se estean na categoría Castro B, Comercial, Lemos B e Carballo mentres que Quiroga e Bóveda volven a Terceira. Os arrastres tamén se levaron a categoría máis baixa a Abadín e Matela no Norte, e Palas, O Incio, Santa Comba e Páramo no Sur. Tamén hai equipos novos en terceira este ano, a Comercial B e o Vilalbés B, formados para esta nova tempada, que contará en terceira con 11 equipos no Norte e 12 no Sur. A competición, co formato de sempre, arrancará o 24 de setembro.

EQUIPOS DE BASE. As ligas xuvenís seguirán co Lugo B na Liga Nacional xuvenil como único representante xa que o Vilalbés descendeu a pasada tempada. Esta tamén deu comezo o 11 de setembro.

Na Liga Galega, polo tanto, estarán este ano xunto ao descendido, Viveiro e Milagrosa, que ascenderon, e Residencia e Ribadeo. Cae o Calasancio.

En cadete, ao Lugo de División de Honra súmase este ano o Viveiro, e na Galega, outro Viveiro ascendeu da provincial á Galega. Continúan no norte Lugo B e Milagrosa e Calasancio no Sur. Tampouco estarán Resi-

apoiado pola Administración autonómica a través de O teu Xacobeo, incluírá talleres de baloncesto de iniciación ou perfeccionamento en zonas abertas -prazas, xardíns, espazos naturais..-, para o que instalarán canastras portátiles. A inscrición será de balde e precisa rexistro previo. O 20% das prazas estará reservado para persoas en risco de exclusión social, dependentes ou con escasos recursos.

Xogadores e técnicos do Breogán, acompañados por Maximus, realizarán treitos do Camiño nas respectivas localidades nas que se desenvol-

O Meira FC estrea equipo xuvenil na liga provincial



O Meira FC logrou formar un equipo xuvenil de fútbol despois de que o pasado mes de xullo anunciara a intención de crealo co obxectivo de garantir a continuidade do club e medrar.

Xosé Lourido será o adestrador e a súa man dereita será Martín Exposito Morado.

Abre así o Meira unha nova etapa no club debido a que este equipo leva casi 8 anos sin formarse polo

que poderán participar este ano nas ligas provincial comezando coa segunda división.

Xogarán no Meira FC xuvenil este ano: Víctor Rey, Diego Abraira, Iago Pin, Javier Fernández, Younes El Hidam, Diego Sangiao, Agustín Pazos, Xael Rielo, Kevin Campos, José Villamide, David López, Adrián Vidal, Adrián Barros, Raúl Rodríguez, Ayoud Benaid, Ovidiu Filip, Ricardo Legaspi, David Parga e Alvaro Veiga.

dencia e Vilalbés.

En infantil o Lugo estrea a División de Honra, creada este ano, mentres que na Galega seguirán Viveiro e Residencia e únese o Vilalbés.

Xuvenís e cadetes iniciarán a competición co sistema prepandemia a fin de semana do 17 e 18 mentres que os infantís farano unha semana máis tarde.

Ademais, as ligas provinciais, que tamén recuperan formato, comezarán tamén no mes de setembro para as categorías xuvenil, cadete e infantil,

unhas o farán a fin de semana última de setembro e outras ao seguinte. Xogarán todos en Primeira nas categorías máis pequenas mentres que os xuvenís terán Primeira e Segunda novamente. Si haberá Segunda para os infantís do Sur.

FEMININO. O fútbol feminino aínda non ten calendario para os equipos provinciais, agás o PM Friol, que este ano xogarán na Segunda Federación tralo seu ascenso, e que deu comezo á liga tamén o 11 de setembro.



van as actividades e divulgarán todas as accións a través de páxinas web e das redes sociais. Farán fincapé no respecto polo medio ambiente, xa que limparán plásticos que atopen ao seu paso e animarán aos peregrinos a apostar por materiais sostibles. Convidarán a algúns dos percorridos a artistas de diversas disciplinas, como o cantante David Prado, com-

positor do himno oficial do club. Javier Arias destacou o vínculo entre os principios solidarios do Xacobeo e o deporte" e subliñou que nas dúas primeiras edicións de O Teu Xacobeo, a Xunta concedeu achegas por valor total de 1,1 millóns de euros para apoiar 96 proxectos na provincia de Lugo que tiveron repercusión en 40 municipios.

EN BREVE

SD POL. A Sociedad Deportiva de Pol continuará este ano co seu equipo xuvenil, que se formou durante a pandemia e xa participou na tempada pasada. O obxectivo deste equipo é formar a xogadores que exerzan de canteira. Así, pon en marcha un proceso de inscrición para todos aqueles rapaces nados entre o 2004 e o 2007 para que se incorporen ao club durante e esta empada. A inscrición é totalmente gratis e inclúe a inscrición federativa, material, vaixes e adestramentos cun profesional titulado. Os interesados en participar neste proxecto poden poñerse en contacto co club ademais de por redes sociais e correo, no teléfono 661 508 442, no 619 226 226 e no 678 279 106.

ESTEO FS. O club pontés O Esteo FS xa se atopa planificando a vindeira tempada 2022-2023, polo que xa está aberto o período de inscrición na mesma. Có lema Queremos medrar contigo, únete a O Esteo FS deu comezo o prazo de inscrición para todos aqueles nenos e nenas que queiran formar parte da Escola de Fútbol Sala de Base de O Esteo. A solicitude de inscrición poderá descargarse na páxina web do club e, esta a súa vez deberá de ser enviada debidamente cuberta, xunto có xustificante de pago. A inscrición está aberta para todos os pequenos nados entre 2016 e 2003, para as categorías de biberón ata xuvenil. Tamén está aberta a campaña de abonos mantendo os prezos dos anos anteriores, con 30 euros por socio.

TENIS MUIMENTA. O Club de tenis Muimenta organiza este outono clases de iniciación e perfeccionamento desta práctica deportiva que se celebrarán dende o 12 de setembro ao 9 de decembro. As clases irán dirixidas a todos os públicos a partir de 6 anos de idade e contarán con monitor especializado e se realizarán en pavillón cuberto. Os interesados en informarse e inscribirse poden facelo no teléfono 649 749 483 ou no correo tenismuimenta.blogspot.com.

BALONMÁN. A Deputación da Coruña organizará a Copa 4x4 de Balonmán na Rúa cun total de 24 equipos mixtos das categorías alevín e benxamín e máis de 1000 inscricións abertas. Celebrarase entre os meses de setembro de 2022 e abril de 2023 en Carballo, Ribeira, As Pontes, Arzúa, Cerceda, Muros e Camariñas. Poderán participar nenas e nenos de entre 6 e 11 anos empadroados en calquera concello da provincia, sendo necesario estar en posesión da correspondente licenza federativa para a tempada 2022.

O Breogán visitará 5 concellos para promocionar o baloncesto

O CB Breogán promoverá a práctica do baloncesto ao aire libre en cinco municipios lugueses do Camiño de Santiago, con actividades gratúas dirixidas especialmente aos máis novos e inclusivas, xa que estarán adaptadas ás capacidades físicas dos diferentes participantes. Os concellos involucrados son Guntín, que acollerá o programa o 5 de setembro; Friol – o 12 de setembro –; Begonte – 19 de setembro –; Palas de Rei – 26 de setembro –; e Baleira – 3 de outubro –. Tamén acudiron os xogadores Erik e Sergi Quintela e a mascota Maximus. O programa *O Breo no Camiño*,

O Lago das Pontes acollerá a última proba da Travesía Costa

O concello das Pontes acolle o domingo 18 a última proba da Travesía Costa by duacode, unha proba de natación en augas abertas.

As saídas e chegadas serán desde o lago das Pontes, e como a proba realizarase en augas abertas, os nadadores saíran todos xuntos acompañados por embarcacións de seguridade.

As distancias que se percorreren serán en longa 5.000 metros, en media 2.500 e en curta 1.500.

Na travesía Longa existe un tempo de corte, onde está o avituallamento, si o nadador non superou este punto en 2 horas desde a saída, será recollido pola organización.

A organización facilitará o avituallamento, que consistirá en auga, bebidas isotónicas, plátanos e xeles durante a travesía e na zona de meta. Os puntos de avituallamento situados en embarcacións designadas pola organización, e fondeadas ao longo do percorrido, estarán debidamente sinalizadas con bandeira e globo de helio.

Na entrega cada participante recibirá unha bolsa cun gorro de natación do evento, o Chip, e a WetBag Gardarroupa.



Na Travesía Costa As Pontes 2022 entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados en categoría absoluta masculina e feminina, en cada unha das distancias (5000, 2500 e 1500m) Entregaranse ademais trofeos ao primeiro e primeira clasificada en cada distancia nas seguintes categorías, júnior (ata 19 anos), máster de 20, máster de 30, máster de 40, máster de 50, máster de 60 e sénior (maiores de 70). Tamén recibirán un premio o mellor equipo mixto. O prazo de inscrición está aberto ata mañá, día 13 de setembro e existe un límite de prazas para participar, que é de 375 participantes en total entre a distancia longa (125), distancia media (125) e distancia curta (125).

Brandán Márquez e Susana Alonso, gañadores da Ruta Btteiros Cova da Serpe



Máis de 250 persoas participaron o domingo 28 de agosto, na VI Ruta Btteiros Cova da Serpe, unha proba organizada conxuntamente polo Concello de Guitiriz e o Club Btteiros Cova da Serpe.

Na categoría 'Absoluta feminina' a gañadora foi Susana Alonso Carballo, do Extol MTB Team, seguida de Eva Ortega Aguilar, do Extol MTB Team e de Ana María



González Cuiña, do Mitto X-Sauce Team. Na 'Absoluta masculina' o gañador foi Brandán Márquez Fernández, do V Bike Team, seguido de Javier Busto Ramos e de Yago Fernández Obenza, ambos do Extol MTB Team.

Pódese consultar a clasificación de todas as categorías na páxina web da Federación Galega de Ciclismo.

Dobre sesión BTT os días 17 e 18

CASTRO DE REI. O club Coyote Pedal Terra Chá en colaboración co Concello de Castro de Rei celebrará a III Marcha cicloturista BTT do mesmo nome o sábado 17 de setembro con hora de saída ás 9.30 da mañá do Teleclub de Bazar en Castro de Rei.

Trátase dunha marcha cicloturista que discorre polo Concello sen carácter competitivo. A distancia para percorrer serán aproximadamente 40 km cun desnivel acumulado positivo de 1.200 metros aproximadamente. Haberá tamén unha variante máis curta por se alguén necesita facer menos percorrido.

Poderán participar todos os deportistas afeccionados ao ciclismo, federados ou non a partir dos 16 anos cumpridos, (con autorización paterna ata os 18) que realicen un adestramento suficiente para unha marcha ciclista de longa duración e participen cun nivel de saúde e condición física óptimo para un esforzo destas características.

Ao ser unha marcha cicloturista está permitido a participación de E-Bikes, que seguirán o mesmo regulamento. A cota de inscrición por participar na marcha será de 18 euros e cun incremento de 12 euros en caso de participar na comida. A inscrición inclúe tamén un almorzo.

O peche de inscricións será o mérco-



res 14 de setembro ou ata cheo de prazas.

AS PONTES. As Pontes acollerá o domingo 18 unha nova edición da Ruta BTT Terras do Eume, a VII, suspendida durante dous anos pola pandemia. Terá lugar a saída diante do Concello a las 09:00 horas.

Haberá tres rutas diferentes para todos os públicos, un roteiro curto dun 22 km con 584 metros de desnivel acumulado, un roteiro intermedio de aproximadamente 38 km cuns 1.010 metros de desnivel e un terceiro trazado longo duns 46 km cuns 1.346 metros de desnivel acumulado.

As inscricións pecharán o mércores



14 de setembro ou no momento no que se chegue ao número máximo de participantes, que este ano é de 250 polo gran número de solicitudes rexistradas en anos anteriores.

Haberá este ano 4 puntos de avituallamento con comida e líquidos con chegada ao final do roteiro ao local do Polbo no parque da Fraga.

Na chegada, os participantes poderán ir comendo (un tentempé e bebida) por orde de entrada para axilizar a volta a casa e evitar aglomeracións. As duchas estarán na piscina Municipal, situada na rúa Sergio Rivera Chao.

O importe da inscrición a deportistas federados é de 16 euros e inclúe tentempé e bebida á chegada.

Begonte xa ten gañadores do segundo torneo de pádel

O Concello de Begonte continúa coa programación deportiva e cultural de verán co II Torneo de Pádel que se celebrou os días 26, 27 e 28 de agosto. Un total de 16 parellas participaron neste torneo que gañou a formada por Anxo e Álvaro, vencendo na final a David e Brais.

No cadro de consolación os campións foron Cristian e Davinia, e como subcampións quedaron Xico e Raúl. Os participantes recibiron



un welcome pack de agasallo mentres que gañadores recibiron os seus premios, consistentes en material.



CRUZ VERMELLA E VILALBÉS. O Rácing Club Vilalbés fixo entrega á Cruz Vermella da localidade do material escolar recadado durante o campus que se celebrou este verán. O material, en perfecto estado, será entregado ás nenas e nenos en risco de exclusión social para que a súa volta ao cole no mes de setembro sexa máis doada.

O CB As Pontes celebra sesións de portas abertas



O CB As Pontes comeza a nova tempada 2022/23 abrindo un tempo inscrición para incorporarse ao club que terán lugar no pavillón Catro da Uz. Así, entre o 12 e o 31 deste mes os rapaces e rapazas das Pontes de calquera idade poderán achegarse para participar nalgún adestramento, que terán lugar os luns, mércores e venres.

Para os máis pequenos, nados entre 2015 e 2016 o horario será os luns e mércores, de 16.00 a 17.00 horas. Os que naceran entre 2014 e 2013 poderán probar de 17.00 a 18.15 horas. O de 2012 e 2011, de 18.15 a 19.30; de 2010 e 2009 de 19.30 a 20.45 horas e os que naceran entre 2008 e 2007 teñen o seu horario de 20.45 a 22.00 horas.

O Vilalbés FS inicia a pretempada con poucos cambios nos equipos sénior

O Forma-T Vilalba FS de Segunda B, que debuta este ano na categoría, pechou xa o equipo para enfrontarse, a partir do 24 de setembro aos outros 15 rivais cos que pelexará polo trofeo e o ascenso. Este será o equipo cabeceira do club, que conta con seis equipos, dous sénior, dous filiais e dous xuvenís, os tres cun representante masculino e outro feminino.

No equipo cabeceira repetirán todos os xogadores que lograron o ascenso, que recibirán tamén o apoio de Dani Quintela, procedente do Stellae; Xoel, do Xove, e Kevin, do Guitiriz. Quini Martínez, director deportivo do club, seguirá dirixindo ao conxunto vilalbés, xunto ao feminino.

As subcampioas de liga o ano pasado tamén renovan polo club vilalbés e tamén conta con tres fichaxes: Aroa do Castro, Jenni da Fervenza e Ainara do Begonte. A última incorporación foi a a de Andrea López Caaveiro, Pasto, xogadora de 21 anos da Pastoriza, que actúa na posición de alapeche e militou en equipos coma o Ribadeo FS e o Castro FSF.

No filial masculino destacan as incorporacións de Daniel Pardo Rus, pivote de Cospeito procedente do Castro, Josito do Rábade FS, o vilalbés Christian, Johan Fariñas e o porteiro Kevin, que compaxinará o seu labor de porteiro co equipo de Segunda B.



35 agrupacións participan na Copa Deputación de Fútbol Sala

A III Copa Deputación de Fútbol Sala comezou o 4 de setembro, na que participan 35 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

A competición retómase despois de dúas temporadas co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que incentiva a participación dos equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 220 e

340 euros), ademais de premiar aos equipos campións e subcampións de cada categoría (entre 400 e 750 euros)

Os cuartos de final foron o 11 de setembro, as semifinais o 18 de setembro e a final: 1 de novembro. Todas elas disputaranse tamén a partido único.

Polo que respecta á liga, a competición comeza a fin de semana do 17 e 18 para a maior parte das categorías de competición autonómica. As locais farano en datas próximas.

O Fendetestas das Pontes abre a matrícula para a nova tempada

O Club de rugby Fendetestas das Pontes abre o prazo de inscrición para a tempada 2022/23, que se inicia este mes de outubro.

O prazo de inscrición xa está aberto e esta pode facerse a través da web do club ata o 22 de setembro.

O Club conta con 3 bloques de traballo, por unha parte a escola, que está dirixida a pequenos de 4 a 11 anos e que dará comezo o día 2 de outubro e terá clases todos os sábados de 10.30 a 13.30 horas.

O seguinte rango de idade (de 12 a 17 anos), dentro da academia,

terá clases os martes e os xoves, de 19.00 a 20.30 o primeiro e de 18.30 a 20.00 horas o segundo. Teñen data de inicio o 27 de setembro.

No terceiro grupo están os sénior, que xa comezaron o seu traballo o 30 de agosto e que teñen adestramento os martes e xoves a partir das 20.00 horas. No equipo están integrados os maiores de 16 anos.

Os que desexen información ou inscribirse poden poñerse en contacto co club no whatsapp 604 040 408 ou no correo info@crfendetestas.com.



BEACH RUGBY VILA DAS PONTES. Celebrouse a segunda edición do Beach Rugby Vila das Pontes, un torneo de rugby praia que xa é referente a nivel estatal dentro das Series Españolas de Beach Rugby. Cunha programación que ademais de moito rugby, incluía xogos para as crianzas e unha zona de networking, o evento reuniu a máis de medio millar de persoas na contorna do Lago das Pontes.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062

A paixón pola billarda

Oito equipos da metade norte da península compiten nun deporte tradicional que cada ano gana máis seguidores

Os xogos tradicionais están de moda e volven ser parte das festas de celebracións tradicionais, especialmente no rural. Con este rexurdir hai dez anos que timidamente comezou a recuperar a práctica da billarda, un xogo de equipo, no cal cada xogador emparéllase cun opoñente, e sitúase en cada portería. Así, se nunha portería atópase un defensor cun pau e un adversario coa billarda, na outra portería o compañeiro do que posúe a billarda sen nada e o adversario con outro pau.

Trátase de golpear o paliño que é lanzado polo opoñente situado en fronte e, no caso de golpealo coa billarda, realizar carreiras de ida e volta.

Con esta sinxeleza o xogo capta adeptos ano a ano e xa son oito os equipos que manteñen viva a esencia da billarda, concentrada na metade norte da provincia, xa que na zona sur hai e houbo algún intento de formar club pero finalmente non se reuniu xente bastante aínda que non se dubida que en pouco tempo esta poda ter de novo presenza na zona.

Hai varias asociacións en Chantada que se interesaron moito pero non hai suficientes xogadores para ter unha zona determinada. Non acabou de xurdir e calquera ano pode empezar porque hai xente no Incio e Chantada interesada ou xogando

noutros equipos.

Se hai algo que une a todos os amantes da billarda é unha paixón que os leva a competir unha media dunha vez ao mes por todos os campos da provincia. Pero esa paixón está moi lonxe de fundamentarse na propia competición, para todos os clubs e xogadores, o máis importante é o ambiente, o compañeirismo, a diversión que os leva a repetir e non deixar de xogar.

Malia ser un deporte antigo non só participan os maiores. De feito, cada vez é maior o número de xogadores menores de 18 anos que se suman a este deporte.

Agora a afección levou aos equipos a crear unha Federación pero non todos queren estar baixos os parámetros rixidos, polo que prefiren seguir celebrando ao súa competi-

ción dunha forma máis libre dentro da Conferencia Norleste, unha liga menos rixida coa que comezaron a funionar.

Ademais, tamén se celebran os abertos, que son torneos fóra da competición regular onde se poden presentar sós ou por equipos e que se está a converter nunha actividade habitual nas festas de relevancia.

Pero non todos os clubs son desta idea, xa que algúns creen na necesidade de formalizar a práctica para dispoñer de seguros e manter unhas regras que sen seguridade en especial aos organizadores dos torneos.

Con opinións para todos os gustos, a unión entre eles é total e o obxectivo segue a ser, tal e como coinciden en sinalar, “reunirse e pasalo ben”.



CHAÍNZOS CADAVAL

CREACIÓN. Mario Saaveda Pérez, profesor xubilado que chega á Pastoriza dende Barcelona foi o instigador nas súas orixes, a raíz dun evento de xogos populares. Primeiro creouse o club de bolos Cadaval e despois chegou o de billarda. Posteriormente uníronse a Chaínzos

XOGADORES. Hai 12 na liga nacional de billarda pero son un total de 33 xogadores. Infantís son

4, sénior 15 e veteranos outros 15.

PALMARÉS. Na liga nacional de billarda, obtiveron os segundos e terceiros postos na maior parte das ocasións e a título individual sempre estiveron os seus xogadores entre os dez primeiros.

OPINIÓN.

- O que pretendemos é xogar como federados, con seguro

de accidentes e responsabilidade civil.

- Moitos imos xogar á zona da Coruña porque só xogamos en eventos federados. Hai outros que xogan na liga nacional.
- Acuden país con nenos, avós con nenos. A billarda ten moito futuro pero est pasa por crear a federación.
- O mellor da billarda é a amizade, o compañeirismo e a diversión.

BILLARDEIROS MUSICAIS

CREACIÓN. Billardeiros Musicais xurdiu en 2007 por unha demostración que fixo O Varal nun campamento musical da Asociación Amadores da Música de Ribadeo. Dende aquel mesmo momento fixeron un equipo e xa participaron na liga 2007/2008.

XOGADORES. Son arredor de 10 persoas no equipo. Teñen unha infantil de 13 anos, outro de 41 e o resto entre 63 e 83. Son o equipo coa media de idade máis elevada. O número de participantes está algo estancado debido ás baixas pero esperan recuperar en próximas datas.

PALMARÉS. Son o equipo mais laureado da Liga Nacional de Billarda (LNB). Campións da conferencia Norleste nos anos 2008-2010-2012-2013-2014-2015-2016-2017-2018 e 2019. Así mesmo son tricampións

nacionais (2008-2015 e 2016). Individualmente teñen sete campionatos absolutos de coanferencia en homes e outros tantos en donas. Igualmente teñen dous tricampións nacionais (MarKyts en absoluto e Geni en donas e un bicampión, Daniel). Varios campionatos tamen na modalidade de varados e títulos na conferencia NorOeste.

OPINIÓN.

- Estanse a facer mostras en distintos colexios e cada vez e mais a xente que se anima a xogar.
- Eu penso que aínda que vas a competir e che gusta gañar, o mellor da billarda e a socialización. Fas amigos e xúntate con xente de tódalas idades, hai casos donde se xuntan pais, fillos e netos xogando o mesmo tempo, isto é algo que so se vé na billarda.



TROITAS BRAVAS

CREACIÓN. Este equipo da Pontenova xurdiu incentivado por unha parella que xogaba xa no Cadaval e que pensou que mellor maneira de seguir xogando que montar un club na súa localidade.

Falaron con amigos e xente vinculada ó equipo de bolos de Santalla e crearon o equipo. Nese momento había límite de xogadores por equipo e tiveron que facer dous conxuntos: Troitas Bravas e Pau de Toxo. No 2011 xa estaban competindo.

XOGADORES. Son arredor de 20 persoas no equipo. Regularmente van aos abertos unha media de 13 persoas. O máis novo ten 7 anos e o maior 64.

PALMARÉS. Este ano quedaron se-

gundos na clasificación por equipos e o xogador Sachas foi terceiro na clasificación xeral individual. Levan varias tempadas quedando entre os tres primeiros na clasificación por equipos, o que lles permite clasificarnos para a Final Nacional.

OPINIÓN.

- A parte máis importante na billarda é a da conservación e difusión deste xogo tradicional.
- O mellor é o compañeirismo que hai entre todos.
- Despois da pandemia volvimos con forza e vimos como a participación aumentou.
- Tamén hai que resaltar a participación infantil que é o futuro deste xogo.



CASTIÑEIRO MILENARIO

CREACIÓN. O xermolo do equipo brotou no Festival da Chaira nunha conversa con Ismael de Outeiro. Tanto el como Chousa (os dous de Carabullo) levaban tras eles unha tempada, pero esa tarde de 2019 caeron nas redes da LNB. Pero a semente primixenia plantouna Tonho Randeira cando lles propuxo un aberto de billarda na primeira edición do Festival 27373.

XOGADORES. Equipo igualitario formado por 12 persoas, cinco homes e cinco mulleres palanadores, aos que se suman o utilleiro (home) e a mánager (muller). As idades están entre os vinte e os pouco máis de setenta.

PALMARÉS. Son, de momento, o mellor equipo de Begonte.

OPINIÓN.

- Non é doado atraer á xente porque é complicado chegar a ela pero unha vez probas e lle das uns, enganchas.
- Sempre comentamos que ese son das madeiras cando golpeas a billarda é moi adictivo.
- Cando xogamos na LNB, aplaudese os puntos dos rivais e celebramos as entradas no varal como se fosen do noso equipo. Outra cousa importante é entrenar e pagar as cañas cando gañas e por suposto xogar. Xogar á billarda é case unha actitude na vida.



CARABULLO

CREACIÓN. Foron os primeiros da Terra Chá en participar. Hai nove anos. Unha entrevista a Xermán Viluba deu o pé para que se foran xuntando amigos pouco a pouco ata formar o club.

XOGADORES. Conta con 14 xoadores que contan dende os 7 anos ata os 55, a maior part de Ponte de Outeiro e Muimenta.

PALMARÉS. Gañaron a liga os dous últimos anos consecutivos. Varios integrantes do equipo teñen o récord de vitoras en abertos e o de anos de campión absoluto con Charly.

OPINIÓN.

- Da igual o resultado, o importante é gañar, tomar as cañas. Quedamos varios equipos para comer.
- Temos un compromiso absoluto, non hai tanta historia. Xogamos un aberto ao mes máis ou menos e se non vas non pasa nada, pero a realidade é que o estás desexando.
- Esta liga, a norleste está auto-xestionada de catro amigos e este ano xogamos un total de 160 persoas. Non estamos na federación, non está vinculada a ningunha institución que a respalde ni a governe.

BILLARDA VERDE

CREACIÓN. O equipo xurdiu do centro social de Castroverde, A Chave das Noces. Xa cando inauguraron o centro social, se fixo un aberto de billarda e decidiron crear un equipo e entrar na liga. Hai 5 anos.

XOGADORES. Agora mesmo están en cambio, porque estaba o equipo de Pol, que se desfixo. E moitos dos que están agora eran dese equipo e agora xogan con Billarda Verde. No equipo son uns 13 xogadores, entre os 30 e os 50 anos.

PALMARÉS. Non contan actualmente con ningún título. “Somos dos de

abaixo. Por non ter, nin gañamos tampouco nunca un aberto”.

OPINIÓN.

- O futuro é boísimo. A xente canto máis proba, máis lle gusta.
- Hai un ambiente moi bo e unha rivalidade de xogo, a xente intenta gañar pero, no fondo, é secundario.
- Ese tipo de falta de competitividade, que non haxa cartos polo medio da que funcione moi ben a auto-organización.
- Funcionamos moi ben sen necesidade de institucións.

OS EQUIPOS

- **Billarda Verde:** Castroverde
- **Madia Leva:** Lugo
- **Carabullo:** Ponte de Outeiro
- **Cháinzos Cadaval:** Castro Ribeiras de Lea.
- **Castiñeiro Milenario:** Begonte
- **Troitas Bravas:** A Pontenova.
- **Remourelle Bulls:** Ribadeo.
- **Billardeiros Musicais:** Ribadeo.



MADIA LEVA

CREACIÓN. A LNB non xurdiu na capital, xurdiu na Mariña e foise espallando. E, dende o centro do Madia Leva decidiron que eles tamén querían participar desa proposta e vincularse no proxecto da LNB e que na cidade de Lugo tiña que haber un equipo desde que se fixo o primeiro aberto na cidade. O equipo naceu no 2008. Estivo en funcionamento ata o 2014 e entre o 2014 e o 2018 tivemos un parón. No 2018 retomaron xa sen parar.

XOGADORES. Son arredor de 20 persoas no equipo, dende xente xubilada ata nenos e nenas. Os máis noviños teñen 7 e 8 anos.

PALMARÉS. Ata o de agora teñen algún premio individual pero como equipa, non. “Somos modestas pero entusiasmadas”, din.

OPINIÓN.

- Hai quen o considera deporte, hai quen o considera xogo.
- Para nós é un logro que este

ano tivéramos abertos de case 100 persoas.

- Unha das mellores cousas é o ambiente que se crea cos compañeiros e as compañeiras da billarda.
- Ti vas a un festival como Pardiñas, ou en Begonte, e vas a disfrutar e a billarda é un ingrediente máis.
- O maior logro é que se vaian unindo nenos e nenas, que ao fin e ao cabo, é o futuro para que non se perda o xogo.

REMOURELLE BULLS

CREACIÓN. Os Remourelle Bulls naceron na parroquia homónima de Ribadeo e concretamente na Taberna Lola alá polo ano 2006. Despois o equipo foi mudando de xogadores xa que por motivos de traballo fóronse reducindo os equipos que había daquelas.

XOGADORES. Son arredor de oito xogadores os que acuden regularmente a xogar. Un equipo pequeno en comparación con outros da liga. A máis nova ten 21 e o máis maior 75 anos. Ao principio houbo outros equipos como o Safari, o Pena Verde, etc, pero que despois de que-

darse sen xogadores integráronse no club.

PALMARÉS. Equipo que non rexistra un amplo palmarés porque “non xogamos para gañar senón porque nos gusta compartir vivencias e diversión” aínda así teñen algún título de campión como club e gañadores individuais no seu haber.

OPINIÓN.

- Compartimos vivencias con persoas que posiblemente senón xogáramos á billarda pois non compartiríamos nunca.
- A billarda saíu para nunca máis

volver da angustiada cova do esquecemento.

- O futuro vai ser longo se seguimos pensando que é un xogo de amigos e sen intereses económicos. Por iso estamos actuando en campamentos de verán ou en colexios e traendo con nós a todos os nenos e que vexan como se xoga e que se involucren.
- A partir deste deporte saíron proxectos moi bonitos como grupos de música ou a creación dun disco de música sobre temática billardeira.

COLABORACIÓNS

Lumes incontrolados

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Levamos un verán este ano caracterizado polas altas temperaturas e por unha escaseza de choivas; en xullo e agosto apenas se contabilizaron un par de xornadas de auga na maior parte do territorio galego, polo que a seca xeneralizada é unha realidade, afectando incluso á propia subministración para negocios e vivendas particulares, con restricións nalgunhas vilas e cidades.

E como non, consecuencia deste tempo son os incendios. Unha vez

máis, observamos que cando a climatoloxía actúa da maneira que o está a facer nos últimos dous meses, é dicir, moita calor, pouca humidade e algo de aire, créase a fórmula perfecta para que os nosos montes ardan de novo. A maioría deses incendios son provocados de forma intencionada polo home, sen saber a ciencia certa cales son as motivacións e que se espera a cambio de facer tanto mal. Pero cómpre valorar outra causa, como aconteceu a mediados de xullo no Courel e na Pobra do Brollón, que aquí en Galicia non era habitual, as treboadas secas, é dicir, produto da excesiva calor xéranse episodios de aparataxe eléctrica, pero que non derivan en choivas. Esa foi a razón,

ou iso nos contaron, dos lumes nas zonas mencionadas, onde arderon máis de cento dez mil hectáreas, que ven sendo case a superficie total do municipio de Begonte, véndose na obriga de evacuar a veciños das súas propias casas ante o perigo que supuña. As imaxes e as testemuñas das persoas afectadas non deixaron dúbidas ao respecto; a pesares de que non se produciron vítimas, os danos materiais foron considerables, así como o desastre medioambiental que conlevan estes voraces incendios. E non foi soamente neses dous concellos, os cales tiveron que levar a cabo un esforzo considerable para atender os seus administrados, senón tamén noutros puntos da Ribeira Sa-

cra ou en Valdeorras, sen esquecer os que se produciron na provincia de Pontevedra —na Chaira, ata a data fumos librando—.

E de novo escoitamos lamentos duns e doutros; se o monte non está coidado, o abandono do rural, a destrución continuada do bosque autóctono, o cambio climático, etc., etc. Logo aparece a típica, tónica e repetitiva liorta política que en raras ocasións aporta solución. O certo é que temos un enorme problema que probablemente vaia medrando, porque veráns coma este, secos e moi calorosos, que xa se teñen producido no pasado, habémoslos ver no futuro con máis frecuencia e por riba co perigo engadido das treboadas secas. Estamos

ante un auténtico desafío que afectará as nosas vidas e as das xeracións vindeiras. Non só Galicia ten este problema, xa que unha morea de áreas na península Ibérica foron pasto de lumes incontrolados. A todos nos sonarán nomes como Bejís ou Vall d'Ebo, no Levante, xa que foron citados constantemente nos medios de comunicación.

Do acontecido aquí na nosa provincia, un queda coas afirmacións da alcaldesa do Courel, onde insta a ser coidadosos coas plantacións de piñeiros preto de zonas habitadas e incidir nunha nova ordenación do monte.

Máis clara non podía ser. De aquí en adiante xa veremos como se actúa.

Insubmisión

O PUPITRE



Julio Díaz

Estando a punto de rematar o verán e sentado a carón de dúas familias que mantiñan o eterno debate de principio de curso, como si da canción do verán se tratase, “Deberes Si, Deberes Non” rememorei un cabreo especial que vivín aló polo mes de novembro do ano 2016 cando unha confederación de pais pedía o boicot á realización das tarefas escolares e decidín reproducir neste “meu pupitre” o artigo que un medio de comunicación me solicitara para coñecer a miña opinión sobre tan espiñoso tema. Imos aló

“Chámome Alex, teño 9 anos e fai dous días que apenas durmo porque non sei que facer; o profe púxome unhas tarefas e papá di que non teño que facelas”.

Unha vez máis, como se dun clásico se tratase, preséntase o debate dos deberes escolares pero este ano condimentado coa campaña dunha confederación de pais que pide o boicot e a insubmisión ás tarefas escolares, suscitando unha gran controversia no seo da comunidade educativa, que se fai extensible a toda a sociedade e que coincide, ademais, con outras campañas publicitarias que dalgún xeito cuestionan o labor do profesorado e atenta contra a liberdade de cátedra e o principio peda-

gógico e organizativo dos nosos centros educativos.

Manifesto o meu rechazo ante estas propostas que incitan a insubmisión e ao boicot atentando contra a liberdade do profesorado e a súa autoridade profesional e académica.

A comunicación no centro educativo entre o profesorado e as familias resulta fundamental para resolver estas controversias desde o diálogo co titor/a, co equipo directivo ou desde os órganos de participación educativa como é o Consello Escolar. As propostas de boicot e insubmisión non encaixan na boa dinámica educativa lanzando unha mensaxe demoledora sobre a relación profesor-alumno que socava a autoridade do docente, atenta contra a boa convivencia escolar e en última instancia, contra o rendemento académico do alumno.

Non podo entender que o máximo representante, a nivel nacional, dunha asociación de pais pensase e menos aínda se atrevese a promover unha campaña que di “O meu fillo non leva deberes por unha decisión familiar”. E digo eu cando vai o médico dille “O meu fillo non toma a medicación por decisión familiar” e o domingo no fútbol espétalle ao adestrador “O meu fixo xoga de dianteiro pero hoxe é porteiro por decisión familiar”. Sigo pensando e sorriño para dentro imaxinando a cara que se lle pode quedar á Garda Civil cando con rotundidade lle diga: “Non pode multar ao meu fillo por ir sin carné, xa que o fai por unha decisión familiar”.

Vamos, de coña. Outra das frases para enmarcar é “Na escola falta unha asignatura: o tempo libre”, pois pode ser, pero ese argumento desa asociación de pais para esixir menos deberes baseado en que precisan máis tempo para eles, máis tempo libre e para a vida familiar, obliñame a trasladarlle que unhas deberes ben plantexados deben ocupalos, dependendo da idade, non máis de hora e media que comparado co tempo que adican á televisión, redes sociais, videoxogos, novas tecnoloxías e as múltiples actividades extraescolares ás que os anotan non ten moito sentido culpar as tarefas escolares da falta de disfrute dos seus fillos. O que está claro é que o que os docentes botamos en falta é outra asignatura que se chama “participación real e efectiva dos pais”. Ninguén dubida de que escola e familia deben de traballar de forma conxunta, pero parece que a maioría das veces en vez de aunarse esforzos o que fan é camiñar en liñas paralelas que non conducen a ningures.

A participación real e colaborativa da familia é unha asignatura pendente nos centros educativos. Familia e escola teñen que traballar ao unísono, pero o certo é que non sempre os pais o entenden deste xeito e acaban colocándose “frente a” en lugar de “ao lado” e moitas veces os camiños de colaboración que escollen en vez de remar na mesma dirección e sentido fano en sentido contrario.

O RECUNCHO DE CANELINA



É recomendable que os pais coñezan ao profesor dos seus fillos e que traten de ter unha relación colaborativa e cordial; é preciso rematar coa tensión que a día de hoxe xérase nos nosos centros educativos no que respecta á relación dos pais cos docentes dos seus fillos. Non é entendible o clima de tensión que moitas veces se está a vivir, debe asumirse que a aula é cousa do docente e debe ser o lugar onde poida realizar o seu traballo sen presións nin coaccións. Moitas veces os docentes preguntámonos por qué estes mesmos proxenitores que se están a inmiscuir no

noso traballo non o fan no doutros profesionais, ninguén se imaxina a un papá /mamá dicíndolle ao médico como debe anestesiarse, onde aplicar o bisturí, onde saturar, que receitar... e iso é aplicable aos distintos profesionais que ao longo do tempo traballan cos seus fillos. Aínda que quizais teña unha explicación grazas á teoría, baseada en feitos científicos, que conclúe que “neste país todo o mundo entende de fútbol e de educación”. Gustaríame acabar citando un proverbio africano que di: “Para educar a un neno fai falta toda a tribu”

Correspondencia entre Manuel María e Gabriel Aresti (e IV)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Nesta última carta, que escribiu Aresti o 4 de agosto de 1969, fállalle, sobre todo, do cariño que lle ten aos galegos aquí emigrados e tamén dos problemas que lle poñían os seus compañeiros ante a súa intención de unificar o éuscaro. Díciálle así:

“Amigo Manuel María: Acabo de recibir a túa última carta e vexo o descortés que me portei contigo ao non acusar a xentileza que tiveches ao enviarme o tu excelente disco, aunque cría que xa che había contestado. Perdóame.

O teu disco é magnífico e case che vou dicir que me gusta máis que a media dos teus libros, quizá porque na selección de cinco poesías te haxas esmerado máis. Os poemas son boísimos e, caso raro, es o primeiro poeta que coñezo que recita ben os seus versos. Eu para iso son unha calamidade.

Alédame coñecer as túas actividades e que son tan numerosas como selectas.

Eu cada vez estou máis vago; fai moitísimo tempo que non falo nin recito en público, pois as leas que despois se organizan pónenme moi nervioso e tiven que cortar. A última charla que dei, precisamente nun teatro de aquí de Bilbao, rematou en tumulto e prometínme non aparecer máis en público. Solo fixen un programa para Ateneo da 2ª cadea, que afortunadamente pasou sen pena nin gloria, e elo practicamente violentado polos amigos.

A última vez que recitei en público foi fai un par de semanas nun funeral popular (misas autorizadas por Roma para Euskadi nas que só intervén o pobo). Eu non son cristián, pero como o funeral era por un dos nosos máis queridos rapaces, que se matou levando o meu coche, críme na obrigación expresar publicamente a miña dor. Tivemos con el unha terrible perda, pois era o director da campaña de alfabetización”.

Refírese a Ricardo Arregi, que morreu nun accidente de tráfico o día de San Cristovo (10 de xullo de 1969), cerca de Eibar, cando viña para Bilbao.

Volviendo á carta: “Tamén deixei de participar en xurados de literatura culta e popular, polos desgustos que

me trouxeron. Algún día contareiche as nosas peripecias de pobo en pobo. Unicamente gardo bos recordos dos xurados do Centro Galego de Baracaldo. Por certo que xa vin este ano a túa “Carta a un amigo que vive no estranxeiro”. Bo conto, pero húboboos melloros; o mellor para min un que presentou o gañador do ano pasado, un tal Muruais, que din que se vendeu ao capital, o cal e moi doado de dicir, que de min tamén hai quen o di e estou peor que nunca. Tamén houbo un moi bo dun xoven estudante que escribiu nun mal galego unha boa literatura. O curioso é que me din que o gañador so ten quince anos.

O teu conto gustoume moito, pero non o puiden sacar á votación final por una clara alusión que segundo os dous que comigo compoñían o xurado facías á miña persoa. A pesar dilo, é penoso compartir mesa con quen, por encima do valor literario ou político dunha obra (que para min é o mesmo) consideran monstruosidades como alma galega. A máis de catro vascos mandeinos a tomar por onde amargan os rábanos por cousas semellantes, pero estaba en casa allea.

Polo demais aquí seguimos. É dolo-

roso “seguir”, sobre todo nas nosas condicións vascas. Xa apenas queda ninguén ao redor, so os inútiles e os daniños, xa que aos outros, ou nolos matan nas estradas, os encerran nas cárceres ou teñen que saír por patas desas dúas xoias que chamamos Francia e España.

Un cousa que tedes que facer vosoutros, noutro orde de cousas, é chegar á unificación literaria da vosa lingua, cousa que conseguiron fai moitos anos os cataláns e que estamos a punto de conseguir nosoutros.

Nestes últimos tempos dedico toda a miña actividade a labores filolóxicas, particularmente na computación que é un mare-magnum do carajo, complicadísimo, pois para as seis flexións casteláns “he-has-ha-hemos-habéis-han”, en éuscaro existen 515. Imaxínate que clase de filólogo fará un mal poeta? Pois non hai máis remedio. Considero o quefacer máis importante da xeración vasca á que pertenzo.

Recibe un forte abrazo do teu amigo. Algún día aterrarei por Monforte de Lemos”.

Nunha entrevista que lle fixen á súa viúva, Meli Esteban afirmoume que Aresti ao lado de Manuel María sentíase moi protexido, pois os seus

paisanos non entendían a súa visión de futuro e era atacado por uns e por outros; por ser comunista non o querían os nacionalistas de dereitas e os españoлисты de esquerdas criticábano por escribir en éuscaro. Incluso Manuel Fraga lle dixo, cando lle entregou en Madrid o Premio Nacional de Literatura, que era unha pena que non escribira en español, porque o lería moita mais xente e el contes-toulle con toda a súa dignidade, que cando quixera que o lera mais xente escribiría en chino.

Como dixo Manuel María: “Aresti aínda sigue sendo minoritario porque si algo non se perdoa nesta pel de touro é precisamente a honradez. Aquí perdóase todo, perdóase un cambio de chaqueta, que un se venda, pero a honradez é algo que dificilmente se perdoa porque a honradez é unha conducta limpa, clara e sen fisuras; é unha acusación para aqueles prevaricadores, para aqueles homes que están xogando coa boa fe da xente e sobre todo para aqueles homes que son totalmente venais. Por iso teñen que pasar anos para que esa honradez acrisolada se perdoe e Aresti e unha desas vítimas”.

Felisa Ortega e Artxanda

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Lembro que lle contei esta anécdota ao meu amigo Fermín Galindo, catedrático de xornalismo e veciño do alto de Castañón, mentres atravesabamos Lezama nunha áxil camiñada de suave ascenso que nos levou coma o vento cara ás vías do funicular de Artxanda. “Por certo, neste barrio naceu a nai de Manu Chao”, comecei. Aquela conversa tivo lugar nunha calorosa tarde de setembro de 2018, ano do pasamento de Ramón. E seguía así: “Aínda que naceu en París, como sabes, Manu é fillo do escritor Ramón Luís Chao e de Felisa Ortega, investigadora científica especializada en electroquímica. O seu pai era galego, de Vilalba, e a súa nai é natural de Bilbao. Ambos establecéronse na capital francesa buscando un futuro mellor e fuxindo da mediocridade española durante a ditadura de Franco”.

Prezado Fermín, coñeces dabondo o forte vencello que me unía a Ramón Chao, pois foi compañeiro de xogos infantís do meu pai e gran amigo seu.

E tamén o meu referente intelectual, do cal aprendín case todo no ámbito cultural e no “saber estar” desta profesión, hoxe tan pouco agradecida. A súa obra literaria acompañame dende 1982, cando publicou a súa primeira novela, O Lago de Como, que supuxo un auténtico revulsivo na súa localidade natal. Os malentendidos que provocou o relato autobiográfico levárono a unha situación de conflito bastante grave, e durante anos foi de incógnito a Vilalba. Mais a realidade é que quería tanto á nosa vila que sempre estivo presente na súa obra, identificada como Reigada. Lin todos os seus libros, máis de vinte, e grazas ao Chavito tiven a gran sorte de cultivar a súa amizade dende moi novo. Apoioume cando marchei estudar xornalismo a Madrid a finais da década de 1980, coincidimos moitas veces durante os anos posteriores e logo confiou en min para que lle axudase a pechar o ciclo vital da súa reconciliación con Vilalba. En abril de 2011 fun buscalo a París e retornamos xuntos á capital da Terra Chá, onde foi recibido nun acto multitudinario. Foi un verdadeiro mentor para min, boto moito de menos os seus razoamentos e as nosas longas conversas. Díciame sempre: “Nunca



fun de consellos, senón de madurar ben as ideas para sacar conclusións”. En 1959 Ramón entrou a formar parte do equipo da ORTF (Office de Radiodiffusion Française), que dispoñía dun servizo radiofónico en diferido. As gravacións eran distribuídas polas embaixadas francesas ás emisoras dos respectivos países de influencia, como un exercicio de propaganda e publicidade. Así, comezaron a divulgarse programas radiofónicos como “París á fala” e “Cita en París”, de contido esencialmente cultural e co obxectivo de contribuír ao cambio social e político na España gris de Franco e os seus secuaces. Na casa familiar de Ramón e Felisa en Sévres, Manu e o seu irmán Antoi-

ne recibiron unha educación cultural e musical exquisita. Cando Manu contaba dez anos e o seu irmán sete, Ramón mercou un magnífico Pleyel de cola, un piano de madeira e marfil que estreou con obras de Schumann, Schubert e Manuel de Falla, entre outras partituras. A familia Chao mantivo tradicionalmente unha gran afección musical e Ramón comezou a dar clases aos seus fillos, como dispuxera anos atrás o seu pai con el. Con todo, ao cabo de dous anos, a nai dos nenos, Felisa, cansa das queixas destes, advertiulle que estaban fartos das clases de piano e de que estaba a piques de caer na mesma trampa. Foi cando Ramón lles propuxo que elixisen un instrumento á súa medida. Manu optou pola guitarra e Antoine pola batería, recibindo formación no Conservatorio de Chaville, até que decidiron que estaban suficientemente preparados para pasar á práctica, abandonando as aulas e creando o seu primeiro grupo musical, Joint de Culasse, antecedente de Hot Pants e Los Carayos. Despois chegaría Mano Negra; pero esa xa é outra historia. Na Europa de posguerra houbo pouca xente cos accesos directos que tivo Ramón Chao á “intelligent-

sia” da América Latina e do exilio español. Pablo Neruda, Juan Carlos Onetti, Miguel Ángel Asturias, Nicolás Guillén, Alejo Carpentier, García Márquez, Julio Cortázar -e moitos outros autores- foron para Chao a lección aprendida de cada día. Un dos seus grandes amigos foi Eduardo Galeano, que no seu conto “A trama do tempo” describe maxistralmente o reencontro de Felisa Ortega co seu barrio natal de Artxanda, un día a finais do pasado século, tras o multitudinario concerto do seu fillo na Praza do Gas. “É moi importante para min tocar baixo a casa onde naceu a miña nai e no mesmo sitio onde actuei con Mano Negra hai uns anos”, recoñeceu Manu na devandita ocasión. O mesmo sentimento acompañouno hai uns días na súa primeira actuación en Vilalba, unha das grandes ilusións do seu pai. Foi un espectáculo acústico cheo de emoción, que tardaremos moito tempo en esquecer.

Fermín e máis eu rematamos aquela tarde de outono en Ona Bar, tomando unhas cañas con Arturo Trueba e Tomás Ondarra, e inmersos na morea de sensacións que nos provocou o conto de Galeano, do que reco-mendo hoxe lectura.

DE RUTA EN RUTA

Meira: Ruta Miño-Eo

Arranca do Pedregal de Irimia e descende dende a Serra de Meira ata a beira do río, nun percorrido cunhas vistas excepcionais

A ruta Miño-Eo ten o seu quilómetro cero no Pedregal de Irimia, nacemento do río Miño. A altitude desta ruta varía entre os 875 metros no alto da Serra de Meira, aos 175 metros na Treita, xunto ao río Eo.

As vistas ao longo do percorrido son excepcionais, podendo observar a diferenza entre as dúas ladeiras da serra e contemplar a flora e a fauna da contorna, atopando animais salvaxes como cabalos, vacas do monte, raposos, corzos, lebres, xabarís e aves de todo tipo como perdices, corvos e pegas entre moitos outros. Un dos puntos a destacar nesta ruta é A Mexadoira; ferverza de aproximadamente 15 metros de altura que se atopa no chamado Rego de Murias.

A baixada a este lugar é complicada e require un coidado e atención especial, pero chegar a el paga a pena. Situada xusto ao lado do río Eo (un río de troitas con abundancia de salmóns) atópase a antiga central eléctrica da Treita. Na última

subida cara ao final desta ruta no Estreito, podemos observar unha gran variedade de flora: carballos, castiñeiros, bidueiros, nogueiras, cerdeiras, piñeiros, acevos que nos permitirá gozar dos diferentes tons da cor de verde que prevalecen na xeografía galega.

Ruta ben marcada mediante sinais, frechas e paneis. Posibilidade de reducir en dúas rutas circulares máis curtas. Dispón dun atallo sinalizado para acortala despois da ferverza. Altitude máxima: 889 msnm. Altitude mínima: 175 msnm. Tipo de ruta: lineal, coa posibilidade de facelo circular engadindo 4 km. Accesible a pé, bicicleta de montaña e cabalo.

A ter en conta é que desde Meira, pola CP-3003 xunto á igrexa de Meira, e ata o Pedregal de Irimia a uns 2.5 quilómetros aproximadamente hai aparcadoiro para vehículos.



DATOS



5 horas



17,2 km.



Dificultade media-alta



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05



Cursos y Certificados